| Hungría | 1 |
| Italia | 8 |
| Polonia | 17 |
| Portugal | 2 |
| República Checa | 1 |

Fonte: Vicedecanato de Relacións Internacionais

En relación a outros programas de mobilidade distintos de Eramus+ nos que participaron estudantes do Grao en ADE, a información resúmese na seguinte táboa:

| Titulación | Programa mobilidade | País destino | Nº estudantes |
|---|---|---|---|
| ADE | COU | Canadá | 1 |
| ADE | ISEP | EE.UU. | 2 |
| ADE | Santander Grado | Brasil | 1 |
| ADE | Santander Grado | Chile | 1 |

Fonte: Vicedecanato de Relacións Internacionais

Respecto da mobilidade nacional, a través do programa SICUE, a información sobre universidades de destino, titulación e número de estudantes que se acolleron a este programa, resúmese na seguinte táboa:

| Titulación | Universidade de destino | Nº estudantes |
|---|---|---|
| ADE | Universidade Complutense de Madrid | 1 |
| ADE | Universidade de Alacante | 2 |
| ADE | Universidade Pablo de Olavide | 1 |
| ADE | Universidade da Laguna | 1 |
| ADE | Universidade de Granada | 2 |
| ADE | Universidade de Salamanca | 1 |

Fonte: Vicedecanato de Relacións Internacionais

O número de estudantes estranxeiros que optan pola Titulación do Grao en ADE da Universidade de Vigo para completar os seus estudos é cada vez maior.

Non contamos con datos desagregados para as titulacións de ADE e Economía en canto aos países de procedencia do alumnado estranxeiro que fai estancias na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Para o total do centro, os países de procedencia do alumnado foron os seguintes:

| Estudantes Alleos ("Incoming") FCCEE | |
|---|---|
| **País de procedencia** | **Número de estudantes** |
| Brasil | 5 |
| Colombia | 1 |
| República Checa | 1 |
| Ecuador | 2 |
| Estonia | 1 |
| Finlandia | 1 |
| Francia | 12 |
| Alemania | 28 |
| Italia | 23 |
| Korea | 1 |
| Letonia | 2 |
| México | 18 |
| Polonia | 5 |
| Portugal | 7 |
| Eslovaquia | 3 |
| Turquía | 2 |
| Uruguay | 2 |
| Total | 114 |

Fonte: ORI

O importante movemento de alumnos/as entre os distintos países favorece a multiculturalidade no centro e o enriquecemento do alumnado e do profesorado, na medida en que se poden compartir experiencias moi diversas.
Sen dúbida, a experiencia de cursar parte dos estudos noutras universidades é moi positiva para o centro.

## 1.4. Prácticas extracurriculares

Na titulación de Administración e Dirección de empresas non se contemplan prácticas curriculares. Sen embargo, si se realizan prácticas de carácter extracurricular. A valoración destas prácticas por parte dos/as estudantes do grao en ADE é boa, e evidencia unha elevada satisfacción, tanto por parte dos/as estudantes como por parte dos/as titores/as das empresas nas que fan as prácticas.

Segundo consta nos rexistros da coordinadora de Prácticas da Facultade, entre os meses de setembro e xuño do curso 2019-2020 rexistráronse 51 contratos de prácticas extracurriculares no grao en ADE, repartidas por xénero case ao 50% (beneficiáronse un total de 26 alumnas e 25 alumnos). O 55% destas prácticas foron remuneradas, total ou parcialmente. Os contratos presentaban unha xornada laboral a tempo parcial no 79% dos casos, conciliando así a vida laboral e formativa dos estudantes. Os contratos a tempo completo asináronse, ou ben en tempadas non lectivas, ou ben para estudantes aos que lle faltaban moi poucos créditos para graduarse. Tras finalizar o período de prácticas, o 19% das alumnas e alumnos tivo a posibilidade de manter a súa vinculación mediante outro tipo de contratos laborais.

Na seguinte táboa ofrécese información detallada das prácticas extracurriculares, de maneira xenérica e desagregada por xénero.

| | Nº | Horas (media) | Remuneradas | | Remuneración media | Prórroga | | Posibilidade contrato | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Nº | % | | Nº | % | Nº | % |
| **Alumnas** | 27 | 343 | 17 | 63% | 466,75 € | 3 | 11% | 7 | 26% |
| **Alumnos** | 26 | 286 | 12 | 46% | 487,21 € | 1 | 4% | 3 | 12% |
| **Total** | 53 | 315 | 29 | 55% | 476,98 € | 4 | 8% | 10 | 19% |

*Fonte: Cordinación prácticas FCCEE*

A duración media das prácticas foi de 315 horas, sendo lixeiramente superior o tempo media realizado polas alumnas (343 h) que polos alumnos (286 h). Das alumnas que realizaron prácticas 0 63% foron remuneradas, fronte ao 46% dos homes, sendo a remuneración media semellante para os homes que para as mulleres. En canto á posibilidade de continuidade nas empresas, o 11% das alumnas firmou prórrogas dos contratos de prácticas e o 26% tivo a opción de ser

contratada posteriormente nas mesmas. Estas porcentaxes foron do 4% e o 12%, respectivamente, no caso dos alumnos.

Así mesmo, cabe mencionar que o funcionamento das prácticas extracurriculares, viuse moi condicionado pola excepcional situación á que nos enfrontamos, derivada da pandemia do Covid-19. Obsérvase esta circunstancia en aspectos como a firma dun menor número de contratos e prórrogas con respecto ao curso pasado.

Concretamente, tras decretarse o estado de alarma, dos contratos que había vixentes, catro deles puido transformarse en modalidade telemática e once suspendéronse.

Desde o punto de vista académico, no curso 2019-2020 realizouse o recoñecemento de créditos por prácticas extracurriculares a un total de 46 alumnas e alumnos. Este recoñecemento correspóndese tanto con prácticas realizadas no curso analizado como no anterior. No 68% dos casos recoñecéronse os primeiros 6 ECTS, no 28 recoñecéronse 12 ECTs e no 4% restante recoñecéronse, tras un recoñecemento previo, os 6 ECTS que alcanzaban o máximo de 12 créditos recoñecibles. Este último tipo de recoñecemento conlevaba a elaboración e valoración da correspondente memoria ampliada.

## 1.5. QSP

Durante o curso 2019-2020 recibíronse numerosas queixas a través do formulario QSP, nas que se manifestaba o temor do alumnado respecto de como se realizaría a avaliación virtual nalgunhas materias, derivada da pandemia e da conseguinte suspensión de clases e exames presenciais. As queixas foron tramitadas segundo o procedemento establecido en tempo e forma e, á vista dos resultados da avaliación, pódese concluír que a xestión dos problemas realizouse de forma exitosa, xa que os resultados acadados foron semellantes ou mellores que os do curso anterior.

| Puntos débiles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
| --- | --- |
| • Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción | • Tratar de que se cubran as enquisas durante algunha das actividades docentes que se organizan presencialmente na facultade, ademais de seguir informando ao alumnado da importancia da súa participación nas mesmas. |

***Evidencias nas que basea a valoración:***

*E1: Memoria vixente do título*
*E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora*

*E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)*

*E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)*

*E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade*

*E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).*

*QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza*

***Indicadores nos que se basea a valoración:***

*I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición*

*I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia*

*I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)*

*I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros*

*I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.*

*I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación*
*I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación*

## Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**

A información relevante sobre a titulación en Administración e Dirección de Empresas é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes: estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na páxina web da Facultade e na páxina web da Universidade de Vigo publícase moita e moi relevante información sobre a titulación de Administración e Dirección de empresas. Pódese consultar a Memoria da titulación, os Informes de calidade, as Guías docentes, os resultados acadados na titulación no seu conxunto e nas distintas materias, etc.

A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente có contido da memoria verificada do título. No curso 2014-2015 realizouse unha exhaustiva revisión das guías docentes co obxecto de axustar as competencias asignadas ás distintas materias e salvar as desviacións que se observaron respecto da memoria da titulación. Estes cambios xa foron incluídos nas guías docentes a partir do curso 2015-2016.

Na páxina web da Facultade está a disposición dos distintos grupos de interese toda a información que estes poden precisar: http://fccee.uvigo.es/ A web é moderna e actualizada, e ten unha presentación que resulta atractiva, especialmente para a xente xoven -alumnado real e potencial-. Nela é sinxelo atopar a información que se precisa polo estrutura que adopta.

A información organízase a través de varias pestanas:

- Na pestana "**Facultade**" http://fccee.uvigo.es/es/facultad/ pódese atopar información sobre a organización da Facultade (equipo decanal, órganos colexiados, acordos...); sobre o PDI (listado de profesores/as, categoría, dirección de correo electrónico, teléfono, despacho...); sobre os distintos Departamentos (con enlace ás webs propias de cada un deles) e sobre o PAS (Áreas de traballo, posto, teléfono, correo electrónico...) Tamén está a disposición dos distintos grupos de interese un compendio de normativa propia da Facultade e da normativa xeral da Universidade. Nestes momentos, dada a situación derivada da crise da COVID-19, tamén se amosa información sobre a persoa coordinadora COVID do centro, sobre a aula COVID e sobre os distintos protocolos de actuación.

  Por último, esta pestana contén información sobre a localización da FCCEE e das principais liñas de autobuses para chegar á mesma.

- Na pestana "**Docencia**" pódese atopar información xeral sobre as titulacións que se imparten na Facultade: Grao en Economía, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Doble Grao ADE-Dereito e os distintos Mestrados; o calendario académico, o Plan de Acción

Titorial e as materias que se imparten en inglés, dentro do Programa de Internacionalización da Facultade. http://fccee.uvigo.es/es/docencia/

No que atinxe especificamente aos Graos, cabe mencionar que se dispón de información sobre as memorias dos títulos, os obxectivos, as capacidades requiridas e saídas profesionais, o plano de estudos, os horarios de docencia de dos exames, nas súas distintas convocatorias oficiais http://fccee.uvigo.es/es/docencia/grado-economia/

- Tamén se pode acceder a moita información sobre os programas de **mobilidade** http://fccee.uvigo.es/es/movilidad/tevas https://www.uvigo.gal/es/estudiar/movilidad/estudiantes-internacionales

  ou ás **prácticas** en empresa, as ofertas de emprego e o Foro de emprego que se organiza na Facultade desde o curso 2018-2019. http://fccee.uvigo.es/es/empleo/

- Na pestana dedicada ó sistema de **Calidade** están a disposición dos distintos grupos de interese os informes de calidade, os planos de mellora así como o manual e os distintos procedementos de Calidade existentes http://fccee.uvigo.es/

- Para facilitar ao alumnado a múltiple información que lle pode ser precisa durante a súa etapa universitaria, na pestana "**Interésache**" se organiza a información sobre a Matrícula, os procedementos e xestións administrativos, as Bolsas, o servizo de Biblioteca, as actividades deportivas, o Centro de Linguas, o Gabinete psicopedagóxico, os programas de extensión cultural, etc. http://fccee.uvigo.es/es/te-interesa/

- As últimas novas e as experiencias dos distintos alumnos que cursaron estudos na FCCEE poden ser consultadas no **blog** e na páxina de inicio http://fccee.uvigo.es/es/blog/
  Na páxina de inicio preséntase un vídeo promocional da Facultade e tamén enlaces directos a Faitic, Moovi, Bubela, Secretaría virtual, Formulario QSP e as redes sociais da Facultade.

- Os resultados acadados polo alumnado na titulación en xeral ou nas distintas materias en particular, pódense consultar tanto nas memorias de calidade, ás que xa se fixo referencia, como na páxina web da Universidade de Vigo, no seu portal de transparencia https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia

Ademais de toda a información publicada na páxina web, a Facultade dispón dunha conta en Instagram onde publica regularmente información sobre as actividades desenvolvidas na mesma. Esta rede é seguida por un elevado número de estudantes, polo que é unha vía útil para a transmisión de información relevante que pode ser de interese para o estudantado ou para calquera membro do noso centro.

Dentro do compromiso de información ao estudantado, cumpre sinalar que a principio de curso se organiza unha reunión informativa para todo o alumnado, tanto o de novo ingreso como o que xa cursou estudos na Facultade en anos anteriores. Nesa reunión infórmase de tódolos

aspectos organizativos da Facultade, da estrutura da páxina web, do Plan de Acción Titorial e, no caso da Titulación en Economía, do programa de Mentorización.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)*

*R1-DO0301P1: Plan operativo de información pública*
*QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***
*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.*

# Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**

É obxectivo do Centro analizar o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.**

**Aspectos a valorar:**

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilizalos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Sistema de Garantía de Calidade, en vigor, é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema unha ferramenta real de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 e continuada ao longo dos seguintes cursos académicos supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estrutural, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no Informe de Revisión pola Dirección que anualmente elabora o centro e as titulacións, "as modificacións levadas a cabo son valoradas, a nivel xeral, como positivas".

Toda a documentación asociada ao SGC publícase na Web do centro: http://fccee.uvigo.es/es e a xestión de evidencias e rexistros se leva a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/ (Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro: graos e mestrados, teñen representación na Comisión de Calidade do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos

establecidos.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

**Aspectos a valorar:**

- As accións de análises e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O SGC permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza o grao de consecución dos obxectivos de calidade establecidos. A participación dos distintos grupos de interese nas reunións da Comisión de Calidade favorece os debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros do SGIC. Esta comisión xoga un papel destacado no proceso de análise da titulación.

A titulación de Grao en ADE foi obxecto de acreditación no ano 2017; dende entón preténdense corrixir os aspectos máis débiles da titulación, buscando sempre a mellora continua.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

**Aspectos a valorar:**

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.)
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no Centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC, foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade da Universidade de Vigo, a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos “marco”.

Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias/rexistros asociadas ao SGIC, que son validadas, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola Dirección, tal e como se comentou anteriormente.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade*

*E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)*

*E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)*

*E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

*EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade*

*I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro*

## Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Os recursos humanos –PAS e PDI- son fundamentais nos procesos soporte do título. Obsérvase unha dispoñibilidade adecuada e unha alta cualificación e adecuación ó programa formativo. O nivel de experiencia e actualización queda patente nos datos de quinquenios e sexenios do PDI ou na participación activa do PAS nos cursos de formación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O profesorado que participa na titulación ten o nivel de cualificación esixido para a súa implantación, tanto en termos de experiencia docente como investigadora.

A porcentaxe de profesores doutores é do 74%. Todos eles son profesores funcionarios ou contratados doutores ou interinos, polo que pode considerarse o conxunto do profesorado como moi estable.

O obxectivo de "Resultados de investigación de carácter académico (sexenios)" é este curso algo inferior ao anterior (64 sexenios), debido á xubilación dalgúns profesores. A gran experiencia docente do profesorado manifestase no elevado número de quinquenios de docencia que posúen: 343 no Grao en ADE e 243 no PCEO ADE-Dereito.

A institución ofrece diversas oportunidades ó profesorado para seguir formándose, especialmente en competencias transversais e de mellora das habilidades docentes. No portal de transparencia da Universidade de Vigo pódense consultar os distintos cursos formativos que se ofertan para o persoal docente e investigador e para o persoal de administración e servizos

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35

O segundo cuadrimestre do curso 2019-2020 estivo marcado pola crise da covid-19 e o confinamento decretado a partir do 14 de marzo. O profesorado tivo que adaptarse á situación un tempo récord e foi quen de sacar o curso adiante. Isto requiriu dun gran esforzo e de moita vontade, xa que se viu obrigado a aprender a manexar novas ferramentas que permitisen pasar en apenas dúas semanas dun sistema de docencia totalmente presencial a outro de docencia virtual. O creación do Campus Remoto por parte da Universidade de Vigo foi esencial neste proceso de transformación nas metodoloxías docentes. Antes de finais de marzo de 2020 un número significativo de profesores/as da titulación xa estaban a impartir docencia virtual a través das novas plataformas. Despois da Semana Santa, case a totalidade do PDI da titulación incorporárase plenamente á docencia virtual. Moitos profesores/as emprenderon procesos de autoformación, para crear novo material que resultase útil ao alumnado nun sistema de docencia online. Un exemplo é a creación de vídeos explicativos ou titoriais para a docencia. Ademais da autoformación, tamén resultaron de gran utilidade nas novas condicións docentes, os cursos

organizados dende a Área de formación permanente do profesorado. O número de profesores que cursaron programas de formación foi case tres veces superior ao dos cursos anteriores.

Para avaliar a actividade docente do profesorado, a Universidade de Vigo realiza as Enquisas de Avaliación Docente (EAD). A avaliación media, nos distintos cursos, para o ano académico 2019-2020, foi a seguinte:

| Grao en ADE | |
|---|---|
| **Media da titulación:** | **3,83** |
| 1º | 3,78 |
| 2º | 3,64 |
| 3º | 3,86 |
| 4º | 4,01 |

Fonte: Universidade de Vigo – Secretaría virtual

| PCEO ADE - DEREITO | |
|---|---|
| **Media da titulación:** | **3,73** |
| 1º | 3,71 |
| 2º | 4,05 |
| 3º | 3,28 |
| 4º | 3,71 |
| 5º | 3,70 |

Fonte: Universidade de Vigo – Secretaría virtual

Non existen diferencias significativas nas valoracións do alumnado que cursa soamente a titulación de ADE e o que cursa a simultaneidade ADE-Dereito.

Os resultados acadados son algo mellores aos do curso anterior, o que reflicte o esforzo realizado polo profesorado e que o foi percibido polo conxunto do alumnado. O que máis valoran os estudantes son as clases teóricas, a accesibilidade e contidos das guías docentes e o seu desenvolvemento por parte dos/as docentes, así como a coordinación entre o profesorado. Con todo, estes datos deben interpretarse con cautela dada a baixa taxa de participación nas enquisas (en torno ao 25% do estudantado do Grao en ADE e o 31% do alumnado do PCEO ADE-Dereito). Se ben esta taxa

adoita ser baixa, cabe dicir que a realización de enquisas virtuais no segundo cuadrimestre e a situación vivida polo estudantado non favoreceron a participación nas mesmas.

O persoal de apoio permite desenvolver as funcións administrativas e de servizos do centro e , deste modo, atender a todo o persoal docente e ao estudantado. O súa eficiencia e, en xeral, moi alta, xa que contan co nivel de cualificación esixido.

Do mesmo modo que o profesorado, o persoal de apoio benefíciase das oportunidades de actualización instrumentadas pola Universidade de Vigo en canto a cursos de formación. A participación nestes cursos adoita ser elevada; sen embargo, no curso 2019-2020 participou o 36,54% do PAS, a metade do que ven sendo o habitual.

Como se reflicte nas enquisas de satisfacción, o estudantado amósase satisfeito cos recursos humanos da Facultade, outorgándolle unha puntuación de 3,74 puntos no Grao en ADE e 3,44 puntos no PCEO ADE-Dereito. As persoas tituladas puntúan este apartado con 3,23 puntos (ADE) e 3,38 puntos (PCEO).

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve*

*E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)*

*R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PDI*

*I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas*

*I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.*

*I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución*

*I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos*

*I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)*

*I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,…)*

*I02-PE: Cualificación do PDI*

*I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)*

*I03(2)-PE: Profesorado por categoría*

# Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.**

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado é positiva. Considéranse que son axeitados ás necesidades do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados... As aulas para desenvolver a docencia son numerosas e todas están equipadas con encerados, con ordenador, pantalla e canón e con wifi de acceso libre. Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos, servizo de reprografía, cafetería e comedor, unha ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos.

Durante o curso 2019-2020 fixéronse unha serie de obras na Facultade co fin de mellorar os seus recursos materiais. Entre elas, compre destacar as seguintes:

Traballos de pintura, impermeabilización, manpostería, albanelaría en determinadas zonas do edificio, así como a construción de desaugues e a mellora das vías de acceso. Máis en concreto:

- CAFETERÍA:
  - Instalación de calefacción.
- SALÓN DE GRAOS:
  - Substitución da porta de acceso do Salón de Graos.
  - Colocación de vinilo informativo.
- SALÓN DE ACTOS:
  - Completouse o cableado no Salón de Actos.
  - Adquiríronse novos monitores para a visión desde a mesa de presidencia e novas caixas de madeira para colocalos.
- PLANTA INFERIOR DA ZONA NOVA:
  - Realizáronse obras na planta baixa da zona nova de despachos para corrixir o deterioro do chan dos corredores.

- ACCESOS Á FACULTADE:
  - Realizáronse melloras na entrada principal da Facultade, nas escaleiras que permiten o acceso á zona do lago, na entrada á Facultade desde o aparcamento conxunto coa Facultade de Ciencias Xurídicas e no acceso de vehículos ao Salón de Actos. Tamén se fixeron melloras na iluminación exterior da Facultade.
  - Para ocultar o depósito provisional de calefacción vinilóuse coa mascota da Universidade unha estrutura que escondía devandito depósito.
- ZONA DECANATO:
  - Substituíronse estores e electrificouse a mesa da sala de xuntas. Tamén se colocou un vinilo na sala de xuntas.

Para desenvolver as actividades docentes, a Facultade conta tamén cun servizo de teledocencia, moi implantado entre o profesorado da titulación e ben valorado polo estudantado. https://faitic.uvigo.es/index.php/es/ Gracias aos servizos informáticos da Universidade, dende o mes de abril de 2020 a Facultade conta cun xemelgo dixital. En efecto, a declaración do estado de alarma e o cese de docencia presencial propiciou a creación de aulas e despachos virtuais que posibilitan a realización plena das distintas actividades docentes, como son as clases e as titorías. Tanto o profesorado como o alumnado puidéronse beneficiar destes medios tecnolóxicos, que dende a Facultade se consideran moi importantes para o desenvolvemento futuro da ensinanza universitaria e a realización de actividades complementarias, como conferencias, seminarios ou encontros virtuais.

Os recursos bibliográficos e documentais cos que conta a Facultade son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca http://www.biblioteca.uvigo.es

Aplícanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente. O seu coñecemento é accesible a través da páxina web do Servizo de prevención de riscos laborais da UVigo https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/prevencion-riesgos

En xeral, consideramos que o nivel de recursos materiais e infraestruturas dispoñibles asegura o correcto funcionamento dos distintos títulos que se imparten na Facultade así como da actividade investigadora. Nese senso, como se reflicte nas enquisas de satisfacción, o estudantado amósase satisfeito cos recursos materiais cos que conta a Facultade, outorgándolle unha puntuación de 3,40 puntos no caso do Grao en ADE e de 3,24 puntos no caso do estudantado do PCEO ADE-Dereito. As persoas tituladas outórganlle a este apartado unha puntuación de 3,87 puntos (ADE) e 3,78 puntos (PCEO).

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título*

*E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT*

*E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.*

*E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título*
*E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia*
*E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***
*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos*
*I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas*
*I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.*

*I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,…)*

# Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados da aprendizaxe obtidos polos alumnos da titulación en Economía son os previstos na Memoria da Titulación.

O profesorado responsable das distintas materias de cada un dos cursos da Titulación mantén reunións co coordinador/a do seu curso. Nesas reunións valórase como transcorreu o cuadrimestre e preséntanse os aspectos positivos e negativos, si os houbese, de cara a unha mellor planificación e desenvolvemento da docencia, co fin de facilitar a adquisición das competencias definidas nas guías docentes. Esta información trasládase á persoa coordinadora da Titulación e ao equipo decanal do centro para, de ser o caso, informar á Comisión de Calidade ou á Comisión de Docencia quen deberá analizar os potenciais problemas que puideran xurdir e propor solucións.

As taxas de avaliación, rendemento e éxito no curso 2019-2020 son elevadas para case a totalidade das materias.

## 6.1. Análise das materias nos distintos cursos da Titulación

Unha análise conxunta da Titulación permite concluír que a taxa de éxito global e a de rendemento son moi satisfactorias. O valor medio da taxa de éxito das materias do Grao en ADE é do 84% e as do PCEO ADE-Dereito do 95%. Pola súa parte, o valor medio da taxa de rendemento é do 71% no Grao en ADE e do 92% no PCEO ADE-Dereito.

Como xa se comentou no Informe, o curso 2019-2020 foi un curso atípico, marcado pola crise da COVID-19 e o paso da docencia e avaliación presencial a unha modalidade virtual. Isto supuxo un cambio nas metodoloxías docentes e nos métodos de avaliación. Posiblemente todos eses cambios contribuíron a que nese curso se cumprisen as metas fixadas para as taxas de rendemento e éxito en case a totalidade das materias.

Soamente en dúas materias non se acadaron as metas en ningunha das dúas taxas: Historia Económica, de 1º curso, e Contabilidade de custos, de 3º curso. Historia económica impártese no primeiro cuadrimestre, período no que soamente afectou a pandemia no que atinxe a avaliación da convocatoria extraordinaria. Contabilidade de custos impártese no segundo cuadrimestre.

En todas as demais materias conseguíronse os obxectivos establecidos.

A materia “Historia económica”, de 1º curso acadou no curso 2019-2020 una taxa de éxito vinte puntos inferior á meta establecida e unha taxa de rendemento 16 puntos inferior á meta.

A materia Contabilidade de custos, de terceiro curso, acadou no curso 2019-2020 una taxa de éxito vinte cinco puntos inferior á meta establecida e unha taxa de rendemento vinte dous puntos inferior á meta.

En calquera caso, a experiencia en dúas materias non debe facer esquecer os resultados globais da titulación.

No caso do PCEO ADE-Dereito, non se imparte a materia “Historia económica” e, na materia “Contabilidade de custos”, se ben se acada a meta para a taxa de rendemento (sitúase tres puntos por riba da meta), non se acada a taxa de éxito, que presenta un valor case dez puntos inferior ao obxectivo fixado. O resto das materias acadan sobradamente as metas establecidas.

A Comisión de Docencia, por encargo da Comisión de Calidade, ocuparase da análise dos problemas detectados no rendemento e éxito das distintas materias. Nestes momentos foille encargado aos Departamentos aos que están asignadas as materias que non acadaron as metas de calidade no curso 2019-2020 ou nos tres cursos anteriores, que analicen as causas que explican esa situación e propoñan alternativas para mellorar o rendemento do alumnado.

No curso 2019-2020 seguiuse a promover a busca de maiores competencias do alumnado en canto ao nivel de idiomas a través do Plan de internacionalización. Aínda que no grao en ADE son poucos os estudantes que optaron polo estudo das materias nesa lingua, os resultados foron satisfactorios.

A materia Traballo de Fin de Grao evidencia unha gran complexidade na súa organización e no seu desenvolvemento (traballos individuais baixo a tutela dun profesor/a). Cada membro do profesorado con docencia maioritaria no Grao en ADE ten que dirixir un mínimo de seis TFG.

A taxa de éxito no TFG é do 100%, o que supón que todo o alumnado que defendeu o seu traballo obtivo a cualificación de apto. En concreto, 26 estudantes acadaron a cualificación de Aprobado, 55 de Notable, 51 de sobresaínte e 10 Matrícula de honra. No PCEO ADE-Dereito, 2 estudantes acadaron a cualificación de Aprobado, 8 de Notable, 15 de sobresaínte e 2 Matrícula de honra

As taxa de rendemento do TFG é lixeiramente inferior á meta da Titulación, no caso do Grao en ADE, pero aumentou seis puntos respecto do curso anterior. No PCEO acádase a meta establecida.

Analizando conxuntamente a taxa de éxito coas taxas de rendemento e avaliación o que se conclúe é que os traballos que se defenden son bos, e os estudantes acadan as competencias definidas na guía docente. Pero a existencia dunha normativa moi exixente, segundo a cal soamente poden defender o seu traballo aqueles estudantes que houbesen superado tódolos créditos da titulación, permite explicar a diferencias entre estas taxas. Moitos estudantes optan

por matricularse no TFG aínda que, ademais das materias de cuarto curso, teñan pendentes de superar materias de cursos anteriores. Ao non superar todas as materias nas dúas convocatorias do curso, teñen que defender o TFG na convocatoria extraordinaria no curso seguinte.

## 6.2. Resultados das enquisas de satisfacción

Se se analiza conxuntamente a Titulación pode concluírse que, salvo en materias moi específicas, os resultados da aprendizaxe son acadados con certo grao de éxito. Sen embargo, o estudantado non ten esa mesma percepción.

Os resultados da enquisa realizada ó alumnado sobre os resultados da aprendizaxe amosa unha percepción algo pesimista da situación, xa que a valoración é de 2,74 puntos sobre un total de 5. No PCEO ADE-Dereito é algo superior (3,05 puntos). Posiblemente, o alumnado con materias pendentes e aqueles que contestan a enquisa en varios cursos (por ser alumnos de 3º en cursos previos) non están motivados para contestar a enquisa e cando o fan, reflicten nos datos a súa situación persoal, na que as dificultades para superar algunhas materias posiblemente xogan un maior peso que os éxitos acadados noutras.

O sector do profesorado, quizás porque ten unha visión máis ampla da titulación, adoita ser quen mellor valora os resultados da aprendizaxe na enquisa de satisfacción, aínda que no curso 2019-2020 non se fixo a enquisa para o profesorado.

As competencias, resultados da aprendizaxe, metodoloxía docente e os métodos de avaliación están reflectidos nas Guías Docentes, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web da Facultade , ben a través da páxina web da Universidade de Vigo. https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=303&ensenyament=V03G100V01&any_academic=2019_20&idioma=cast

Estas guías están consensuadas entre os profesores encargados de impartir cada materia e son revisadas cada curso académico. Nelas atópase información detallada sobre cada materia: métodos docentes, sistemas de avaliación, contidos, referencias bibliográficas, etc. que son de gran utilidade para o alumnado, tanto durante o desenvolvemento do curso, coma no curso precedente, xa que aportan unha visión global das materias a cursar.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| • Baixas taxas de éxito e rendemento nalgunhas materias. | • Solicitarase un Informe aos Departamentos que teñen asignadas ditas materias sobre as causas das baixas taxas e unha proposta de solución. |

***Evidencias nas que se se baseou a valoración:***

*E4: Guías docentes das materias*
*E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)*
*E25/: Informes de cualificación por materia e Informes de rendemento por materia*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción*

*I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)*

# Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Unha avaliación histórica dos resultados académicos reflicte unha adecuada adquisición do nivel de competencias e habilidades do alumnado. A nota media do alumnado no curso 2019-2020 foi de 6,9 puntos (7,8 no PCEO), acorde coa media da maioría dos Graos que se ofertan na Universidade de Vigo.

## 7.1 Rendemento da titulación

| **Grao en ADE** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Meta** | **Curso 19-20** | **Curso 18-19** | **Curso 17-18** | **Curso 16-17** |
| **Taxa de abandono** | En torno ao 20 % | 22,38% | 28,29% | 10,0% | 13,3% |
| **Taxa de éxito** | En torno ao 70 % | 84% | 71% | 69% | 68% |
| **Taxa de rendemento** | En torno ao 55 % | 71% | 54% | 52,50% | 53% |
| **Taxa de eficiencia** | En torno ao 80% | 77% | 77% | 75% | 78% |
| **Taxa de graduación** | En torno ao 25 % | 29,44% | 28,76% | 21,70% | 26,90% |
| **Duración media dos estudos** | En torno a 5,5 | 5,93 | 5,69 | 5,83 | 4,49 |

*Fonte: Portal de transparencia da UVigo*

As taxas de éxito e rendemento creceron significativamente dende o curso anterior. A taxa de éxito é catorce puntos superior ao valor medio da taxa nos tres cursos anteriores e a de rendemento dezaoito puntos superior. Estes valores supoñen que os obxectivos propostos acádanse sobradamente. A taxa de eficiencia sitúase na media dos tres cursos anteriores e tamén permite acadar a meta establecida. A taxa de abandono diminuíu seis puntos respecto do curso anterior o que permite situar o valor deste índice en torno á meta establecida. Con todo, segue sendo superior á dos cursos 2016-2017 e 2017-2018.

A taxa de graduación creceu lixeiramente no curso 2019-2020 respecto do curso anterior e se acada o obxectivo establecido. A duración media dos estudos, se embargo, aumentou dúas décimas. Haberá que ver que ocorre nos vindeiros cursos, xa que a análise do curso 2019-2020 pode estar sesgada polas repercusións da pandemia na vida universitaria, en tódalas súas vertentes.

A dificultade observada para superar algunhas materias da carreira explica que haxa moitos estudantes que ascenden de curso pero que teñen pendentes materias de cursos anteriores. Xa que non é doado realizar un curso completo con materias pendentes doutros, e posto que para poder defender o Traballo de Fin de Grao é preciso ter superados todos os créditos da titulación, é entendible que haxa moitos alumnos que non poden defender o traballo dentro dos catro anos de duración dos estudos do Grao en ADE. Ter que esperar á convocatoria de Fin de Carreira supón que a duración dos estudos é necesariamente maior que catro anos para un nº importante de estudantes.

Da análise das taxas asociadas ao rendemento da titulación ao longo dos últimos anos pódese concluír que o alumnado que cursa estudos de Grao en ADE adquire as competencias e habilidades definidas na memoria da Titulación.

No programa de simultaneidade ADE-Dereito acádanse con moita folgura as metas. En efecto, as taxas de éxito, rendemento e eficiencia son moi elevadas (95%, 92% e 97% respectivamente). O reducido nº de prazas ofertadas e a elevada nota de acceso do alumnado que se matricula neste programa de simultaneidade, permiten explicar estas grandes diferencias. Neste curso, sen embargo, a taxa de abandono creceu considerablemente, pasando do 2,27% do curso anterior ao 13,64%. Este aumento posiblemente se debe ás consecuencias do desencadeamento da crise da COVID-19. En calquera caso a taxa ten un valor inferior á dos Graos impartidos na Facultade de CC. Económicas e Empresariais e é unha taxa acorde coa do resto de titulacións.

| PCEO ADE - DEREITO | | | |
|---|---|---|---|
| | **Meta** | **Curso 19-20** | **Curso 18-19** |
| **Taxa de abandono** | En torno ao 20 % | 13,64% | 2,27% |
| **Taxa de éxito** | En torno ao 70 % | 95% | 94% |
| **Taxa de rendemento** | En torno ao 55 % | 92% | 88% |
| **Taxa de eficiencia** | En torno ao 80% | 97% | 99% |

*Fonte: Portal de transparencia da UVigo*

## 7.2. Resultados de satisfacción

Nos apartados anteriores foron comentados distintos aspectos das enquisas de satisfacción. Unha perspectiva global pode darnos unha visión interesante acerca de como valoran aspectos como a Xestión da Calidade, os Recursos humanos, a Organización e desenvolvemento da ensinanza, entre outros, os distintos grupos de interese.
En xeral, o grao de satisfacción xeral máis elevado preséntano os membros do PAS e do PDI. Aínda que no curso 2019-2020 non se realizaron enquisas a estes sectores, cremos que non se deberon producir cambios significativos.

Si que hai dispoñible información para o alumnado, as persoas tituladas e os empregadores. Son estes últimos quen amosa un maior grao de satisfacción xeral (4,56 puntos). Dada a situación na que se desenvolveu o segundo cuadrimestre do curso, é de valorar o nivel de satisfacción do alumnado, que se sitúa por riba de 3 (3,21 no Grao en ADE e 3,20 no PCEO), o que pode permitirnos intuír que, a pesar das dificultades derivadas da pandemia, o alumnado valorou a rápida adaptación ao novo sistema docente. O indicador de satisfacción das persoas tituladas tamén reflicte un bo resultado (3,12 puntos no Grao en ADE e 3,35 no PCEO ADE-Dereito).

Os Recursos humanos, os Recursos Materiais e servizos e a Calidade da Información e transparencia son os epígrafes mellor valorados por todos os sectores. O epígrafe que menos valoran os estudantes e as persoas tituladas é "os resultados da aprendizaxe". Como xa foi comentado con anterioridade, os resultados da enquisa realizada ó alumnado sobre os resultados da aprendizaxe amosa unha percepción algo pesimista da situación, xa que se observamos os datos da gran maioría das materias podemos comprobar que, no curso 2019-2020, os obxectivos acadáronse sobradamente. Posiblemente, o alumnado con materias pendentes e aqueles que contestan a enquisa en varios cursos (por ser alumnos de 3º en cursos previos) non están motivados para contestar a enquisa e cando o fan, reflicten nos datos a súa situación persoal, na que as dificultades para superar algunhas materias posiblemente xogan un maior peso que os éxitos acadados noutras.

Dunha forma ou doutra, as circunstancias tan especiais nas que se tivo que desenvolver o curso 2019-2020 fan difícil a análise dos resultados dos distintos indicadores. Calquera mellora dos resultados específicos ou calquera empeoramento dos mesmos poden ser debidos á influencia da pandemia nos métodos de ensino, de avaliación, a cambios no comportamento do alumnado e do profesorado e a múltiples factores externos. En xeral, os resultados son bos e a maioría das metas definidas acádanse. Dependendo de como evolucione a situación sanitaria e económica nos próximos anos, as valoracións dos resultados dos indicadores, as metas, ou os potenciais plans de mellora, terán que ser revisados ou novamente definidos. Os cambios na sociedade, na economía e na tecnoloxía están sendo de tal magnitude que calquera avaliación actual pode deixar de ser

válida nun futuro próximo. Por iso consideramos que hai que ser cautos e permanecer vixiantes

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
| --- | --- |
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

***Indicadores:***

Na titulación de Economía non se contemplan prácticas curriculares. Sen embargo, si se realizan prácticas extracurriculares. A valoración destas prácticas por parte dos/as estudantes do grao en Economía é boa, e evidencia unha elevada satisfacción, tanto por parte dos/as estudantes como por parte dos/as titores/as das empresas nas que fan as prácticas. Segundo consta nos rexistros da coordinadora de Prácticas da Facultade, entre os meses de setembro e xuño do curso 2019-2020 rexistráronse 12 contratos de prácticas extracurriculares no grao en Economía, repartidas por xénero ao 50% (beneficiáronse un total de 6 alumnas e 6 alumnos). O 33% destas prácticas foron remuneradas, total ou parcialmente. Os contratos presentaban unha xornada laboral a tempo parcial no 75% dos casos, conciliando así a vida laboral e formativa dos estudantes. Os contratos a tempo completo asináronse, ou ben en tempadas non lectivas, ou ben para estudantes aos que lle faltaban moi poucos créditos para graduarse. Tras finalizar o período de prácticas, o 8% das alumnas e alumnos tivo a posibilidade de manter a súa vinculación mediante outro tipo de contratos laborais.

Na seguinte táboa ofrécese información detallada das prácticas extracurriculares, de maneira xenérica e desagregada por xénero.

| | Nº | Horas (media) | Remuneradas | | Remuneración media | Prórroga | | Posibilidade contrato | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | n | % | | n | % | n | % |
| Alumnas | 6 | 250 | 2 | 33% | 340,63 € | 1 | 17% | 0 | 0% |
| Alumnos | 6 | 189 | 2 | 33% | 568,00 € | 2 | 33% | 1 | 17% |
| Total | 12 | 219 | 4 | 33% | 454,31 € | 3 | 25% | 1 | 8% |

*Fonte: Cordinación prácticas FCCEE*

A duración media das prácticas foi de 219 horas, sendo lixeiramente superior o tempo media realizado polas alumnas (250 h) que polos alumnos (189 h). Tanto o 33% das alumnas como dos alumnos que realizaron prácticas recibiron remuneración, sendo a remuneración media superior para os homes que para as mulleres. En canto á posibilidade de continuidade nas empresas, o 33% dos alumnos asinou prórrogas dos contratos de prácticas e o 17% tivo a opción de ser contratado posteriormente nas mesmas. No caso das alumnas, soamente asinouse unha prórroga (17%) e ningunha tivo opción de contratación posterior. Á vista desta información, percíbese que os alumnos tiveron unhas condicións máis favorables que as alumnas na realización das prácticas. Con todo, o escaso número de prácticas en xeral, impide concluír sobre a posibilidade de que

exista rumbo de xénero, debendo analizar se esta circunstancia mantense ao longo dos cursos.

Así mesmo, cabe mencionar que o funcionamento das prácticas extracurriculares, viuse moi condicionado pola excepcional situación á que nos enfrontamos, derivada da pandemia do Covid-19. Obsérvase esta circunstancia en aspectos como a firma dun menor número de contratos e prórrogas con respecto ao curso pasado (22 contratos e 12 prórrogas no curso 18/19).

Concretamente, tras decretarse o estado de alarma, dos contratos que había vixentes, 1 deles puido transformarse en modalidade telemática e 3 suspendéronse.

Desde o punto de vista académico, no curso 2019-2020 realizouse o recoñecemento de créditos por prácticas extracurriculares a un total de 14 alumnas e alumnos. Devandito recoñecemento correspóndese tanto con prácticas realizadas no curso analizado como no anterior. No 79% dos casos recoñecéronse os primeiros 6 ECTS e no 21% restante recoñecéronse, tras un recoñecemento previo, os 6 ECTS que alcanzaban o máximo de 12 créditos recoñecibles. Este último tipo de recoñecemento conlevaba a elaboración e valoración da correspondente memoria ampliada.

## 1.5. QSP

Durante o curso 2019-2020 recibíronse algunhas queixas a través do formulario QSP, nas que se manifestaba o temor do alumnado respecto da avaliación virtual nalgunhas materias. As queixas foron tramitadas segundo o procedemento establecido en tempo e forma e, á vista dos resultados da avaliación, pódese concluír que a xestión dos problemas realizouse de forma exitosa, xa que os resultados acadados foron semellantes ou mellores que os do curso anterior

| Puntos débiles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
| --- | --- |
| • Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción | • Tratar de que se cubran as enquisas durante algunha das actividades docentes que se organizan presencialmente na facultade, ademais de seguir informando ao alumnado da importancia da súa participación nas mesmas. |

***Evidencias nas que basea a valoración:***

*E1: Memoria vixente do título*
*E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora*

*E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)*

*E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)*

*E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade*

*E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).*

*QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza*

***Indicadores nos que se basea a valoración:***

*I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición*

*I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia*

*I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)*

*I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros*

*I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.*

*I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso*

*I02-AC: Ocupación*
*I03-AC: Preferencia*
*I03(2)-AC: Adecuación*

# Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**

A información relevante sobre a titulación en Economía é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes: estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na páxina web da Facultade e na páxina web da Universidade de Vigo publícase moita e moi relevante información sobre a titulación de Economía. Pódese consultar a Memoria da titulación, os Informes de calidade, as Guías docentes, os resultados acadados na titulación no seu conxunto e nas distintas materias, etc.

A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente có contido da memoria verificada do título. No curso 2014-2015 realizouse unha exhaustiva revisión das guías docentes co obxecto de axustar as competencias asignadas ás distintas materias e salvar as desviacións que se observaron respecto da memoria da titulación. Estes cambios xa foron incluídos nas guías docentes a partir do curso 2015-2016.

Na páxina web da Facultade está a disposición dos distintos grupos de interese toda a información que estes poden precisar: http://fccee.uvigo.es/ A web é moderna e actualizada, e ten unha presentación que resulta atractiva, especialmente para a xente xoven -alumnado real e potencial-. Nela é sinxelo atopar a información que se precisa polo estrutura que adopta.

A información organízase a través de varias pestanas:

- Na pestana "**Facultade**" http://fccee.uvigo.es/es/facultad/ pódese atopar información sobre a organización da Facultade (equipo decanal, órganos colexiados, acordos...); sobre o PDI (listado de profesores/as, categoría, dirección de correo electrónico, teléfono, despacho...); sobre os distintos Departamentos (con enlace ás webs propias de cada un deles) e sobre o PAS (Áreas de traballo, posto, teléfono, correo electrónico...) Tamén está a disposición dos distintos grupos de interese un compendio de normativa propia da Facultade e normativa xeral da Universidade. Nestes momentos, dada a situación derivada da crise da COVID-19, tamén se amosa información sobre a persoa coordinadora COVID do centro, sobre a aula COVID e sobre os distintos protocolos de actuación.

  Por último, esta pestana contén información sobre a localización da FCCEE e das principais liñas de autobuses para chegar á mesma.

- Na pestana "**Docencia**" pódese atopar información xeral sobre as titulacións que se imparten na Facultade: Grao en Economía, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Dobre

Grao ADE-Dereito e os distintos Mestrados; o calendario académico, o Plan de Acción Titorial e as materias que se imparten en inglés, dentro do Programa de Internacionalización da Facultade. http://fccee.uvigo.es/es/docencia/

No que atinxe especificamente aos Graos, cabe mencionar que se dispón de información sobre as memorias dos títulos, os obxectivos, as capacidades requiridas e saídas profesionais, o plano de estudos, os horarios de docencia de dos exames, nas súas distintas convocatorias oficiais http://fccee.uvigo.es/es/docencia/grado-economia/

- Tamén se pode acceder a moita información sobre os programas de **mobilidade** http://fccee.uvigo.es/es/movilidad/tevas https://www.uvigo.gal/es/estudiar/movilidad/estudiantes-internacionales

  ou ás **prácticas** en empresa, as ofertas de emprego e o Foro de emprego que se organiza na Facultade desde o curso 2018-2019. http://fccee.uvigo.es/es/empleo/

- Na pestana dedicada ó sistema de **Calidade** están a disposición dos distintos grupos de interese os informes de calidade, os planos de mellora así como o manual e os distintos procedementos de Calidade existentes http://fccee.uvigo.es/

- Para facilitar ao alumnado a múltiple información que lle pode ser precisa durante a súa etapa universitaria, na pestana "**Interésache**" se organiza a información sobre a Matrícula, os procedementos e xestións administrativos, as Bolsas, o servizo de Biblioteca, as actividades deportivas, o Centro de Linguas, o Gabinete psicopedagóxico, os programas de extensión cultural, etc. http://fccee.uvigo.es/es/te-interesa/

- As últimas novas e as experiencias dos distintos alumnos que cursaron estudos na FCCEE poden ser consultadas no **blog** e na páxina de inicio http://fccee.uvigo.es/es/blog/
  Na páxina de inicio preséntase un vídeo promocional da Facultade e tamén enlaces directos a Faitic, Moovi, Bubela, Secretaría virtual, Formulario QSP e as redes sociais da Facultade

- Os resultados acadados polo alumnado na titulación en xeral ou nas distintas materias en particular, pódense consultar tanto nas memorias de calidade, ás que xa se fixo referencia, como na páxina web da Universidade de Vigo, no seu portal de transparencia https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia

Ademais de toda a información publicada na páxina web, a Facultade dispón dunha conta en Instagram onde publica regularmente información sobre as actividades desenvolvidas na Facultade. Esta rede é seguida por un elevado número de estudantes, polo que é unha vía útil para a transmisión de información relevante que pode ser de interese para o estudantado ou para calquera membro do noso centro.

Dentro do compromiso de información ao estudantado, a principio de curso organízase unha reunión informativa para todo o alumnado, tanto o de novo ingreso como o que xa cursou estudos na Facultade en anos anteriores. Nesa reunión infórmase de tódolos aspectos organizativos da Facultade, da estrutura da páxina web, do Plan de Acción Titorial e, no caso da Titulación en Economía, do programa de Mentorización.

No curso 2018-2019 iniciouse o programa de Mentorización para o alumnado de primeiro curso. O programa MEET-Uvigo é unha parte do Plan de Acción Titorial no que alumnos/as de cursos avanzados involúcranse no proceso de orientación do alumnado que se incorpora á Facultade por primeira vez (mentees). A Facultade, cos axuda do Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado proporcionou unha formación específica a aqueles/as alumnos/as que se ofrecen para actuar de mentores. No curso 2019-2020, un total de cinco alumnos/as de terceiro curso se ocuparon da orientación ao alumnado de primeiro, baixo a supervisión das dúas profesoras coordinadoras da actividade.
Os resultados do programa foron positivos e as actividades desenvolvidas permitiron facilitar a integración dos novos alumnos na vida da Facultade.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)*

*R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública*
*QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***
*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.*

# Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**

É obxectivo do Centro analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.**

**Aspectos a valorar:**

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilizalos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Sistema de Garantía de Calidade, en vigor, é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema unha ferramenta real de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 e continuada ao longo dos seguintes cursos académicos supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estrutural, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no Informe de Revisión pola Dirección que anualmente elabora o centro e as titulacións, "as modificacións levadas a cabo, son valoradas, a nivel xeral, como positivas".

Toda a documentación asociada ao SGC publícase na Web do centro: http://fccee.uvigo.es/es e a xestión de evidencias e rexistros se leva a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/ (Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro: Graos e Mestrados, teñen representación na Comisión de Calidade

do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos establecidos.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza o grao de consecución dos obxectivos de calidade establecidos. A participación dos distintos grupos de interese nas reunións da Comisión de Calidade favorece os debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros do SGIC. Esta comisión xoga un papel destacado no proceso de análise da titulación.

A titulación de Grao en Economía foi obxecto de acreditación no ano 2017; dende entón preténdense corrixir os aspectos máis débiles da titulación, buscando sempre a mellora continua.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no Centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC, foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade da Universidade de Vigo, a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos "marco".

Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias/rexistros asociadas ao SGIC, que son validadas, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola Dirección, tal e como se comentou anteriormente.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade*

*E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)*

*E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)*

*E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

*EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade*

*I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro*

## Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Os recursos humanos –PAS e PDI- son fundamentais nos procesos soporte do título. Obsérvase unha dispoñibilidade adecuada e unha alta cualificación e adecuación ó programa formativo. O nivel de experiencia e actualización queda patente nos datos de quinquenios e sexenios do PDI ou na participación activa do PAS nos cursos de formación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O profesorado que participa na titulación ten o nivel de cualificación esixido para a súa implantación, tanto en termos de experiencia docente como investigadora.

A porcentaxe de profesores doutores é do 90%. O 85% son profesores funcionarios e o 9% contratados doutores ou interinos, polo que pode considerarse o conxunto do profesorado como moi estable.

O obxectivo de "Resultados de investigación de carácter académico (sexenios)" acádase sobradamente ao sumar en total 77 sexenios reais. A gran experiencia docente do profesorado manifféstase no elevado número de quinquenios de docencia que posúen: 198.

A institución ofrece diversas oportunidades ó profesorado para seguir formándose, especialmente en competencias transversais e de mellora das habilidades docentes. No portal de transparencia da Universidade de Vigo pódense consultar os distintos cursos formativos que se ofertan para o persoal docente e investigador e para o persoal de administración e servizos

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35

O segundo cuadrimestre do curso 2019-2020 estivo marcado pola crise da COVID-19 e o confinamento decretado a partir do 14 de marzo. O profesorado tivo que adaptarse á situación nun tempo récord e foi quen de sacar o curso adiante. Isto requiriu dun gran esforzo e de moita vontade, xa que se viu obrigado a aprender a manexar novas ferramentas que permitisen pasar en apenas dúas semanas dun sistema de docencia totalmente presencial a outro de docencia virtual. O creación do Campus Remoto por parte da Universidade de Vigo foi esencial neste proceso de transformación nas metodoloxías docentes. Antes de finais de marzo de 2020 un número significativo de profesores/as da titulación xa estaban a impartir docencia virtual a través das novas plataformas. Despois da Semana Santa, case a totalidade do PDI da titulación incorporárase plenamente á docencia virtual. Moitos profesores/as emprenderon procesos de autoformación, para crear novo material que resultase útil ao alumnado nun sistema de docencia online. Un exemplo é a creación de vídeos explicativos ou titoriais para a docencia. Ademais da

autoformación, tamén resultaron de gran utilidade, nas novas condicións docentes, os cursos organizados dende a Área de formación permanente do profesorado. O número de profesores que cursaron programas de formación foi case tres veces superior ao dos cursos anteriores.

Para avaliar a actividade docente do profesorado, a Universidade de Vigo realiza as Enquisas de Avaliación Docente (EAD). A avaliación media, nos distintos cursos, para o ano académico 2019-2020, foi a seguinte:

| Media da titulación: | 3,93 |
|---|---|
| 1º | 3,82 |
| 2º | 3,82 |
| 3º | 3,86 |
| 4º | 4,07 |

Fonte: Universidade de Vigo – Secretaría virtual

Os resultados acadados son algo mellores aos do curso anterior, o que reflicte o esforzo realizado polo profesorado e que o foi percibido polo conxunto do alumnado. O que máis valoran os estudantes é a importancia que teñen as distintas materias impartidas na súa formación, a accesibilidade e contidos das guías docentes e o seu desenvolvemento por parte dos/as docentes, así como a coordinación entre o profesorado. Con todo, estes datos deben interpretarse con cautela dada a baixa taxa de participación nas enquisas (en torno ao 30% do estudantado do Grao). Se ben esta taxa adoita ser baixa, cabe dicir que a realización de enquisas virtuais no segundo cuadrimestre e a situación vivida polo estudantado non favoreceron a participación nas mesmas.

O persoal de apoio permite desenvolver as funcións administrativas e de servizos do centro e , deste modo, atender a todo o persoal docente e ao estudantado. O súa eficiencia e, en xeral, moi alta, xa que contan co nivel de cualificación esixido.

Do mesmo modo que o profesorado, o persoal de apoio benefíciase das oportunidades de actualización instrumentadas pola Universidade de Vigo en canto a cursos de formación. A participación nestes cursos adoita ser elevada; sen embargo, no curso 2019-2020 participou o 36,54% do PAS, a metade do que ven sendo habitual.

Como se reflicte nas enquisas de satisfacción, o estudantado amósase satisfeito cos recursos humanos da Facultade, outorgándolle unha puntuación de 4 puntos. As persoas tituladas puntúan este apartado con 3,82.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| | |

*Evidencias nas que se baseou a valoración:*

*E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve*

*E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)*

*R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)*

*Indicadores nos que se baseou a valoración:*

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PDI*

*I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas*

*I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.*

*I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución*

*I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos*

*I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)*

*I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)*

*I02-PE: Cualificación do PDI*

*I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)*

*I03(2)-PE: Profesorado por categoría*

# Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.**

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado é positiva. Considéranse que son axeitados ás necesidades do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados... As aulas para desenvolver a docencia son numerosas e todas están equipadas con encerados, con ordenador, pantalla e canón e con wifi de acceso libre. Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos, servizo de reprografía, cafetería e comedor, unha ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos.

Durante o curso 2019-2020 fixéronse unha serie de obras na Facultade co fin de mellorar os seus recursos materiais. Entre elas, compre destacar as seguintes:

Traballos de pintura, impermeabilización, manpostería, albanelaría en determinadas zonas do edificio, así como a construción de desaugues e a mellora das vías de acceso. Máis en concreto:

- CAFETERÍA:
  - Instalación de calefacción.
- SALÓN DE GRAOS:
  - Substitución da porta de acceso do Salón de Graos.
  - Colocación de vinilo informativo.
- SALÓN DE ACTOS:
  - Completouse o cableado no Salón de Actos.
  - Adquiríronse novos monitores para a visión desde a mesa de presidencia e novas caixas de madeira para colocalos.
- PLANTA INFERIOR DA ZONA NOVA:
  - Realizáronse obras na planta baixa da zona nova de despachos para corrixir o deterioro do chan dos corredores.

- ACCESOS Á FACULTADE:
  - Realizáronse melloras na entrada principal da Facultade, nas escaleiras que permiten o acceso á zona do lago, na entrada á Facultade desde o aparcamento conxunto coa Facultade de Ciencias Xurídicas e no acceso de vehículos ao Salón de Actos. Tamén se fixeron melloras na iluminación exterior da Facultade.
  - Para ocultar o depósito provisional de calefacción vinilóuse coa mascota da Universidade unha estrutura que escondía devandito depósito.
- ZONA DECANATO:
  - Substituíronse estores e electrificouse a mesa da sala de xuntas. Tamén se colocou un vinilo na sala de xuntas.

Para desenvolver as actividades docentes, a Facultade conta tamén cun servizo de teledocencia, moi implantado entre o profesorado da titulación e ben valorado polo estudantado. https://faitic.uvigo.es/index.php/es/ Gracias aos servizos informáticos da Universidade, dende o mes de abril de 2020 a Facultade conta cun xemelgo dixital. En efecto, a declaración do estado de alarma e o cese de docencia presencial propiciou a creación de aulas e despachos virtuais que posibilitan a realización plena das distintas actividades docentes, como son as clases e as titorías. Tanto o profesorado como o alumnado puidéronse beneficiar destes medios tecnolóxicos, que dende a Facultade se consideran moi importantes para o desenvolvemento futuro da ensinanza universitaria e a realización de actividades complementarias, como conferencias, seminarios ou encontros virtuais.

Os recursos bibliográficos e documentais cos que conta a Facultade son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca http://www.biblioteca.uvigo.es

Aplícanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente. O seu coñecemento é accesible a través da páxina web do Servizo de prevención de riscos laborais da UVigo https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/prevencion-riesgos

En xeral, consideramos que o nivel de recursos materiais e infraestruturas dispoñibles asegura o correcto funcionamento dos distintos títulos que se imparten na Facultade así como da actividade investigadora. Nese senso, como se reflicte nas enquisas de satisfacción, o estudantado amósase satisfeito cos recursos materiais cos que conta a Facultade, outorgándolle unha puntuación de 3,33 puntos. As persoas tituladas outórganlle a este apartado unha puntuación de 4,24 puntos.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título*

*E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT*

*E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.*

*E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título*
*E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia*
*E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***
*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos*
*I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas*
*I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.*

*I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)*

# Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados da aprendizaxe obtidos polos alumnos da titulación en Economía son os previstos na Memoria da Titulación.

O profesorado responsable das distintas materias de cada un dos cursos da Titulación mantén reunións co coordinador/a do seu curso. Nesas reunións valórase como transcorreu o cuadrimestre e preséntanse os aspectos positivos e negativos, si os houbese, de cara a unha mellor planificación e desenvolvemento da docencia, co fin de facilitar a adquisición das competencias definidas nas guías docentes. Esta información trasládase á persoa coordinadora da Titulación e ao equipo decanal do centro para, de ser o caso, informar á Comisión de Calidade ou á Comisión de Docencia quen deberá analizar os potenciais problemas que puideran xurdir e propor solucións.

As taxas de avaliación, rendemento e éxito no curso 2019-2020 son elevadas para case a totalidade das materias.

## 6.1. Análise das materias nos distintos cursos da Titulación

Unha análise conxunta da Titulación permite concluír que a taxa de éxito global e a de rendemento son moi satisfactorias. O valor medio da taxa de éxito das materias da titulación é do 88,3% e o valor medio da taxa de rendemento do 79,3%.

Como xa se comentou no Informe, o curso 2019-2020 foi un curso atípico, marcado pola crise da COVID-19 e o paso da docencia e avaliación presencial a unha modalidade virtual. Isto supuxo un cambio nas metodoloxías docentes e nos métodos de avaliación. Posiblemente todos eses cambios contribuíron a que nese curso se cumprisen as metas fixadas para as taxas de rendemento e éxito en case a totalidade das materias. Soamente en dúas materias non se acadaron as metas en ningunha das dúas taxas: Principios de Economía I, de 1º curso, e Economía Pública, de 3º curso. Estas dúas materias impártense no primeiro cuadrimestre, período no que soamente afectou a pandemia no que atinxe a avaliación da convocatoria extraordinaria. En todas as demais materias do primeiro cuadrimestre e na totalidade das impartidas no segundo cuadrimestre conseguíronse os obxectivos establecidos.

Como se comentou no Informe de Revisión do curso 2018-2019, Principios de Economía I é

unha materia do primeiro cuadrimestre moi diferente á que o alumnado de primeiro cursou nos seus estudos de Ensinanza secundaria e Bacharelato, polo que a súa complexidade inicial pode ser o que explique estes datos. De feito, na materia que se considera continuación desta, no segundo cuadrimestre, “Principios de Economía II”, a taxa de éxito superar con creces a meta fixada para a Titulación. En calquera caso, aínda que non acada as metas de calidade, non está moi lonxe delas (sete puntos por debaixo da taxa de éxito obxectivo e seis da de rendemento).

A materia Economía Pública, de terceiro curso, obtivo resultados inferiores aos dos cursos anteriores e non soamente non acadou os obxectivos de calidade fixados senón que as taxas de éxito e rendemento foron dez puntos mais baixas que as do ano anterior (taxa de éxito: 31,37%: 39 puntos inferior á meta; Taxa de rendemento: 25,81%: 34 puntos inferior á meta).

En calquera caso, a experiencia nunha materia non debe facer esquecer os resultados globais da titulación e cabe destacar os bos resultados do 99% das mesmas.

A Comisión de Docencia, por encargo da Comisión de Calidade, ocuparase da análise dos problemas detectados no rendemento e éxito das distintas materias. Nestes momentos foilles encargado aos Departamentos aos que están asignadas as materias que non acadaron as metas de calidade no curso 2019-2020 ou nos tres cursos anteriores, que analicen as causas que explican esa situación e propoñan alternativas para mellorar o rendemento do alumnado.

No curso 2019-2020 seguiuse a promover a busca de maiores competencias do alumnado en canto ao nivel de idiomas a través do Plan de internacionalización. Aínda que no grao en Economía son poucos os estudantes que optaron polo estudo das materias nesa lingua (entre 4 e 12, dependendo do curso e a materia), os resultados foron satisfactorios.

A materia Traballo de Fin de Grao evidencia unha gran complexidade na súa organización e no seu desenvolvemento (traballos individuais baixo a tutela dun profesor/a). Cada membro do profesorado con docencia maioritaria no Grao en Economía ten que dirixir un mínimo de tres TFG.

A taxa de éxito no TFG é do 100%, o que supón que todo o alumnado que defendeu o seu traballo obtivo a cualificación de apto. En concreto, 10 estudantes acadaron a cualificación de Aprobado, 21 de Notable, 11 de sobresaínte e 2 Matrícula de honra.

As taxa de rendemento do TFG é lixeiramente inferior á meta da Titulación, pero aumentou sete puntos respecto do curso anterior.

Analizando conxuntamente a taxa de éxito coas taxas de rendemento e avaliación o que se conclúe é que os traballos que se defenden son bos, e os estudantes acadan as competencias definidas na guía docente. Pero a existencia dunha normativa moi exixente, segundo a cal soamente poden defender o seu traballo aqueles estudantes que houbesen superado tódolos créditos da titulación, permite explicar a diferencias entre estas taxas. Moitos estudantes optan

por matricularse no TFG aínda que, ademais das materias de cuarto curso, teñan pendentes de superar materias de cursos anteriores. Ao non superar todas as materias nas dúas convocatorias do curso, teñen que defender o TFG na convocatoria extraordinaria no curso seguinte.

## 6.2. Resultados das enquisas de satisfacción

Se se analiza conxuntamente a Titulación pódese concluír que os resultados da aprendizaxe son acadados con certo grao de éxito. Sen embargo, o estudantado non ten esa mesma percepción.

Os resultados da enquisa realizada ó alumnado sobre os resultados da aprendizaxe amosa unha percepción algo pesimista da situación, xa que a valoración é de 2,35 puntos sobre un total de 5. Posiblemente, o alumnado con materias pendentes e aqueles que contestan a enquisa en varios cursos (por ser alumnos de 3º en cursos previos) non están motivados para contestar a enquisa e cando o fan, reflicten nos datos a súa situación persoal, na que as dificultades para superar algunhas materias posiblemente xogan un maior peso que os éxitos acadados noutras.

Os estudantes xa titulados teñen unha percepción lixeiramente mellor, xa que o valor deste ítem acada os 3 puntos. O sector do profesorado, quizás porque ten unha visión máis ampla da titulación, adoita ser quen mellor valora os resultados da aprendizaxe na enquisa de satisfacción, aínda que no curso 2019-2020 non se fixo a enquisa para o profesorado.

As competencias, resultados da aprendizaxe, metodoloxía docente e os métodos de avaliación están reflectidos nas Guías Docentes, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web da Facultade , ben a través da páxina web da Universidade de Vigo. https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=303&ensenyament=V03G100V01&any_academic=2019_20&idioma=cast

Estas guías están consensuadas entre os profesores encargados de impartir cada materia e son revisadas cada curso académico. Nelas atópase información detallada sobre cada materia: métodos docentes, sistemas de avaliación, contidos, referencias bibliográficas, etc. que son de gran utilidade para o alumnado, tanto durante o desenvolvemento do curso, coma no curso precedente, xa que aportan unha visión global das materias a cursar.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| • Baixas taxas de éxito e rendemento nalgunhas materias | • Solicitarase un Informe aos Departamentos que teñen asignadas ditas materias sobre as causas das baixas taxas e unha proposta de solución. |

***Evidencias nas que se se baseou a valoración:*** *E4: Guías docentes das materias*
*E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)*
*E25/: Informes de cualificación por materia e Informes de rendemento por materia*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción*

*I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)*

## Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Unha avaliación histórica dos resultados académicos reflicte unha adecuada adquisición do nivel de competencias e habilidades do alumnado. A nota media do alumnado no curso 2019-2020 foi de 6,8 puntos, acorde coa media da maioría dos Graos que se ofertan na Universidade de Vigo.

### 7.1 Rendemento da titulación

| | Meta | Curso 19-20 | Curso 18-19 | Curso 17-18 | Curso 16-17 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Taxa de abandono** | En torno ao 15 % | 22,9% | 12,5 | 10,0 | 13,3 |
| **Taxa de éxito** | En torno ao 70 % | 87% | 78,0 | 77,5 | 77,0 |
| **Taxa de rendemento** | En torno ao 60 % | 77% | 62,0 | 62,0 | 65,0 |
| **Taxa de eficiencia** | En torno ao 80% | 83% | 79 | 81 | 86 |
| **Taxa de graduación** | En torno ao 50 % | 41,67% | 56,7 | 47,1 | 45,5 |
| **Duración media dos estudos** | En torno a 5 | 5,19 | 5,4 | 5,0 | 4,9 |

*Fonte: Portal de transparencia da UVigo*

As taxas de éxito, rendemento e eficiencia creceron significativamente dende o curso anterior. A taxa de éxito é dez puntos superior ao valor medio da taxa nos tres cursos anteriores e a de rendemento 14 puntos superior. Estes valores supoñen que os obxectivos propostos acádanse sobradamente. A taxa de eficiencia sitúase na media dos tres cursos anteriores pero é superior á rexistrada no curso 2018-2019 e tamén permite acadar a meta establecida. Se embargo, a diferencia do comportamento desta taxas, a taxa de abandono case se duplica respecto do curso anterior. O resultado deste indicador é preocupante e pode estar relacionado co desencadeamento da pandemia, xa que os datos contabilízanse ata finais de 2020. Dado que, de momento, é un dato excepcional e dáse nunhas circunstancias tamén excepcionais, non se definirá unha acción de mellora específica, pero se estará vixiante ate comprobar si o incremento da taxa de abandono mantense no tempo ou non.

A taxa de graduación reduciuse no curso 2019-2020 respecto do curso anterior o que leva a que non se acade o obxectivo establecido. Este dato posiblemente está relacionado co incremento das taxas de rendemento e éxito, aínda que poda parecer o contrario. É moi probable que moitos/as alumnos/as que viñan arrastrando materias pendentes de cursos anteriores as superaran no curso 2019-2020 polo cambio do sistema de docencia e avaliación presencial a virtual. A contabilización destes estudantes, que noutras circunstancias quizais tardasen máis tempo en superar algunhas materias, propiciou que se puidesen graduar no curso do que se está a facer o informe. A duración media dos estudos, por razóns semellantes, reduciuse dúas décimas, o que permite acadar a meta fixada.

A dificultade observada para superar algunhas materias da carreira explica que haxa moitos estudantes que ascenden de curso pero que teñen pendentes materias de cursos anteriores. Xa que non é doado realizar un curso completo con materias pendentes doutros, e posto que para poder defender o Traballo de Fin de Grao é preciso ter superados todos os créditos da titulación, é entendible que haxa moitos alumnos que non poden defender o traballo dentro dos catro anos de duración dos estudos de Economía. Ter que esperar á convocatoria de Fin de Carreira supón que a duración dos estudos é necesariamente maior que catro anos para un nº importante de estudantes.

Da análise das taxas asociadas ao rendemento da titulación ao longo dos últimos anos pódese concluír que o alumnado que cursa estudos de Grao en Economía adquire as competencias e habilidades definidas na memoria da Titulación.

## 7.2. Resultados de satisfacción

Nos apartados anteriores foron comentados distintos aspectos das enquisas de satisfacción. Unha perspectiva global pode darnos unha visión interesante acerca de como valoran aspectos como a Xestión da Calidade, os Recursos humanos, a Organización e desenvolvemento da ensinanza, entre outros, os distintos grupos de interese.
En xeral, o grao de satisfacción xeral máis elevado preséntano os membros do PAS e do PDI. Aínda que no curso 2019-2020 non se realizaron enquisas a estes sectores, cremos que non se deberon producir cambios significativos.

Si que hai dispoñible información para o alumnado, as persoas tituladas e os empregadores. Son estes últimos quen amosa un maior grao de satisfacción xeral (4,17 puntos). Dada a situación na que se desenvolveu o segundo cuadrimestre do curso, é de valorar o nivel de satisfacción do alumnado, que se sitúa moi próximo a 3, o que pode permitirnos intuír que, a pesar das dificultades derivadas da pandemia, o alumnado valorou a rápida adaptación ao novo sistema docente. O indicador de satisfacción das persoas tituladas tamén reflicte un bo resultado (3,44 puntos).

Os Recursos humanos, os Recursos Materiais e servizos e a Calidade da Información e transparencia son os epígrafes mellor valorados por todos os sectores. A xestión do sistema de garantía de calidade, sen embargo, é o epígrafe peor valorado por todos os grupos de interese. Aínda que a calidade da información e a transparencia son moi valorados, posiblemente segue sen conseguirse trasladar aos membros da nosa comunidade universitaria o concepto de calidade en toda a súa extensión e o traballo que se fai dende o Departamento de calidade da Universidade e o vicedecanato de calidade da Facultade. Posiblemente sexa necesario volver a explicar o traballo que se fai en torno á calidade do centro co obxectivo de que os membros da Facultade non identifiquen "Calidade" soamente con "burocracia".

Dunha forma ou doutra, as circunstancias tan especiais nas que se tivo que desenvolver o curso 2019-2020 fan difícil a análise dos resultados dos distintos indicadores. Calquera mellora dos resultados específicos ou calquera empeoramento dos mesmos poden ser debidos á influencia da pandemia nos métodos de ensino e de avaliación, a cambios no comportamento do alumnado e do profesorado e a múltiples factores externos. En xeral, os resultados son bos e a maioría das metas definidas acádanse. Dependendo de como evolucione a situación sanitaria e económica nos próximos anos, as valoracións dos resultados dos indicadores, as metas, ou os potenciais plans de mellora, terán que ser revisados ou novamente definidos. Os cambios na sociedade, na economía e na tecnoloxía están sendo de tal magnitude que calquera avaliación actual pode deixar de ser válida nun futuro próximo. Por iso consideramos que hai que ser cautos e permanecer vixiantes.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| • Baixo grao de satisfacción do alumnado co SIGC | • Explicar ao alumnado que é realmente o SIGC e como se xestiona |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

***Indicadores:***

*I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico*
*I12: Evolución dos indicadores de resultados*

- *Taxa de graduación*

- *Taxa de abandono*
- *Taxa de eficiencia*
- *Taxa de rendemento*
- *Taxa de éxito*
- *Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)*

*I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso*
*I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empreso*
*I010-DO: Duración media dos estudos*

## III.- MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIÁIS DO GRAO EN ECONOMÍA

Incluiranse as modificacións non substanciais que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a Titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no "Procedemento para a solicitude de Modificación nos Títulos verificados de Grao e Máster" da ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teñan que someter a un proceso de Modificación.

Non Procede

# IV.- ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO EN ECONOMÍA

## IV. 1. Estado da situación das melloras propostas nos informes anteriores

As accións que non puideron finalizarse serán avaliadas e recollidas no novo documento de plan de melloras proposto para o curso 2020-2021. Ditas accións e o seu estado de seguimento están incluídas de forma detallada na aplicación de xestión documental do SGC.

| PUNTOS DÉBILES DETECTADOS | ACCIÓNS DE MELLORA A IMPLANTAR |
|---|---|
| **GRAO EN ECONOMÍA** | |
| **Criterio 1. Organización e desenvolvemento** | |
| · Baixa participación nas enquisas de satisfacción da titulación. | · Seguir insistindo na importancia de participar nas enquisas, como forma de mellorar a calidade. |
| **Criterio 6. Resultados da aprendizaxe** | |
| · Baixas taxas de éxito e rendemento nalgunhas materias | · Valoración co alumnado e o profesorado que imparte ditas materias de posibles vías de solución. |

## IV. 2. Novas propostas de accións de mellora

Na presente táboa inclúense as novas accións de mellora recollidas no presente Informe de Revisión pola Dirección para o seu desenvolvemento no curso 2020–2021. O detalle das mesmas encóntrase na aplicación de xestión documental do SGC.

| PUNTOS DÉBILES DETECTADOS | ACCIÓNS DE MELLORA A IMPLANTAR |
|---|---|
| **GRAO EN ECONOMÍA** | |
| **Criterio 1. Organización e desenvolvemento** | |
| · Baixa participación nas enquisas de satisfacción da titulación. | · Tratar de que se cubran as enquisas durante algunha das actividades docentes que se organizan presencialmente na facultade, ademais de seguir informando ao alumnado da importancia da súa participación nas mesmas |
| **Criterio 6. Resultados de satisfacción e rendemento** | |
| · Baixas taxas de éxito e rendemento nalgunhas materias | · Solicitarase un Informe aos Departamentos teñen asignadas ditas materias sobre as causa baixas taxas e unha proposta de solución. |
| **Criterio 7. Resultados da aprendizaxe** | |
| · Baixo grao de satisfacción do alumnado co SIGC | · Explicar ao alumnado que é realmente o SIGC e como se xestiona |

# Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa (MAiE)

# MÁSTER EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

**I. INDICADORES** .......... **134**

**I.1. REXISTRO DE RESULTADOS DO PANEL DE INDICADORES DO SGIC** .......... **135**

**I.2. REXISTRO DE RESULTADOS DOS INDICADORES ESPECÍFICOS DE SEGUIMENTO ESTABLECIDOS POLA ACSUG.** .......... **138**

**I.3. RESULTADOS (DESAGREGADOS) DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DAS TITULACIÓNS OFICIAIS 2019-2020** .......... **139**

**I.4. INDICADORES POR MATERIA** .......... **141**

Taxas de Rendemento por Materia .......... 141
Informes de Cualificación por Materia .......... 142

**I.5. ESTADO DOS REXISTROS DO SIGC** .......... **144**

**TÁBOAS ANEXAS** .......... **145**

Táboa anexa 1. Perfil de ingreso do alumnado .......... 145
Táboa anexa 2. I02-PE Cualificación do profesorado .......... 146
Táboa anexa 3. I03(2)-PE Profesorado por categoría: Quinquenios .......... 146
I03(2)-PE Profesorado por categoría: Sexenios .......... 147

**II.- SEGUIMENTO DA TITULACIÓN: MASTER EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (MAIE)** .......... **148**

Criterio 1. Organización e desenvolvemento .......... 148
Criterio 2. Información e transparencia .......... 156
Criterio 3. Sistema de garantía de calidade .......... 159
Criterio 4. Recursos humanos .......... 162
Criterio 5. Recursos materiais e servizos .......... 165
Criterio 6. Resultados da aprendizaxe .......... 167
Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento .......... 170

**III.- MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIÁIS DO MASTER EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (MAIE)** .......... **176**

**IV.- ACCIÓNS DE MELLORA DO MASTER EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (MAIE)** .......... **177**

IV. 1. Estado da situación das melloras propostas nos informes anteriores .......... 177
IV. 2. Novas propostas de accións de mellora .......... 178

# I. Indicadores

# Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade social corporativa (MAiE)

# I.1. Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC

| Centro: Facultade de CC. Económicas e Empresariais | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Panel de Indicadores | | | ¿Existe Meta de calidade asociada? | Resultado Curso 2019-2020 | Resultado Curso 2018-2019 | Resultado Curso 2017-2018 | Resultado Curso 2016-2017 |
| Código SGC | Código ACSUG | | | | | | |
| **I01-MC** | E14 | Certificación da implantación dos sistemas de calidade | Alcanzar certificación SGIC no curso 2020-21 | Centro non certificado | Centro non certificado | Centro non certificado | Centro non certificado |
| **I05-MC** | I4 | Grado satisfacción do PAS | - | Non hai enquisas | 3,5 | Non había enquisas | Non había enquisas |
| **I01-DO** | E2 | Seguimento das titulacións | Conforme | Conforme | Conforme | Conforme | Conforme |
| **I02-DO** | E2 | Acreditación das titulacións | - | Non procede | Non procedía | Non procedía | Non procedía |

| | Titulación: Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade social corporativa (MAiE) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Panel de Indicadores | | | ¿Existe Meta de calidade asociada? | Resultado Curso 2019-2020 | Resultado Curso 2018-2019 | Resultado Curso 2017-2018 | Resultado Curso 2016-2017 |
| Código SGC | Código ACSUG | Descrición | | | | | |
| **I02-MC** | **I4** | Grao satisfacción estudantado | **>2,5** | 3,42 | 2,68 | 3,48 | 3,43 |
| **I03-MC** | **I4** | Grao satisfacción profesorado | **>2,5** | Non hai enquisas | 4,85 | Non había enquisas | 4,72 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **I04-MC** | **I4** | Grao satisfacción persoas tituladas | **-** | 2,60 | 3,22 | 3,93 | 3,27 |
| **I06-MC** | **I4** | Grao satisfacción empregadores | **-** | 3,56 | Non é público | Non había dato/enquisa | Non había dato/enquisa |
| **I01-AC** | | Nota media de acceso | **>7,5** | Ver táboa anexa 1 | Ver táboa anexa 1 | 7,78 | 6,6 |
| **I01(2)-AC** | | Nota mínima de acceso | **-** | | 6,01 | 5 | 5 |
| **I02-AC** | | Ocupación | **>80%** | 88% | 64% | 80% | 88% |
| **I03-AC** | | Preferencia | **-** | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible |
| **I03(2)-AC** | | Adecuación | **-** | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible |
| **I04-AC** | **I1** | Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso académico) | **-** | 22 | - | 21 | 22 |
| **I03-DO** | **I8** | Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente) | **-** | 82,17% | 6,25% | 77,82% | 93,33% |
| **I04-DO** | **I8** | Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente) | **-** | 3,87 | - | 4,18 | 3,70 |
| **I05-DO** | | Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | **>2,5** | 3,21 | 2,33 | 3,42 | 3,43 |
| **I06-DO** | | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | **>2,5** | Non hai enquisas | 4,88 | Non había enquisas | 4,72 |
| **I07-DO** | | Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | **-** | 2,63 | 3,04 | 3,63 | 3,02 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **I08-DO** | | Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas | **-** | 2,57 | Non hai enquisas | Non hai enquisas | Non hai enquisas |
| **I09-DO** | **I3** | Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais | **-** | | - | Non hai datos para ese curso | Tot/Entr/Sal 3/1/2 |
| **I09(2)-DO** | | Estudantes estranxeiros | **-** | | - | - | - |
| **I010-DO** | | Duración media dos estudos | **1** | | 1 | 1,05 | 1,06 |
| **I011-DO** | | Taxa de rendemento | **> 90%** | 80% | - | 94% | 92% |
| **I012-DO** | | Taxa de abandono | **<8%** | 10% | 9,09% | 0% | 0% |
| **I013-DO** | | Taxa de eficiencia | **>95%** | 100% | 100% | 98% | 98% |
| **I014-DO** | | Taxa de graduación | **>80%** | 93,75% | 90% | 100% | 100% |
| **I015-DO** | | Taxa de éxito | **>95%** | 99% | 100% | 99% | 99% |
| **I016-DO** | | Tempo medio para encontrar emprego | **-** | Non hai datos | Non hai datos | Non había datos | Non había datos |
| **I017-PE** | **I7** | Porcentaxe de PAS en formación | **>60%** | | 70,62% | 77,55% | 90,60% |
| **I017(2)-PE** | **I6** | Profesorado en programas de formación | **-** | | 10 | 11 | 8 |
| **I02-PE** | | Cualificación do PDI | **>50%** | Ver táboa anexa 2 | Ver táboa anexa 2 | 94,1% | 1000% |
| **I03-PE** | | Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios) | **>2** | 8 | 5 | 4 | 3 |
| **I03(2)-PE** | | Profesorado por categoría | **Categoría** | **Nº** | | | **Categoría** |
| | | | Catedrático | Ver táboa anexa 3 | | | Catedrático |
| | | | Titular | Ver táboa anexa 3 | | | Titular |
| | | | Contratado Doutor | Ver táboa anexa 3 | | | Contratado Doutor |
| | | | Axudante Doutor | Ver táboa anexa 3 | | | Axudante Doutor |
| | | | Asociado | Ver táboa anexa 3 | | | Asociado |
| | | | Externos | Ver táboa anexa 3 | | | Externos |

## I.2. Rexistro de resultados dos indicadores específicos de seguimento establecidos pola ACSUG.

| Indicadores de seguimento | | | Resultado curso 19-20 | Resultado curso 18-19 | Resultado curso 17-18 |
|---|---|---|---|---|---|
| E3 | I2 | Perfil de ingreso do alumnado (Grao) | Ver táboa anexa 1 | Ver táboa anexa 1 | |
| I9 | | % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal) | | | |
| I10 | | Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade | | | |
| I11 | | Distribución do alumnado por centro de prácticas | | | |
| I14 | | Resultados de inserción laboral | http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/ | https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21 | https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21 |
| I15 | | Media de alumnos por grupo de docencia | O tamaño medio por grupo de docencia en todos os mestrados do centro coincide co nº de alumnos/as matriculados/as nos mesmos, ao ser sempre 1 o número de grupos de cada tipo | | |

# I.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais 2019-2020

| | Resultados de Participación | Satisfacción general curso 19-20 | Ítems/ epígrafes peor valorados | ítems epígrafes mellor valorados |
|---|---|---|---|---|
| **Alumnado** | 59%% | 3,42 | Resultados de aprendizaxe | Recursos materiais e servizos |
| | | | Información e transparencia | Recursos humanos |
| | | | Sistema de garantía de calidade | Organización e desenvolvemento |
| **Profesorado** | Non hai enquisas no curso 19-20 | | Obxectivos e competencias | Planificación |
| | | | Xestión da Calidade | Orientación ao estudantado |
| | | | Resultados de aprendizaxe | Recursos humanos |
| **Persoas tituladas** | 73% | 2,60 | Resultados de aprendizaxe | Recursos materiais |
| | | | Sistema de garantía de calidade | Recursos humanos |
| | | | Organización e desenvolvemento | Información e transparencia |
| **Empregadores** | 50% | 3,56 | Nivel de satisfacción co desempeño profesional das persoas tituladas | Nivel de adecuación da formación ao perfil profesional das persoas tituladas |

| | Organización e Desenvolvemento | Información e transparencia | Sistema de garantía de calidade | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Resultados de aprendizaxe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Alumnado** | 3,21 | 3,10 | 3,15 | 4 | 4,15 | 3,08 |
| **Persoas tituladas** | 2,41 | 2,60 | 2,30 | 2,75 | 3,38 | 1,94 |

| | Planificación e desenvolve-mento | Obxectivos e competencias | Xestión da Calidade | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Resultados | Orientación ao Estudante |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Profesorado | Non hai enquisas no curso 19-20 | | | | | | |

<table>
<tr><th></th><th colspan="2">Resultados de Participación</th><th colspan="2">Satisfacción xeral<br>2019-2020</th><th>Ítems/ epígrafes peor valorados</th><th colspan="2">ítems epígrafes mellor valorados</th></tr>
<tr><td>PAS</td><td colspan="7">Non hai enquisas</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Enquisa PAS</td><td>Información</td><td>Comunicación</td><td>Recursos humanos</td><td colspan="2">Recursos materiais e servizos</td><td colspan="1">Xestión da calidade</td><td>Xeral</td></tr>
<tr><td colspan="7">Non hai enquisas</td></tr>
</table>

# I.4. Indicadores por materia

## Taxas de Rendemento por Materia

| Materia | | Xénero | Nº créditos matriculados | Nº Créditos Presentados | Nº Créditos Superados | Taxa avaliación | Taxa Éxito | Taxa Rendemento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M134101 | A Responsabilidade Social na Empresa | Home | 50,00 | 45,0 | 45,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 60,00 | 45,0 | 45,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **110,00** | **90,0** | **90,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |
| M134102 | Xestión Ética | Home | 50,00 | 45,0 | 45,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 60,00 | 45,0 | 45,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **110,00** | **90,0** | **90,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |
| M134103 | Dirección Estratéxica | Home | 50,00 | 45,0 | 45,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 60,00 | 45,0 | 45,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **110,00** | **90,0** | **90,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |
| M134104 | RSC e Marketing | Home | 30,00 | 27,0 | 27,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 36,00 | 27,0 | 27,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **66,00** | **54,0** | **54,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |
| M134105 | Marketing Responsable | Home | 40,00 | 40,0 | 36,0 | 100,00% | 90,00% | 90,00% |
| | | Muller | 48,00 | 44,0 | 36,0 | 91,67% | 81,82% | 75,00% |
| | | **Total** | **88,00** | **84,0** | **72,0** | **95,45%** | **85,71%** | **81,82%** |
| M134106 | Información e Comunicación da RSC | Home | 30,00 | 27,0 | 27,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 36,00 | 27,0 | 27,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **66,00** | **54,0** | **54,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |
| M134107 | Fundamentos de Responsabilidade Social Empresarial Interna (Concepto + Elementos) | Home | 30,00 | 27,0 | 27,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 36,00 | 27,0 | 27,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **66,00** | **54,0** | **54,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |
| M134108 | Implantación e Temas Avanzados de Responsabilidade Social Empresarial Interna | Home | 30,00 | 27,0 | 27,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 36,00 | 27,0 | 27,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **66,00** | **54,0** | **54,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |
| M134201 | Xestión da Calidade Total | Home | 50,00 | 45,0 | 45,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 60,00 | 45,0 | 45,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **110,00** | **90,0** | **90,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |
| M134203 | Inversión e Financiación Socialmente con Criterios de Sostibilidade | Home | 30,00 | 27,0 | 27,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 36,00 | 27,0 | 27,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **66,00** | **54,0** | **54,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M134204 | Contabilidade Social | Home | 30,00 | 27,0 | 27,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 36,00 | 27,0 | 27,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **66,00** | **54,0** | **54,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |
| M134206 | Traballo Fin de Máster | Home | 130,00 | 104,0 | 104,0 | 80,00% | 100,00% | 80,00% |
| | | Muller | 156,00 | 104,0 | 104,0 | 66,67% | 100,00% | 66,67% |
| | | **Total** | **286,00** | **208,0** | **208,0** | **72,73%** | **100,00%** | **72,73%** |
| M134207 | Sistemas Normalizados de Xestión: Calidade, Medioambiente, Seguridade e Saúde no Traballo | Home | 50,00 | 45,0 | 45,0 | 90,00% | 100,00% | 90,00% |
| | | Muller | 60,00 | 45,0 | 45,0 | 75,00% | 100,00% | 75,00% |
| | | **Total** | **110,00** | **90,0** | **90,0** | **81,82%** | **100,00%** | **81,82%** |

## Informes de Cualificación por Materia

| Materia | | Xénero | Non Presentado | Suspenso | Aprobado | Notable | Sobresaínte | Matrícula de Honra |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M134101 | A Responsabilidade Social na Empresa | Home | 1 | | | 6 | 3 | |
| | | Muller | 2 | | 1 | 3 | 5 | |
| | | **Total** | **3** | | **1** | **9** | **8** | |
| M134102 | Xestión Ética | Home | 1 | | | 5 | 3 | 1 |
| | | Muller | 2 | | 1 | 4 | 4 | |
| | | **Total** | **3** | | **1** | **9** | **7** | **1** |
| M134103 | Dirección Estratéxica | Home | 1 | | | 3 | 6 | |
| | | Muller | 2 | | 1 | 6 | 2 | |
| | | **Total** | **3** | | **1** | **9** | **8** | |
| M134104 | RSC e Marketing | Home | 1 | | 1 | 4 | 4 | |
| | | Muller | 2 | | 1 | 6 | 2 | |
| | | **Total** | **3** | | **2** | **10** | **6** | |
| M134105 | Marketing Responsable | Home | | 1 | | 7 | 2 | |
| | | Muller | | 2 | | 7 | 2 | |
| | | **Total** | | **3** | | **14** | **4** | |
| M134106 | Información e Comunicación da RSC | Home | 1 | | 1 | 8 | | |
| | | Muller | 2 | | 1 | 8 | | |
| | | **Total** | **3** | | **2** | **16** | | |
| M134107 | | Home | 1 | | | 7 | 2 | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Fundamentos de Responsabilidade Social Empresarial Interna (Concepto + Elementos) | Muller | 2 | | | 6 | 1 | 2 |
| | | **Total** | **3** | | | **13** | **3** | **2** |
| M134108 | Implantación e Temas Avanzados de Responsabilidade Social Empresarial Interna | Home | 1 | | 1 | 5 | 3 | |
| | | Muller | 2 | | | 6 | 3 | |
| | | **Total** | **3** | | **1** | **11** | **6** | |
| M134201 | Xestión da Calidade Total | Home | 1 | | 1 | 8 | | |
| | | Muller | 2 | | 1 | 6 | | 2 |
| | | **Total** | **3** | | **2** | **14** | | **2** |
| M134203 | Inversión e Financiación Socialmente con Criterios de Sostibilidade | Home | 1 | | 4 | 4 | | 1 |
| | | Muller | 2 | | 4 | 1 | 3 | 1 |
| | | **Total** | **3** | | **8** | **5** | **3** | **2** |
| M134204 | Contabilidade Social | Home | 1 | | | | 8 | 1 |
| | | Muller | 2 | | | 1 | 7 | 1 |
| | | **Total** | **3** | | | **1** | **15** | **2** |
| M134206 | Traballo Fin de Máster | Home | | | 2 | 2 | 4 | |
| | | Muller | | | | 4 | 3 | 1 |
| | | **Total** | | | **2** | **6** | **7** | **1** |
| M134207 | Sistemas Normalizados de Xestión: Calidade, Medioambiente, Seguridade e Saúde no Traballo | Home | 1 | | 5 | 4 | | |
| | | Muller | 2 | | 3 | 4 | 1 | 1 |
| | | **Total** | **3** | | **8** | **8** | **1** | **1** |

# I.5. Estado dos rexistros do SIGC

| Rexistro | Procedemento | Verificado por calidade | Data para facer público | Data límite de entrega | Orde | Observacións | Documentos Adxuntos | Estado do rexistro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación | DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais | | | 23/01/2020 | 1 | Non procede | 0 | Completado |
| R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación | DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais | | | 28/11/2019 | 2 | Non procede | 0 | Completado |
| R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación | DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións | | | 30/01/2020 | 1 | O seguimiento da titulación formalízase a través do Informe de Revisión pola Dirección. Este informe atópase rexistrado nesta mesma aplicación no rexistro correspondente. | 0 | Completado |
| R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación | DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións | | | 30/09/2020 | 2 | A ACSUG aínda non enviou o Informe de avaliación do MAIE. Tan pronto sexa recibido rexistrarase na plataforma de Calidade | 0 | Completado |
| R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna | DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións | | | 30/09/2020 | 3 | Informe Final de Revisión interna | 1 | Completado |
| R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación | | | 29/11/2019 | 1 | Non procede | 0 | Completado |
| R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación | | | 29/11/2019 | 2 | Non procede | 0 | Completado |
| R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación | DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza | | | 25/09/2020 | 3 | Informe coordinación e presentación do Máster | 2 | Completado |
| R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares | DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas | | | 01/07/2020 | 1 | Nno procede.O Máster non tenprácticas curriculares. No Informe de coordinación recóllese información sobre as prácticas extracurriculares. | 0 | Completado |
| R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais) | PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI | | | 31/01/2020 | 1 | Resultados la avaliación docente | 1 | Completado |

# Táboas Anexas

## Táboa anexa 1. Perfil de ingreso do alumnado

| Estudo Acceso | Xénero | Nº de ingresos | Nota media acceso | Nota media acceso <Sen Xénero><TS> |
|---|---|---|---|---|
| Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Empresariais (Especialidade Financiamento) | Home | 1 | 6,400 | 6,400 |
| Estudos realizados no estranxeiro | Home | 7 | | |
| | Muller | 9 | | |
| Graduado en Administración e Dirección de Empresas | Home | 1 | 5,850 | 6,684 |
| | Muller | 1 | 7,517 | 6,684 |
| Graduado en Administración e Dirección de Empresas | Home | 1 | 6,593 | 6,593 |
| Graduado en Administración e Dirección de Empresas | Muller | 1 | 7,555 | 7,555 |
| Graduado en Comercio | Muller | 1 | 7,495 | 7,495 |

# Táboa anexa 2. I02-PE Cualificación do profesorado

| Categoría Laboral | Home | Muller | **Nº Profesorado** |
|---|---|---|---|
| | Nº Profesorado | Nº Profesorado | |
| Catedrático/a de universidade | 1 | 1 | **2** |
| Profesor/a titular de universidade | 2 | 2 | **4** |
| Profesor/a contratado/a doutor/a | 4 | 7 | **11** |
| Catedrático/a de escola universitaria | 1 | | **1** |

# Táboa anexa 3. I03(2)-PE Profesorado por categoría: Quinquenios

| Categoría Laboral | Nº Quinquenios | Nº Quinquenios | Nº Quinquenios |
|---|---|---|---|
| | Home | Muller | **Total** |
| Catedrático/a de universidade | 6 | 6 | **12** |
| Profesor/a titular de universidade | 7 | 10 | **17** |
| Profesor/a contratado/a doutor/a | 13 | 27 | **40** |
| Catedrático/a de escola universitaria | 5 | | **5** |

# I03(2)-PE Profesorado por categoría: Sexenios

| Categoría Laboral | Nº sexenios | Nº sexenios | Nº sexenios | Nº sexenios potenciais | Nº sexenios potenciais | Nº sexenios potenciais |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Home | Muller | **Total** | Home | Muller | **Total** |
| Catedrático/a de universidade | 2 | 2 | **4** | 6 | 5 | **11** |
| Profesor/a titular de universidade | 2 | 0 | **2** | 4 | 6 | **10** |
| Profesor/a contratado/a doutor/a | 0 | 2 | **2** | 9 | 16 | **25** |
| Catedrático/a de escola universitaria | 0 | | **0** | 4 | | **4** |

# II.- SEGUIMENTO DA TITULACIÓN: MASTER EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (MAIE)

## Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 1.1. Demanda e oferta:

O número de alumnos matriculados no curso 2019-2020 foi de 22, dato que é moi superior ó do curso pasado, no que só se matricularon 16 alumnos, e permite que o MAiE volva a contar neste curso académico cun número de estudantes similar ós dos cursos anteriores ó curso 18/19 (no curso 17-18 o número de matriculados foi de 21, no 16-17 de 26 e no curso 15-16 de 21). Este aumento do número de alumnos matriculados no Máster supón unha taxa de ocupación do 88% (indicador I02-AC), que permite cumprir novamente co obxectivo establecido.

É preciso indicar que os bos resultados no número de matriculados é froito do traballo feito para captar novos alumnos, xa que o número total de alumnos que solicitaron a preinscrición neste curso académico foi de 54: 20 españois e 34 estranxeiros, da inclusión na web do MAiE de información específica sobre o proceso de inscrición e matrícula e da boa xestión feita da listaxe de agarda en cada unha das convocatorias de matrícula, que permitiu que todos os integrantes de listaxe de agarda tiveran a posibilidade de exercer o seu dereito a matricularse no MAiE.

Analizando o perfil dos alumnos matriculados no curso 2019-200, debe indicarse que a idade media dos alumnos matriculados neste curso foi de 31,05 anos e a distribución por rango de idades foia a que se mostra na seguinte táboa:

| Rango | Frecuencia |
|---|---|
| 20-24 | 3 |
| 25-29 | 9 |

| | |
|---|---|
| 30-24 | 6 |
| 35-29 | 1 |
| 40-44 | 2 |
| 45-49 | 0 |
| 50-54 | 0 |
| 55-59 | 1 |
| 60- | 0 |

En relación á orixe dos alumnos matriculados en función dos países nos que realizaron os estudos que lles deron acceso ó MAiE e maioritariamente de Galicia, o 27,3%. O resto fixeron os seus estudos noutros países, principalmente da América Latina, aínda que tamén se matricularon 2 alumnos procedentes de África e outra de Asia. A continuación inclúese un cadro coa orixe dos alumnos matriculados en función dos estudos polos que accederon ó MAiE:

| Orixe | Total | % |
|---|---|---|
| España | 6 | 27,27% |
| Brasil | 3 | 13,64% |
| México | 3 | 13,64% |
| Bolivia | 2 | 9,09% |
| Colombia | 2 | 9,09% |
| Arxentina | 1 | 4,55% |
| China | 1 | 4,55% |
| Marrocos | 1 | 4,55% |
| Tunisia | 1 | 4,55% |
| Uruguai | 1 | 4,55% |
| Venezuela | 1 | 4,55% |

En canto a formación previa dos alumnos matriculados no MAiE no curso 2019-20 é preciso subliñar que as titulacións maioritarias correspóndense principalmente con aquelas afíns ó ámbito xurídico social: Administración de Empresas, Economía, Publicidade, Dereito, Relacións Laborais, Periodismo ou Enxeñería. O perfil de ingreso, por titulacións recóllese no seguinte cadro:

| Perfil de ingreso dos estudiantes no curso 2019/20 | |
|---|---|
| Administración e Dirección de Empresas | 8 |
| Comercio Internacional | 3 |
| Dereito | 3 |
| Comunicación Social | 2 |
| Arquitetura e Urbanismo | 1 |
| Enxeñería Agrónoma | 1 |
| Enxeñería Comercial | 1 |
| Ingenieria Industrial e de Sistemas | 1 |
| Enxeñería Industrial e Rentabilidade de Negocios cor especialidade en Loxística | 1 |

| | |
|---|---|
| Enxeñería e Produción en Música Popular Contemporánea | 1 |

Dada a metodoloxía docente do MAiE parécenos moi enriquecedor a diversidade de titulacións e formación, idades e orixes dos estudantes. Ademais, neste curso preto do 60% do alumnado contaba con experiencia laboral previa o que permitiu enriquecer os coñecementos transmitidos grazas ó debate que xurde ó longo das distintas sesións. A variedade da lugar a máis puntos de vista e alternativas á aprendizaxe, especialmente nas metodoloxías didácticas de análise de casos e situacións (utilizada na práctica totalidade de materias do MAiE). Pola contra, nesta situación pódense dar casos nos que é preciso complementar a formación dalgúns estudantes subministrando conceptos e coñecementos cós que non contan. Neste último aspecto, durante o curso que se está a analizar non se detectou ningún problema específico de necesidade de formación adicional que non se poderá resolver no propio desenvolvemento do curso coa utilización de materiais e titorías adicionais que programaron os profesores con estes alumnos.

## 1.2. Grao de satisfacción:

No que se atinxe ós resultados das enquisas de satisfacción dos grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento das ensinanzas, recollidos nos indicadores I4/105-DO/106-DO/107-DO/108-DO, pódese afirmar que son positivos e acordes ós obxectivos expostos. Así, a satisfacción dos estudantes con este aspecto do Máster foi de 3,87 sobre 5; mentres que o dato da satisfacción das persoas tituladas foi de 2,60 moi inferior ó dos anos precedentes segundo os datos da enquisa oficial de satisfacción da Universidade de Vigo, (3,22 no curso 18-19, 3,93 no 17-18 e 3,27 no 16-17). Este dato obtense a través da realización dun reducido número de enquisas, o que permite explicar as diferenzas entre os resultados dos distintos cursos.

O grao de satisfacción coas prácticas académicas externas foi dun 2,5, resultado acorde coa situación xa comentada de excepcionalidade provocada pola pandemia neste curso académico.

Aínda que para o período deste informe non hai datos sobre a satisfacción do profesorado, con respecto a este ítem débese recordar que o dato do curso pasado foi dun 4,88, unha puntuación alta e similar ó dato neste apartado no curso 16-17 que foi dun 4,72, e se espera que se acaden resultado similares na próxima enquisa.

## 1.3. Desenvolvemento das actividades docentes

O inicio da actividade docente neste curso académico tivo lugar o luns 23 de setembro de 2019 cunha sesión de apertura. Esta sesión de presentación, previa ó inicio das clases, está formulada para transmitir algunhas informacións importantes sobre o desenvolvemento do MAiE e para responder persoalmente ás dúbidas que podan ter os novos alumnos da Universidade de Vigo, que ano tras ano soen ser a meirande parte dos estudantes matriculados, e axudalos a realizar as xestións necesarias para a súa incorporación total ó MAiE.

As clases do MAiE impartíronse de luns a xoves en horario de mañá (de 09:30 a 14:00 horas) dende o 1/10/2019 ata o 10/03/2020 (ambos incluídos) na aula seminario 8 da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus de Vigo), con sesións puntuais nas aulas de informática por requirimentos docentes.

A finalización do período docente presencial o 10 de marzo de 2020 permitiu que este non fora afectado pola decisión adoptada pola Universidade de Vigo de suspender as actividades lectivas presenciais a partir do 13 de marzo de 2020 debido ó COVID-19. Por esta razón, pódese dicir que non houbo incidencias relevantes ó longo do período docente do curso, polo que o desenvolvemento do plano de estudos realizouse conforme á memoria en vigor e ás guías docentes das materias, o que permitiu que os alumnos do Máster puidesen adquirir as competencias contempladas nestas.

Aínda así, a petición da Xunta de Galicia e da Universidade de Vigo, no MAiE fixéronse modificacións nas guías docentes das materias para recoller fundamentalmente cambios relacionados cos mecanismos de atención ó alumnado e a avaliación non continua propostos para facer fronte ó novo enfoque docente que se tivo que implantar na segunda parte do último cuadrimestre deste curso académico no que primaba a docencia de carácter non presencial.

## 1.4. Prácticas extracurriculares

Ao amparo do disposto no RD 592/2014 de 11 de xullo sobre prácticas externas nos estudios universitarios, o MAiE contempla a posibilidade de que os estudantes fagan prácticas externas de carácter extracurricular en empresas ou institucións, de cara á elaboración dun TFM de tipo práctico recollido na Memoria da Titulación. Para o desenvolvemento destas prácticas o MAiE utiliza, de modo xeral, o modelo de convenio de cooperación educativa da Universidade de Vigo aprobado en Consello de Goberno e xestionado pola Fundación da Universidade de Vigo (FUVI).

Como ten acontecido nos cursos precedentes, no curso 2019-2020 a maioría do alumnado optou inicialmente por un TFM Práctico e, polo tanto, pola realización de prácticas extracurriculares. Sen embargo, como no MAiE as prácticas en empresas soen ter lugar unha vez rematada a actividade docente entre os meses de marzo a xuño. Isto deu lugar a que as prácticas extracurriculares si resultaran afectadas pola decisión adoptada pola Universidade de Vigo de suspender as actividades lectivas presenciais debido ó COVID-19. En consecuencia, non se puideron realizar as prácticas externas extracurriculares que estaban prácticamente cerradas coas empresas colaboradoras --e incluso algunhas xa estaban asinada e a piques de empezar-- xa que case todas esixían presencialidade por parte dos estudantes.

A situación de excepcionalidade que vivimos na parte final deste curso académico non afectou á actividade docente, pero só fixo posible levar a cabo as prácticas de 3 alumnos baixo a modalidade telemática e de outros 2 alumnos do MAiE de maneira presencial, que puideron

iniciar as súas prácticas finalizado o período de alarma e unha vez que a Universidade de Vigo permitiu a realización das mesmas e as empresas que os acolleron consideraron que existían garantías suficientes para que estes alumnos realizaran as súas prácticas extracurriculares de maneira presencial.

A totalidade destes alumnos realizaron as practicas con convenios canalizados a través da FUVI e as horas realizadas por eses alumnos acércase ás 240 (máximo permitido pola lexislación da Universidade de Vigo para prácticas non remuneradas nas empresas).

A asignación dos alumnos ás empresas realizouse atendendo ó perfil requirido polas empresas e, na medida do posible, ás preferencias dos alumnos. Ao asignar a práctica, asignábase tamén un titor de prácticas na empresa e outro titor académico do MAiE para cada alumno, de cara a facilitar o seguimento do traballo do alumno nestas prácticas.

## 1.5. Traballos Fin de Máster

A suspensión da actividade presencial fixo que a coordinación do MAiE transmitira a todos os estudiantes do Máster a Instrucción do Vicerrectorado de Ordenación Académica e Profesorado da Universidade de Vigo de 30 de marzo de 2020 de sustituir as prácticas en empresas por actividades equivalentes de carácter non presencial para poder garantir a continuidade da actividade académica e o cumprimento dos obxectivos docentes do curso académico. Nesta situación, a coordinación do MAiE, ademais de transmitir esta información ós alumnos, aconsellou ós estudantes do MAiE que optaron pola realización dun TFM Práctico e que non estaban realizando prácticas de maneira telemática, que consideraran a realización dun TFM Teórico, cambio que inicialmente non se contempla na normativa, pero que permitiu a referida instrución. Este cambio permitiu a presentación do TFM de todos os alumnos que cumprían as condicións para defender o seu TFM e non limitaba a posibilidade de realizar as prácticas unha vez recuperada a normalidade, se as empresas asignadas ós alumnos seguían considerando a posibilidade de realización desas prácticas e os estudantes seguían interesados na súa realización.

O 23 de abril de 2020 a Comisión Académica do MAiE tratou os cambios das prácticas extracurriculares externas de presenciales a telemáticas e a suspensión temporal das que non se puideron realizar desta maneira e a aprobación do cambio de modalidade do TFM destes alumnos e a nova asignación de titores de TFM nos casos que foi necesario. Nesta reunión tamén se considerou a realización de posibles cambios en relación á presentación e defensa dos TFM do curso 2019/20. Medidas que foron postas en marcha para asegurar o cumprimento de todos os requisitos indicados na instrución primeira do documento de Instrucións do 6 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de aseguramento da calidade da docencia non presencial nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Como consecuencia das decisións adoptadas e do traballo realizado polo alumnado do MAiE, todos os estudantes que estaban en condicións de presentar o seu TFM o defenderon de maneira telemática diante dos tribunais colexiados nomeados pola CAM nos meses de xuño (5 TFMs) e

xullo (11 TFMs) do ano 2020. E preciso indicar que, por decisión personal, 2 alumnos do MAiE decidiron retrasar a elaboración e presentación do seu Traballo Fin de Máster ó curso académico 2020/2021.

Os Traballos Fin de Máster presentados no curso 2019-2020 son os que se recollen na seguinte táboa:

| Alumnos | Titores | Título TFM |
|---|---|---|
| Abeijón Pérez, Sandra | Ferro Soto, Carlos | EL PROCESO DE GESTIÓN DE LOS STAKEHOLDERS EN LA ESTRATEGIA DE LAS ORGANIZACIONES |
| Alvarado Lujan, Nataly Laura | Rodríguez Daponte, Rocío | GESTIÓN DE LA IGUALDAD DE GÉNERO A TRAVÉS DEL SISTEMA DE RIESGOS CORPORATIVOS |
| Barrios Diaz, Johely | Rodríguez Daponte, Rocío | POLÍTICA PÚBLICA DE RESPONSABILIDAD SOCIAL CORPORATIVA: CASO CARTAGENA DE INDIAS |
| Blkraiet, Tarek | Comesaña Benavides, Fernando | CREACIÓN UN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO |
| Castro Rodiño, María Carmen | Ferro Soto, Carlos | ACTUACIONES DE RESPONSABILIDAD SOCIAL CORPORATIVA DURANTE LA CRISIS DEL COVID-19 |
| Del Olmo Casalderrey, Jaime | Pita Castelo, José | SITUACIÓN Y GRADO DE IMPLANTACIÓN DE LA RESPONSABILIDAD SOCIAL CORPORATIVA EN EL ÁMBITO DE LAS EMPRESAS CONSERVERAS ESPAÑOLAS A TRAVÉS DEL ANÁLISIS DE LOS ESTADOS DE INFORMACIÓN NO FINANCIERA |
| Fernández Cerdeira, Luis Manuel | Crespo Franco, Tony | ESTUDIO SOBRE LA INTRODUCCIÓN Y EVOLUCIÓN DE LA SOSTENIBILIDAD EN LOS FESTIVALES MUSICALES |
| Fernández García, Jesús | Fernández González, Arturo José | SISTEMAS DE GESTIÓN DE CALIDAD COMO HERRAMIENTA DE CONTRIBUCIÓN A LA RESPONSABILIDAD SOCIAL CORPORATIVA EN ESPAÑA Y MÉXICO |
| Fernández Millán, Ignacio | Otero Neira, Mª Carmen | MEMORIA DE PRÁCTICAS TELEMÁTICAS EN LA EMPRESA SICOM |
| García Salgado, Marcos | Rodríguez Domínguez, Mª Mar | PLAN DE VIABILIDADE DUNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA BOVINA |
| Kamouni, Sara | Otero Neira, Mª Carmen | ARTIFES. A SOCIAL BRAND |
| López García, Cristina | Rodríguez Domínguez, Mª Mar | REORGANIZACIÓN DE LOS MODELOS DE NEGOCIO EN EL SECTOR DE LA ALIMENTACIÓN |
| Martínez Sousa, Viviana | González Vázquez , Encarnación | DESARROLLO DE UN PLAN DE NEGOCIOS PARA UN MARKETPLACE DE PRODUCTO GALLEGOS PRODUCIDOS POR PEQUEÑOS PRODUCTORES DE CERCANÍA UTILIZANDO LA METODOLOGÍA LEAN STARTUP. |
| Muñoz Lozano, Nicolás | Otero Neira, Mª Carmen | CONSULTORAS DE SOSTENIBILIDAD Y COVID 19. UNA MIRADA DENTRO DE ICSEM VIGO |
| Schebesta Acea, Brenda Denise | López Miguens, Mª Jesús | PLAN DE MARKETING ADICAM 2020-2021 |
| Ventura Barca, Silvia | García Rodríguez, María José | REPUTACIÓN EMPRESARIAL: ANÁLISIS DEL BANCO DE LA REPÚBLICA ORIENTAL DEL URUGUAY |

## 1.6. QSP

Non se recibiu ningunha queixa nin suxestión a través deste sistema durante o curso 2019-2020.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| • Podería incrementarse o nº de matriculados | • Manter o número de actividades de promoción do MAiE para incrementar o número de solicitudes de matrícula.<br>• Manter o seguimento da lista de agarda nos distintos prazos de preinscrición e matrícula para que tódolos que forman parte dela teñan a posibilidade de realizar a matrícula no Máster. |

***Evidencias nas que se basea a valoración:***

*E1: Memoria vixente do título*

*E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora*

*E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)*

*E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e*

*curso académico)*

*E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade*

*E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).*

*QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza*

***Indicadores nos que se basea a valoración:***

*I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición*

*I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia*

*I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)*

*I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros*

*I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes*

*grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.*

*I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso*

*I02-AC: Ocupación*
*I03-AC: Preferencia*
*I03(2)-AC: Adecuación*

## Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Máster ofrece información detallada ós alumnos e a tódolos interesados a través da súa páxina web de maneira visual e sinxela: http://maiersc.webs.uvigo.es

Neste curso académico modificouse a estrutura da web do MAiE, buscando simplificar a navegación e incluíndo un apartado dedicado especificamente á matrícula e ampliando a información dispoñible neste e noutros apartados da web.

Co obxectivo de simplificar a navegación dos visitantes á web do MAiE, estruturouse en torno a 5 apartados: Presentación, Docencia, Matrícula, Novedades e Contacto. A web conta cunha páxina web na que se reciben a meirande parte dos accesos e mostra os vínculos a cada un destes cinco grandes apartados nos que se estruturou. A descrición dos 5 apartados da web do MAiE e os seus principais contidos móstrase a continuación:

**Presentación**. Esta páxina web pretende dar a coñecer información básica do MAiE e está estruturada en torno ós seguintes bloques temáticos:

- Qúe es MAiE...
- Objetivos...
- Puntos Fuertes...
- Destinatarios...
- Perfil de Acceso...
- Requisitos de Ingreso...

A información que se ofrece non é moi distinta da que se ofrecía na antiga web, pero agora emprégase para facilitar o acceso a algunha información complementaria que ate este momento non estaba á disposición dos visitantes. Entre esta información pódese citar: Folleto e Tríptico Informativo do MAiE, Inserción Laboral dos Alumnos do MAiE e Perfil de Ingreso dos Estudantes que cursaron o MAiE nos derradeiros cursos académicos.

Estes últimos documentos incorpóranse á web como resposta á demanda de información dos candidatos a realizar o MAiE, e para que ós visitantes á web podan comprender mellor o perfil

multidisciplinar dos estudantes do MAiE, diseñado para formar profesionais polivalentes e, o tempo, que se poda observar que, tal e como se establece no perfil de acceso ó MAiE, a preferencia de acceso de estudantes que veñan de titulacións afíns ó ámbito xurídico-social no que se inscribe este Máster Universitario. E, por outra banda, os resultados da inserción laboral dos alumnos que cursaron o MAiE nos últimos anos. Aspectos que se recollían na meirande parte de solicitudes de información que recibiu a coordinación do Máster dos interesados en cursar o MAiE.

Docencia. Páxina web que busca informar ós visitantes acerca dos contidos docentes do MAiE e que esta estruturada en torno ós seguintes bloques temáticos:

- Comisión Académica...
- Plan de Estudios...
- Personal Docente...
- Metodología Docente...
- Calendario y Horarios...
- Prácticas...
- Entidades Colaboradoras...

Unha das principais razóns dos visitantes que acuden á web do MAiE é coñecer a oferta académica do Máster. Aquí se concentran a maior parte das consultas á web do MAiE. Aproveitouse o cambio para incorporar, ademais da información básica da oferta docente, a Memoría da Titulación, Acceso ás Guías Docentes das materias do MAiE, Curriculum Vitae do profesorado encargado da docencia, Calendario Docente e información sobre dúas cuestións que preocupan especialmente ós interesados en realizar o Máster: Traballo Fin de Máster e Prácticas ofertadas no MAiE. É por isto polo que, por unha banda, se ofrece nesta páxina web o Regulamento de Elaboración e Defensa do TFM, as Liñas de TFM Académico Propostas, o Calendario do TFM e o Listado de TFM Defendidos en Cursos Anteriores; e, por outra, as empresas e institucións nas que teñen realizado a súas prácticas os alumnos do MAiE nos cursos precedentes.

Matrícula. A inclusión desta páxina web é a razón fundamental desta nova estrutura da web do MAiE. Esta páxina web busca concentrar a información que se ofrece ós visitantes que desexan matricularse no MAiE e está estruturada en torno ós seguintes bloques temáticos:

- Preinscripción y Matrícula...
- Calendario...
- Documentación...
- Proceso de Matrícula...
- Criterios de Admisión...
- Precio...
- Becas...

Este deseño foi concibido en base ás numerosas consultas dos candidatos a cursar o MAiE nos últimos anos, incluíndo toda esta información de maneira sinxela de consultar, mostrando de

maneira clara e sinxela o calendario dos distintos prazos de preinscrición e matrícula, o procedemento a seguir para realizar a preinscrición e a matrícula, a documentación que se debe presentar e os criterios de admisión. Ademais inclúese un apartado que ofrece información sobre o prezo da matrícula no MAiE e posibles bolsas ás que poden optar os estudantes que realicen o MAiE.

Novidades. Nesta páxina web, que está en continua actualización, se recollen as últimas novidades relevantes do MAiE. O longo do período docente se centra en informar de aspectos relevantes que teñen lugar no curso e ofrece o calendario docente actualizado. En períodos de preinscrición e matrícula os seus contidos se enfocan en mostrar as etapas e novidades que xorden no mesmo.

Contacto. Está paxina web mostra a ubicación en Google Maps da sede do Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas y Responsabilidad Social Corporativa e un formulario para facilitar o contacto coa coordinación do MAiE.

O traballo realizado na web do MAiE parece que deu bo resultado, xa que a enquisa de satisfacción do alumnado feita de maneira oficial pola Universidade de Vigo para tódalas titulacións mostra en relación coa información e transparencia un resultado de 3,10 sobre 5, dato que mellora de maneira importante o 2,25 obtido no curso precedente.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
| --- | --- |
| • Posibilidades de mellorar a web do máster | • Actualización continua da información ofrecida na web do MAiE.<br>• Incorporar información relacionada co SGC na web do MAiE. |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)*

*R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública*

*QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.*

## Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.**

A nivel de centro, segundo os RD 1393/2007 e RD 861/2010 polos que se ordenan as ensinanzas universitarias oficiais en España, todos os títulos que se imparten na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais intégranse nun Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) e participan nos programas de verificación, acreditación e seguimento de títulos. O Sistema de Garantía de Calidade en vigor é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009.

A información asociada ao SGC está dispoñible na páxina principal da web da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais: http://fccee.uvigo.es/es/

- o Política e obxectivos de calidade:

  http://fccee.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/02/Objetivos-Calidad-y-metas-a-26022020-act.pdf

- o Manual:

  http://fccee.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/02/Manual-de-Calidad-fcee-2015-actualizado.pdf

A xestión de evidencias e rexistros lévase a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

O SGC permite identificar os resultados obtidos polo MAiE á vez que se analiza a súa "posición" fronte ós obxectivos de calidade establecidos. A Comisión Académica do Máster analiza estes

resultados e pon en marcha accións de cara á mellora daqueles resultados que non se consideran satisfactorios.

A participación, a través do representante do MAiE, nas distintas reunións da Comisión de Calidade do Centro, órgano que a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten en funcionamento no marco do SGIC, permite analizar os principais resultados de todas as titulacións e se levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo ós procedementos establecidos. Tamén permiten ó MAiE intervir nos debates e nas análises vencellados ós distintos rexistros do SGIC que se producen no centro,

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC foi actualizado con posterioridade a súa implantación. É a Área de Calidade do Universidade de Vigo a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos "marco". Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias/rexistros asociados ao SGIC, que son validados, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola dirección que prepararan anualmente os responsables das titulacións.

| Titulación | Categoría Laboral | Nº Quinquenios | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Home | Muller | **Total** |
| Máster Universitario en Economía | Catedrático/a de universidade | 28 | 5 | **33** |
| | Profesor/a titular de universidade | 36 | 17 | **53** |
| | Profesor/a contratado/a doutor/a | - | 5 | **5** |

## Sexenios

| Categoría laboral | Nº sexenios | Nº sexenios | Nº sexenios | Nº sexenios potenciais | Nº sexenios potenciais | Nº sexenios potenciais |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Home | Muller | **Total** | Home | Muller | **Total** |
| Catedrático/a de universidade | 20 | 4 | **24** | 25 | 4 | **29** |
| Profesor/a titular de universidade | 16 | 7 | **23** | 23 | 12 | **35** |
| Profesor/a contratado/a doutor/a | | 3 | **3** | | 4 | **4** |

# II.- SEGUIMENTO DA TITULACIÓN: MÁSTER UNIVERSITARIO EN ECONOMÍA

## Criterio 1. Organización e Desenvolvemento

**Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.**

O desenvolvemento do plan de estudos do Máster Universitario en Economía realizouse conforme á memoria verificada. A pesar de ter unha loxística complicada, ao impartirse simultaneamente en tres campus diferentes (Facultades de Economía das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), non se produciron incidencias destacables. Isto permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado e de desenvolvemento docente do profesorado. A situación de emerxencia da Covid-19, non ocasionou ningunha incidencia na actividade docente do Máster: os sistemas de videoconferencia e de teledocencia empregado permitiu superar a situación sen ningún atranco. So cabe resaltar o retraso nas leituras dos TFMs do Máster, pois a titorización e realización deste traballo final require unha maior presencialidade e interrelación entre o titor e o alumno.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A demanda do título é elevada, o que xustifica a súa existencia e sustentabilidade. O título mantén unha alto interese académica e os seus contidos están actualizados conforme, dunha banda, coas aportacións máis recentes da análise económica, política económica, e técnicas estatísticas e econométricas; e, doutra banda, das necesidades sociais, institucionais e os requisitos da profesión. Os indicadores de seguimento e acreditación ofreceron resultados favorables.

### 1.1. Demanda e oferta:

**Máster Universitario en Economía.** Os alumnos que solicitan acceder ao Máster son licenciados de Economía, ADE, Enxeñaría e Física. Tamén acceden alumnos que traballan e compatibilizan o seu emprego matriculándose en materias vencelladas ao seu campo laboral. Finalmente matricularon-se varios alumnos estranxeiros.

Os indicadores de matrícula relacionados co acceso de novos/as estudantes ao título (notas de acceso, ocupación, preferencia, adecuación, etc.) amosan resultados positivos, acordes cos obxectivos establecidos para a titulación.

No curso 2019-2020 cubriron-se 22 prazas ofertadas. A memoria do Máster en Economía recolle 15 prazas ofertadas en cada Campus (45 prazas en total). Deses alumnos, varios alumnos abandonaron o Máster ou cambiaron o seu estatus a tempo parcial ao atoparen emprego ou por

razóns persoais. Alén destes, temos 6 alumnos que xa cursaron o curso 2018-19 e que estaban a tempo parcial por motivos laborais, ou aos que lle faltaba por presentar o TFM. Adicionalmente aos alumnos do Máster, a UDC oferta a alumnos de Erasmus os cursos do Máster, e na USC alumnos de intercambio. No curso 2019-20 tivemos 1 alumna dunha universidade polaca na UDC, e 3 alumnos mexicanos na USC.

A información do alumnado do curso 2019-20 atópase na seguinte táboa:

| | Novo | | | 2o curso | Total alumnos 2019-20 | Erasmus/ Intercambio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | EEE | Estranxeiros | | | |
| USC | 11 | 8 | 3 | 2 | 13 | 2 |
| UDC | 5 | 5 | | 3 | 8 | 4 |
| UVigo | 5 | 2 | 3 | 1 | 6 | |
| | **21** | 15 | 6 | **6** | **27** | **6** |

**Caso da Universidade de Vigo.** Os alumnos que solicitan acceder ao Máster matriculándose na Universidade de Vigo son licenciados de Economía e ADE (Indicador *I2: número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia).* Tamén accedeu un alumno que traballan e compatibilizan o seu emprego matriculándose en materias vencelladas ao seu campo laboral. Finalmente, abandonaron o Máster os 3 alumnos estranxeiros, dous deles por non obter financiamento, e outro por imposibilidade de compaxinar a actividade laboral co seguimento do Máster.

Os indicadores de matrícula relacionados co acceso de novos/as estudantes ao título (notas de acceso, ocupación, preferencia, adecuación, etc.) amosan resultados negativos: con so 5 alumnos de nova matrícula (Indicador I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición). A información do alumnado da UVigo atopa-se na táboa seguinte

| Estudo Acceso | Xénero | Nº de ingresos | Nota media acceso | Nota media acceso <en Sexo><TS> |
|---|---|---|---|---|
| Estudos realizados no estranxeiro | Home | 2 | | |
| | Muller | 1 | | |
| Graduado en Administración e Dirección de Empresas | Home | 1 | 8,228 | 8,228 |
| Graduado en Economía | Home | 1 | 6,892 | 6,892 |

Isto pon de manifesto a necesidade de ter unha política de captación activa no futuro para casar a demanda ca oferta de prazas de novo ingreso (15).

Para o curso 2019-20 non se proporcionou información da nota media de acceso (Indicador *I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso)*. Tampouco hai datos para outros indicadores I02-AC: Ocupación, I03-AC: Preferencia, I03(2)-AC: Adecuación.

Finalmente, o Máster en Economía non ten alumnos que participan en programas de mobilidade (Indicador I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade).

## 1.2. Grao de satisfacción:

**Máster Universitario en Economía.** No que respecta á coordinación, tamén se revisan as guías docentes de todas as materias da titulación. Todas as Guías Docentes se publican en castelá e en galego nas webs das tres universidades, na web do Máster (www.mastereconomia.gal), e en cadansúa páxina das materias aloxadas en faitic.uvigo.es.

En relación co curso anterior, no que existiu disparidade en algúns contidos ensinados parello á materia, debido as universidades participantes permiten clonar materias do 1o semestre e mais do Itinerario común "Análise Económica", neste semestre existiu maior coordinación entre profesores, programas e materias. Todos os alumnos seguiron a 1a parte da materia Métodos Estatísticos, polo que todos recibiron o curso de R que se impartiu a iniciativa dun docente da UDC. En futuros cursos académicos debera-se afondar na coordinación doutras materias.

**Caso da Universidade de Vigo.** En relación cos resultados de satisfacción dos distintos grupos de interese (Indicador *I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción*) están indicados na táboa adxunta:

| Panel de Indicadores | | | Resultado Curso 2019-2020 | Resultado Curso 2018-2019 |
|---|---|---|---|---|
| Código SGC | Código ACSUG | Descrición | | |
| I05-DO | | Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | 4 | 2,98 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **I06-DO** | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | Non hai enquisas | 4,15 |
| **I07-DO** | Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | 3,45 | - |
| **I08-DO** | Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas | | 4,7 |

So indicar o incremento do Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza, que pode suxerir as melloras na coordinación das materias do Máster. Especialmente no referido aos problemas existentes nas materias clonadas do 1º semestre.

## 1.3. Mobilidade do estudantado

Dado o perfil e duración do Máster, non se considerou a posibilidade de mobilidade do alumnado no curso 2019-20.

Porén, recibiuse a unha alumna de Erasmus, procedente dunha universidade polaca na UDC, e 5 estudantes de intercambio internacional, 6 alumnos mexicanos na UDC(3) e na USC(2).

## 1.4. Prácticas curriculares

**Máster Universitario en Economía.** O Máster conta dentro da súa oferta docente, prácticas curriculares que realizan os alumnos no a partir do 2º semestre (Xaneiro-Xullo). No Máster existe un procedemento interno e descentralizado onde o coordinador de cada universidade consulta individualmente a cada alumno o perfil de empresa onde desexa realizar as práctica, para logo buscar dentro do menú de empresas cas que ten convenio o Máster e a Universidade aquela práctica que resulta mais axeitada para o cada alumna/o. A situación de emerxencia da Covid-19, non ocasionou ningunha indicencia na actividade das prácticas curriculares do Máster. O período de confinamento coincidiu co período lectivo.

As empresas nas que estiveron realizando as prácticas os alumnos elixíronse de entre as que ten convenios o Máster e/ou as universidades participantes do programa. En particular, Arestora Consultores, Asociación de Emprendedores de Galicia (ASCEGA), Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, Coinscrap Finance, Concello de Arteixo, Concello de Cambre, Concello de Oleiros, Franquicias Gacela, Opseekers Tech, Paradores Nacionais, Pérez Rumbao, Qubitia Solucións,

Txstockdata S.L., Valora Consultores de Gestión.

A duración das prácticas curriculares son de 150 horas que non son remuneradas. Aínda que existía a posibilidade de estender as práctica, converténdose en prácticas non-curriculares, neste curso 2019-20 non houbo ningunha ampliación.

**Caso da Universidade de Vigo.**

Non existe información da valoración das prácticas extracurriculares por parte dos estudantes do Máster en Economía Para o curso 2019-2020

Rexistraron un total de 2 prácticas curriculares. Outro alumno que simultaneou a súa actividade laboral co Máster.

## 1.5. QSP

Durante o curso 2019-2020 recibiu-se unha queixa dun alumno da UVigo na materia Pensamento Económico. Debido a que a materia contou cun único profesor da USC, a guía docente da materia, colgada na web da USC, non estaba actualizada na web do Máster nin na plataforma de teledocencia. Isto ocasionou que un alumno que non podía asistir ás clases presenciais tivese dificultade en superar o exame de primeira oportunidade (Decembro de 2019). O alumno realizou unha reclamación ante o Decanato da Facultade de C.C. Económicas da UVigo. Un tribunal do Departamento de Economía Aplicada resolveu o caso, realizando un exame independente ao alumno co temario da web colgada na web do Máster na plataforma de teledocencia.

| Puntos débiles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
| --- | --- |
| • Problemas para obter datos da UDC e da USC<br>• Moi baixa matriculación de alumnos na UVigo.<br>• Mellorar a coordinación entre o profesorado. | • Publicitar tempranamente o Máster en Economía no curso 2019-20.<br>• Continuar na mellorar a coordinación entre os profesores das diferentes universidades que imparten a mesma materia.<br>• Realizar unha política activa de captación de alumnos na UVigo en coordinación co Vicerreitorado de Internacionalización. |

***Evidencias nas que basea a valoración:***

*E1: Memoria vixente do título*

*E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título,*

*incluíndo os plans de mellora*

*E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)*

*E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)*

*E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade*

*E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).*

*QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza*

***Indicadores nos que se basea a valoración:***

*I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición*

*I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia*

*I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)*

*I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros*

*I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.*

*I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso*

*I02-AC: Ocupación*
*I03-AC: Preferencia*
*I03(2)-AC: Adecuación*

## Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**

A información relevante sobre o Máster Univeritario en Economía é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes: estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese.

Para o caso da universidade de Vigo, a Enquisa I.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais 2019-2020, aparece que a Información é Transparencia acada un 4,67 para o alumnado e un 4 para os titulados. Porén, dado o problema puntual que se ocasionou unha reclamación dun alumno debido á non coincidencia entre a Guía Docente na web da materia e na web do Máster e a Guía Docente indicada na USC, proponse como mellora a solicitude ao profesorado de unificar a información e, no caso da web do Máster (http://mastereconomia.gal), indicar no apartado de Guías Docentes un link ás Guías Docentes da Universidade do profesor da materia.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na páxina web da do Máster (www.mastereconomia.es), da Facultade (http://fccee.uvigo.es/) e na páxina web das tres universidades participantes no programa: a Univesidade da Coruña (www.udc.es), a de Santiago de Compostela (www.usc.es) e a Universidade de Vigo (www.uvigo.es) publican moita e moi relevante información sobre o Máster en Economía. Pódese consultar a Memoria da titulación, os Informes de calidade, as Guías docentes, os resultados acadados na titulación no seu conxunto e nas distintas materias, etc.

A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente có contido da memoria verificada do título.

Na páxina web da do Máster (www.mastereconomia.es) a información organízase a través de varias pestanas situadas nunha barra superior:

- Unha páxina de INICIO onde se indican tres links rápido á información máis relevante do Máster: unha resumida do Máster no seu díptico, os horarios do Máster e os itinerarios. Tamén aparecen os coordinadores do Máster (que tamén aparece na pestana https://www.mastereconomia.gal/informacion-xeral/coordinacion/), e unha sección de novidades e noticias (que tamén é unha das pestanas superiores https://www.mastereconomia.gal/novidades/).
- Unha páxina de INFORMACIÓN XERAL onde pódese atopar información xeral sobre o Máster en Economía https://www.mastereconomia.gal/informacion-xeral/: Esta páxina permite acceder a outra información específica: admisión e matrícula (https://www.mastereconomia.gal/informacion-xeral/admision-e-matricula/), a relación de

profesorado que imparte docencia no Máster (https://www.mastereconomia.gal/informacion-xeral/profesorado/profesorado-da-uvigo/) e os Coordinadores do Máster (https://www.mastereconomia.gal/informacion-xeral/coordinacion/).

- Na sección de PLAN DE ESTUDOS atópase información sobre o calendario das materias nos dous semestres e os horarios de clases e exames (https://www.mastereconomia.gal/plan-de-estudos/horarios/), as materias obrigatorias do 1o semestre (https://www.mastereconomia.gal/plan-de-estudos/materias-obrigatorias/), os itinerarios do Máster que os alumnos poden seguir no 2o semestre onde se especifican por materias as Guías docentes aprobadas (https://www.mastereconomia.gal/plan-de-estudos/itinerarios/), as materias optativas que os alumnos podería elixir no 2o semestre conforme á memoria do Máster (https://www.mastereconomia.gal/plan-de-estudos/materias-optativas/), e finalmente, unha sección adicada a explicar as Prácticas Externas –onde se indican as empresas colaboradoras- e o Traballo Fin de Máster (https://www.mastereconomia.gal/plan-de-estudos/practicas-en-empresa-e-tfm/)
- Na sección de COMUNICACIÓN atópase diferente información relevante do máster (https://www.mastereconomia.gal/comunicacion/descargas/): unha sección de descargas, onde se pode descargar o díptico e o cartazo publicitario do Máster (https://www.mastereconomia.gal/comunicacion/descargas/), diferentes enlaces ás universidades participantes e outra información (https://www.mastereconomia.gal/comunicacion/enlaces-de-interese/), uns termos legais sobre o uso da web (https://www.mastereconomia.gal/comunicacion/aviso-legal/), e a política de privacidade (https://www.mastereconomia.gal/comunicacion/politica-de-privacidade/)
- Finalmente, existe unha pestana de CONTACTO onde se indica o enderezo electrónico para solicitar información do Máster (https://www.mastereconomia.gal/contacto/).

Durante o curso 2018-2019 o novo equipo decanal tomou a decisión de modernizar e mellorar a páxina web do centro. Ca actualización da páxina web en Setembro de 2019 desapareceu a información referida aos Másters e especificamente ás Guías Docentes (sen ser un link á páxina web do Máster). Ao final do curso 2019-20 apareceu en Docencia un apartado para os Mestrados. Porén, non é posíbel atopar na páxina web da Facultade aparecía na oferta académica un link ás guías docentes do Máster, dentro da súa oferta docente (http://fccee.uvigo.es/).

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| • A Comisión Académica non estableceu obxectivos de calidade.<br>• Corrixir as disparidades nas Guías Docentes entre a oficial/actualizada, a que aparece na web da materia (faitic.uvigo.es) e a que aparece na web do Máster (mastereconomia.gal). | • A Comisión Académica debe fixar obxectivos de calidade e establecer metas de calidade asociada en concreto nos items de Taxa de graduación, Taxa de abandono, Taxa de eficiencia, Taxa de rendemento, Taxa de éxito e Taxa de avaliación.<br>• Na web do Máster, no apartado das Guías Docentes, crear un link que leve á Guía docente da materia na universidade que imparte o docente. |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)*

*R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública*

*QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.*

## Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**

É obxectivo do Centro analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.**

**Aspectos a valorar:**

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilizalos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Sistema de Garantía de Calidade, en vigor, é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema unha ferramenta real de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 e continuada ao longo dos seguintes cursos académicos supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estrutural, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no Informe de Revisión pola Dirección que anualmente elabora o centro e as titulacións, "as modificacións levadas a cabo, son valoradas, a nivel xeral, como positivas".

Toda a documentación asociada ao SGC publícase na Web do centro: http://fccee.uvigo.es/es e a xestión de evidencias e rexistros se leva a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/ (Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro: graos e mestrados, teñen representación na Comisión de Calidade do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos

establecidos.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

**Aspectos a valorar:**

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

<u>**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**</u>

O SGC permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza a súa "posición" fronte aos obxectivos de calidade establecidos. A participación nas distintas reunións da Comisión de Calidade tamén favorece os debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros do SGIC. O grao de satisfacción do alumnado do Máster (enquisa 2019-2020) sobre o SGC é de 5 puntos sobre un total de 5 (Indicador I.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais 2019-2020). Ao analizar este mesmo grao de satisfacción das persoas tituladas o valor obtido é máis positivo, situándose no 2,93.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

**Aspectos a valorar:**

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no Centro que contribúe á mellora continua.

<u>**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**</u>

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC, foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade da Universidade de Vigo, a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos "marco".

Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias/rexistros asociadas ao SGIC, que son validadas, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola Dirección, tal e como se comentou anteriormente.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade*

*E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)*

*E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)*

*E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

*EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***
*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade*
*I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro*

# Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Os recursos humanos –PAS e PDI- son fundamentais nos procesos soporte do programa de posgrao nos tres campus onde se imparte. Obsérvase unha dispoñibilidade adecuada e unha alta cualificación e adecuación ó programa formativo (Indicador I02-PE Cualificación do profesorado). O nivel de experiencia e actualización queda patente nos datos de quinquenios (Indicador I03(2)-PE Profesorado por categoría ) e sexenios do PDI ou na participación activa do PAS nos cursos de formación.

Debemos indicar que as táboas anexas 2 e 3 proveen unha información errónea, debido a que parten da información subministrada pola Universidade de Vigo. A insuficiencia da información provén de que o Máster interuniversitario. Debido a que na UVigo é a CAM a que asigna a docencia do profesorado que aporta a UVigo ao Máster, mentres que na UDC e na USC son os Departamentos os que asignan. Isto ocasiona que no momento de aprobar o POD do Máster na UVigo se descoñeza quen vai impartir docencia nas outras universidades. Porén, mesmo a información sobre o profesorado do Máster que aparece no POD é confusa. Por exemplo, aos 7 profesores externos que aparecen no POD do Máster non se lles asigna categoría laboral e se lles presupón que non son doutores. Sería ideal que as universidades participantes no Máster aportaran a información requirida para ter unha visión mais axeitada dos recursos humanos cos que conta o Máster.

Tamén descoñecemos a % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (Indicador I9), non so na UVigo (Cadro I.2. Rexistro de resultados dos indicadores específicos de seguimento establecidos pola ACSUG), senón tampouco para o resto do profesorado das universidades participantes (UDC e USC).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Máster Universitario en Economía.** O profesorado que participa no Máster ten o nivel de cualificación esixido para a súa implantación, tanto en termos de experiencia docente como investigadora.

A porcentaxe de profesores doutores é do 100%. O 86% son profesores funcionarios e o 11% contratados doutores ou interinos, polo que pode considerarse o conxunto do profesorado como moi estable.

As tres institucións ofrecen diversas oportunidades ó profesorado para seguir formándose,

especialmente en competencias transversais e de mellora das habilidades docentes.

Para avaliar a actividade docente do profesorado, as tres universidades realizan as Enquisas de Avaliación Docente (EAD). Porén, non existe unha enquisa unificada das tres universidades: a universidade so avalía a profesores das súas universidades facendo enquisas a alumnos das súas universidades. Isto ocasiona que non se dispoña de información do grao de satisfacción do alumnado a través das universidades. Para suplir dita deficiencia, solicitouse aos alumnos que cubrisen unhas enquisas propias do Máster, na Plataforma de teledocencia do Máster http://faitic.uvigo.es en "M0-Espacio Común". Aconsellados polo persoal do servizo de teledocéncia, as preguntas eran moi simples e xenéricas. O obxectivo era detectar problemas. Aínda que foxen anónimas, e que se insistira, non foron moitas as respostas. De todos xeitos foron útiles para tomar decisións para o seguinte curso académico.

Caso da Universidade de Vigo. As institucións ofrecen diversas oportunidades ó profesorado para seguir formándose, especialmente en competencias transversais e de mellora das habilidades docentes. No portal de transparencia da Universidade de Vigo pódense consultar os distintos cursos formativos que se ofertan para o persoal docente e investigador e para o persoal de administración e servizos

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35

Para avaliar a actividade docente do profesorado, a Universidade de Vigo realiza as Enquisas de Avaliación Docente (EAD). Os resultados das respostas dos 2 alumnos aparecen no Apéndice de Tabelas, non se poden extraer grandes conclusións. Neste sentido debe indicarse que o coordinador da UVigo púxose en numerosas ocasións ca Área de Calidade da UVigo para que buscaran un procedemento (por exemplo, enquisas online) para que os alumnos de outras facultades puidesen avaliar aos docentes da UVigo. Dada a normativa e o procedemento da UVigo, este tipo de enquisas a alumnos que non pertencen á universidade non foron posíbeis.

O grao de satisfacción do alumnado no curso 2019-20 cos Recursos Humanos do Máster foi de 5 sobre 5, maior que os alumnos titulados (3 sobre 5). Esta mellora na percepción do alumnado poido ser por dúas razóns: en primeiro lugar, polas melloras implementadas no curso pasado referidos especialmente a reducir o número de docentes por materia; e, en segundo lugar, pola experiencia adquirida polos docentes do Máster na docencia online no curso 2018-19.

O persoal de apoio permite desenvolver as funcións administrativas e de servizos do centro e , deste modo, atender a todo o persoal docente e ao estudantado. O súa eficiencia e, en xeral, moi alta, xa que contan co nivel de cualificación esixido. Do mesmo modo que o profesorado, o persoal de apoio benefíciase das oportunidades de actualización instrumentadas pola Universidade de Vigo en canto a cursos de formación.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar |
|---|---|
| Dificultade para que os alumnos de unha universidade e matriculados en materias que imparte un docente doutra universidade poidan avaliar ao docente. | Seguir insistindo as áreas de calidade das tres universidades que posibilite a avaliación |

***Evidencias nas que se baseou avaloración:***

*E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve*

*E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)*

*R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PDI*

*I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas*

*I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.*

*I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución*

*I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos*

*I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)*

*I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)*

*I02-PE: Cualificación do PDI*

*I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)*

*I03(2)-PE: Profesorado por categoría*

## Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do Máster son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.**

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado e o profesorado é moi positiva. Considéranse que son axeitados ás necesidades do Máster.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Máster Universitario en Economía.**

As Facultade de Ciencias Económicas das tres universidades participantes contan con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados...

En cada universidade, a Facultade de Económicas asignou un aula para desenvolver a docencia do Máster equipada con encerados, con ordenador, pantalla e canón e con wifi de acceso libre. Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, un espazo para a delegación de alumnos, servizo de reprografía, cafetería e comedor, unha ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos.

A docencia online require técnicas e ferramentas docentes diferentes que na docencia presencial, á que están afeitos os profesores do Máster. O sistema de teledocencia escollido, emeeting, un desenvolvemento de Adobe Connect, a calidade do vídeo non ten a suficiente nitidez que permitise ver as explicacións dos docentes que tentaban empregar as pizarras tradicionais. Isto ocasionou unha rápida busca de alternativas. E diferentes profesores empregaron alternativas ás pizarras tradicionais. Ante o reto da docencia online habilitáronse para o Máster unha serie de melloras, tanto na aula asignada para impartir docencia, como en tecnoloxías. En particular, debido ás necesidades particulares das materias de Matemáticas, Estatística e Econometría, na aula asignada ao Máster acondicionouse especificamente para o desenvolvemento do Máster, dotándose ordenador e un sistema inalámbrico de encerado por Bluetooth (Ebeam) que na UDC e na UVigo foi financiado pola agrupación estratéxica ECOBAS, e na USC foi adquirida polos fondos asignados ao Máster. Porén, esta (boa) solución a curto prazo, non é unha boa solución de futuro porque é contradictoria co método docente dunha clase online, que require que o docente estea sempre diante da cámara e non se levante da súa cadeira (pois ocasiona perdas de son). Parece que para o futuro, o Máster terá que buscar outros periféricos mais axeitados como as pizarras táctiles, tablets, etc. que permitan empregar a ferramenta Whiteboard de emeeting. Novamente obrigará aos docentes a aprender o manexo destes periféricos, aos que non están afeitos na súa docencia presencial.

Para desenvolver as actividades docentes, o Máster pivota con dous servizos fornecidos pola Universidade de Vigo: o sistema de teledocencia, https://faitic.uvigo.es/index.php/es/, e a plataforma emeeting do Campus Mar e xestionada por UVigoTV e https://emeeting.campusdomar.es/

Os recursos bibliográficos e documentais son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca de cada universidade (no caso da UVigo http://www.biblioteca.uvigo.es).

**Caso da Universidade de Vigo.** A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados... A aula 145 para desenvolver a docencia do Máster está equipada con encerados, con ordenador, pantalla e canón e con wifi de acceso libre (os problemas de sinal suplíronse ca transformación do ordenador en punto de acceso wifi). Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos, servizo de reprografía, cafetería e comedor, unha ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos.

En xeral, consideramos que o nivel de recursos materiais e infraestruturas dispoñibles asegura o correcto funcionamento dos distintos títulos que se imparten na Facultade así como da actividade investigadora. Nese senso, como se reflicte nas enquisas de satisfacción, o estudantado do Máster amósase satisfeito cos recursos materiais cos que conta a Facultade, outorgándolle unha puntuación de 5 puntos. As persoas tituladas puntúan este apartado con 2.5 o que indica a mellora nos recursos materiais tras o esforzo realizado no curso 2018-19 (Táboa I.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais 2019-2020).

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar** |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título*

*E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT*

*E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e*

*extracurriculares.*

*E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título*
*E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia*
*E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***
*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos*
*I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas*
*I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.*
*I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,…)*

# Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil do egresado e corresponden-se co nivel do MECES do título.

Novamente atopámonos cas dificultades de presentar os resultados globais do Máster, pois unicamente se subministran os datos da UVigo, na que se matricularon 5 alumnos mais unha alumna por 2a vez, pero seguiron as materias 3 (dous alumnos a tempo parcial). Dos 21 alumnos restantes do Máster non temos información de xeito oficial. Sería ideal que as universidades participantes no Máster aportaran a información requirida para ter unha visión mais axeitada dos resultados da aprendizaxe acadada polos alumnos do Máster.

Por tanto, gran parte dos comentarios que podemos realizar da información subministrada baséanse nos resultados acadados por 3 alumnos da UVigo.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados da aprendizaxe obtidos polos alumnos do Máster en Economía son os previstos na Memoria do Máster.

O profesorado responsable das distintas materias de cada un dos cursos do Máster mantiveron reunións periódicas e informais cos coordinador do Máster das tres universidades. Nesas reunións valórase como transcorreu o cuadrimestre, expoñendo aspectos positivos e negativos, e as necesidades tecnolóxicas da docencia online. O seu obxectivo é unha mellor planificación e desenvolvemento da docencia, e co fin de facilitar a adquisición das competencias definidas nas guías docentes. Esta información trasládase á Comisión Académica e á Comisión de Calidade quen deberá analizar os potenciais problemas que puideran xurdir e propor solucións.

As taxas de avaliación, rendemento e éxito no caso da UVigo no curso 2019-2020 son elevadas para a meirande parte das materias (especialmente se nos decatamos que é información de 3 alumnos que acabaron superando todas as materias nas que cursaron).

## 6.1. Análise das materias nos distintos cursos do Máster

**Materias do 1º semestre.** No primeiro semestre do Máster en Economía, todas as materias son obrigatorias. Todos os alumnos matriculados (e que non abandonaron o Máster) superaron as materias entre as convocatorias celebradas en Decembro e Abril, agás na materia de Conxuntura Económica onde so 1 alumno da USC non superou a materia.

**Materias do 2º semestre.** No segundo semestre os alumnos especialízanse escollendo 6 materias dos 4 itinerarios. Conforme á memoria do Máster, para obter unha mención do título por un itinerario, teñen que cursar 4 materias de dito itinerario. Na seguinte táboa indícanse as materias escollidas en cada itinerario polos alumnos de cada universidade

| | Políticas Públicas e Economía Rexional | Economía e Sociedade | Economía e finanzas | Análise Económica |
|---|---|---|---|---|
| **USC** | 0 | 2 | 19 | 16 |
| **UDC** | 18 | 1 | 0 | 8 |
| **UVigo** | 3 | 6 | 0 | 4 |

Constata-se que no curso 2019-20 mantense o *home bias* na matrícula dos alumnos: os alumnos tenden a matricularse nos itinerarios que se imparten presencialmente en cada Campus. Así,

- os alumnos da Universidade da Coruña escolleron principalmente as materias do itinerario Políticas Públicas e Economía Rexional, impartido dende a UDC, e do itinerario Economía e Sociedade, impartido dende a Universidade de Vigo. Todos superaron as materias na convocatoria de Marzo.
- Os alumnos da Universidade de Vigo escolleron materias do itinerario Economía e Sociedade, impartido dende a UVigo, e do itinerario Políticas Públicas e Economía Rexional, impartido dende a Universidade da Coruña. Todos superaron as materias na convocatoria de Marzo.
- Finalmente, os alumnos da Universidade de Santiago de Compostela escolleron principalmente as materias de Economía e Finanzas, impartido dende a USC. Porén, tamén houbo un grupo de alumnos que se matricularon nas materias do itinerario Análise Económica, que se imparte por docentes das tres universidades e está destinado a alumnos que queren seguir cursando Másters e doutoramentos académicos.

**Prácticas curriculares.** Como xa se indicou, está descentralizada a busca de empresas e a asignación de alumnos a cada empresa. Os alumnos desenvolveron esta materia, acorde cas súas preferencias e intereses laborais futuros. Todos os alumnos que realizaron as Prácticas curriculares completaron o Máster.

**Prácticas curriculares na UVigo.** No caso da UVigo, os alumnos desenvolveron esta materia, acorde cas súas preferencias e intereses laborais futuros: na consultora EOSA e no Ximnasio Saúde & Deporte, ambos en Vigo. Non consta o grao de satisfacción dos alumnos e dos

empregadores para o curso 2019-20.

**Traballo de Fin de Máster.** A materia Traballo de Fin de Máster evidencia unha gran complexidade na súa organización e no seu desenvolvemento (traballos individuais baixo a tutela dun profesor/a). Cada membro do profesorado con docencia no Máster en Economía ten ofertar como mínimo un TFM.

A proposta dos coordinadores do Máster, no curso 2019-2020 a Comisión Académica aprobou un regulamento sobre os TFM, casando as normativas das tres universidades participantes.

Tamén no curso 2018-2019 a Universidade de Vigo aprobou unha nova normativa para os Traballos de Fin de Máster que entrou en vigor no curso 2019-2020. Nela estableceuse que o alumnado pode elixir entre ser avaliado polo seu titor ou ben por un tribunal colexiado. Esta normativa da Universidade de Vigo aplicara-se ao Máster evitando colisionar cas normativas das demais universidade e sempre que non sexa en perxuízo da igualdade de oportunidades de todos os alumnos que cursen o Máster. No curso 2019-2020, 7 estudantes defenderon o seu traballo ante un tribunal colexiado paritario composto por tres membros: 3 alumnos da UDC, e 4 alumnos da USC. Poden existir varias razóns da baixa presentación de TFMs. A máis relevante foi a situación excepcional debida ás restriccións pola Covid-19: así como a docencia non se resentiu, os TFMs son un traballo onde a presencialidade entre o titor e o alumno parece que é mais importante. Estes retrasos, xunto cos diferentes prazos para presentar os TFM nas universidades participantes no Máster (por exemplo, na UDC hai que depositar o TFM en Xullo para poder defende-lo en Setembro), impediron a varios alumnos presentar o seu TFM dentro do curso académico.

A taxa de éxito no TFM é do 100%, o que supón que todo o alumnado que defendeu o seu traballo obtivo a cualificación de apto. As taxa de rendemento e avaliación foi do 100%. Analizando conxuntamente a taxa de éxito coas taxas de rendemento e avaliación o que se conclúe é que os traballos que se defenden posúen unha elevada calidade, e os estudantes acadan as competencias definidas na guía docente.

## 6.2. Resultados das enquisas de satisfacción

**Máster Universitario en Economía.** Se se analiza conxuntamente a Titulación pode concluírse que os resultados da aprendizaxe son acadados con certo grao de éxito, o que parece coincidir ca percepción do estudantado.

As competencias, resultados da aprendizaxe, metodoloxía docente e os métodos de avaliación están reflectidos nas Guías Docentes, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web do Máster www.mastereconomia.gal ou, ben a través da páxina web das tres universidades participantes.

Estas guías están consensuadas entre os profesores encargados de impartir cada materia e son

revisadas cada curso académico. Nelas atópase información detallada sobre cada materia: métodos docentes, sistemas de avaliación, contidos, referencias bibliográficas, etc. que son de gran utilidade para o alumnado, tanto durante o desenvolvemento do curso, coma no curso precedente, xa que aportan unha visión global das materias a cursar.

**Caso da Universidade de Vigo.** Os resultados da enquisa realizada ó alumnado sobre os resultados da aprendizaxe foron de 4.5 puntos sobre un total de 5. As persoas tituladas puntúan este apartado con 3.5 o que indica a mellora nos recursos materiais tras o esforzo realizado no curso 2018-19 (Táboa I.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais 2019-2020). As competencias, resultados da aprendizaxe, metodoloxía docente e os métodos de avaliación están reflectidos nas Guías Docentes, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web do Máster www.mastereconomia.gal ou, ben a través da páxina web da Universidade de Vigo.

https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=303&ensenyament=V03G100V01&consulta=assignatures&any_acad emic=2017_18

No curso 2018-19 tamén estaban na páxina web da Facultade, pero tras a modificación de Setembro de 2019 dita información xa non aparece.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|

***Evidencias nas que se se baseou a valoración:*** *E4: Guías docentes das materias*
*E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)*
*E25/: Informes de cualificación por materia e Informes de rendemento por materia*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***
*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción*
*I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)*

# Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Da análise dos principais datos e resultados do Máster conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Unha avaliación dos resultados académicos reflicte unha adecuada adquisición do nivel de competencias e habilidades do alumnado.

## 7.1 Rendemento da titulación

Dos 27 alumnos inicialmente matriculados, 15 realizaron un seguimento continuado dos cursos dos cales 3 alumnos estaban a tempo parcial por razóns laborais. A taxa de graduación para o curso 2019-2020 foi do 58.3% dos alumnos que seguiron o curso a tempo completo finalizaron o Máster. Dos outros dous alumnos, 5 alumnos quédalles presentar o TFM. Como xa indicamos anteriormente, a situación excepcional provocada pola Covid-19 pode explicar dito retraso en completar o Máster. Isto significa que 13 alumnos dos 15 que seguiron o curso completo superaron as materias.

| | Matriculados | Seguimento continuado | Tempo parcial | Remataron o Máster | Finalizados / Matriculados a tempo completo | Finalizados / Seguimento continuado e a tempo completo - tempo parcial |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **USC** | 13 | 5 | 1 | 3 | 25,0 | 75,0 |
| **UDC** | 8 | 7 | 1 | 4 | 57,1 | 66,7 |
| **UVigo** | 6 | 3 | 1 | 0 | 0,0 | 0,0 |
| **Total** | 27 | 15 | 3 | 7 | 29,2 | 58,3 |

Para desenvolver as actividades docentes, a Facultade conta tamén cun servizo de teledocencia, moi implantado entre o profesorado da titulación e ben valorado polo estudantado. https://faitic.uvigo.es/index.php/es/ Gracias aos servizos informáticos da Universidade, dende o mes de abril de 2020 a Facultade conta cun xemelgo dixital. En efecto, a declaración do estado de alarma e o cese de docencia presencial propiciou a creación de aulas e despachos virtuais que posibilitan a realización plena das distintas actividades docentes, como son as clases e as titorías. Tanto o profesorado como o alumnado puidéronse beneficiar destes medios tecnolóxicos, que dende a Facultade se consideran moi importantes para o desenvolvemento futuro da ensinanza universitaria e a realización de actividades complementarias, como conferencias, seminarios ou encontros virtuais.

Os recursos bibliográficos e documentais cos que conta a Facultade son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca http://www.biblioteca.uvigo.es

Aplícanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e

medio ambiente. O seu coñecemento é accesible a través da páxina web do Servizo de prevención de riscos laborais da UVigo https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/prevencion-riesgos

En xeral, consideramos que o nivel de recursos materiais e infraestruturas dispoñibles asegura o correcto funcionamento dos distintos títulos que se imparten na Facultade así como da actividade investigadora. Nese senso, como se reflicte nas enquisas de satisfacción, o estudantado amósase satisfeito cos recursos materiais cos que conta a Facultade, outorgándolle unha puntuación de 3,29 puntos. As persoas tituladas puntúan este apartado con 3,85 puntos e, o profesorado, con 4,22.

Tamén hai que reseñar que durante o confinamento, ás clases foron impartidas a través de teledocencia usando a plataforma que a Universidade desenrolou para tal fin: https://campusremotouvigo.gal/

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
| --- | --- |
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título*

*E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT*

*E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.*

*E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título*
*E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia*
*E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***
*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos*
*I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas*
*I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.*
*I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)*

# Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados da aprendizaxe obtidos polos alumnos do máster son os previstos na Memoria da Titulación. A CAM analiza os resultados e debate, si é necesario sobre desviacións. As taxas de avaliación, rendemento e éxito no curso 2020-2021 son elevadas para a meirande parte das materias.

Como se pode observar nas taxas de rendemento e informe de cualificación por materia, os resultados son moi favorables e reflicten o abandono dun alumno, taxas de rendemento e éxito elevadas e cualificación satisfactorias na maioría das materias para a totalidades dos alumnos a excepción dos que desistiron (5 alumnos, a maioría extranxeiros), que son os non presentados nas materias. Os alumnos do Máster ten un elevado nivel de motivación o que pode explicar estes resultados. Non obstante, no resultado das enquisas de satisfacción o alumnado, a nota acadada é mais baixa que a media, pero supera ós 3,5 puntos, polo que compre analizalo e tentaremos mellorar nos vindeiros cursos coa modificación do número de horas en varias materias a través da modificación de memoria que está en trámite.

Como punto débil identificamos a necesidade de identificar ás materias nas que determinados alumnos necesitan apoio específico dos profesores. Por iso, vanse potenciar ás cases de apoio e definir ós ámbitos xenéricos de actuación.

Outro aspecto a mellorar é a oferta de empresas que soamente son nacionais. Como acción de mellora proponse acadar empresas estranxeiras para as prácticas curriculares dos alumnos.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
| --- | --- |
| 1) Se quere estandarizar e defini-los ámbitos de docencia das clases de apoio<br>2) Ata este curso, toda- las empresas ofertadas para a realización de prácticas son nacionais e no ámbito xeográfico de Galicia | 1) Potenciar clases de apoio a alumnos con carencias formativas<br>2) Incorporación de empresas estranxeiras para as prácticas |

***Evidencias nas que se se baseou a valoración:*** *E4: Guías docentes das materias*
*E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)*
*E25/: Informes de cualificación por materia e Informes de rendemento por materia*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción*

*I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)*

# Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Como se comentara anteriormente, as porcentaxes de éxito son do 100%, mentres que o rendemento e avaliación están preto dese resultado polo efecto do abandono dalgún alumno. Os resultados de satisfacción son doados para as opinión emitidas por alumnado e titulados. Este aspecto debe ser obxecto de reflexión aínda que pode estar motivado polo baixo número de enquisas respostadas polos alumnos (do 24% e 40% para titulados).

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

***Indicadores:***

*I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico*

*I12: Evolución dos indicadores de resultados*

- *Taxa de graduación*
- *Taxa de abandono*
- *Taxa de eficiencia*
- *Taxa de rendemento*
- *Taxa de éxito*
- *Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)*

*I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso*

*I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empreso*

*I010-DO: Duración media dos estudos*

## III.- MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIÁIS DO MÁSTER EN FINANZAS

Incluiranse as modificacións non substanciais que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a Titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificación nos Títulos verificados de Grao e Máster” da ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teñan que someter a un proceso de Modificación.

Na actualidade estase tramitando una modificación non substancial da memoria do máster, que xa foi aprobada en Xunta de Facultade e remitida a ACSUG. Se a resposta é favorable temos a intención de implantar estes cambios no vindeiro curso.

# IV.- ACCIÓNS DE MELLORA DO MÁSTER EN FINANZAS

## IV. 1. Estado da situación das melloras propostas nos informes anteriores

As accións e o seu estado de seguimento están incluídas de forma detallada na aplicación de xestión documental do SGC.

As diferentes actuación dos plans de mellora están en diferente estado de execución, e detallase na seguinte táboa.

| PUNTOS DÉBILES DETECTADOS | ACCIÓNS DE MELLORA A IMPLANTAR |
|---|---|
| **MASTER EN FINANZAS** | |
| **Criterio 1. Organización e desenvolvemento** | |
| Falta de adecuación de algunos contenidos de las guías docentes a la Memoria | Revisión sistemática de todas las guías docentes y ajuste de todos los contenidos a las fichas de materias de la memoria, con especial atención a los sistemas de evaluación y competencias<br>(Estado: realizada y finalizada no curso 2019-20) |
| Realización de prácticas de dos materias de primer y segundo cuatrimestre en un único cuatrimestre de manera acumulada atendiendo a problemas de organización de empresas colaboradoras y horarios de alumnos | Se plantea una modificación de memoria atendiendo a las recomendaciones del Informe en la que se trasladen las prácticas al 2º cuatrimestre y una posible modificación de los créditos ECTS totales asignados a las prácticas. Se iniciarán los trámites en el curso 2020/21. Con anterioridad, en el curso 2019/20 se procederá a evaluar de manera independiente las materias intentando que la mayoría de los alumnos puedan realizar las prácticas en el período correspondiente<br>(Estado: realizada y finalizada no curso 2019-20, excepto modificación de memoria en trámite na ACSUG) |
| Los criterios de admisión incluidos en la web se han redactado de manera errónea y no coinciden con los incluidos en la memoria | Corrección de errores en la web y inclusión de los mismos criterios que los recogidos en la memoria. En la valoración de alumnos que desean matricularse en el master en el curso 2019/20 se han aplicado los criterios recogidos en la memoria no lo hagan en la convocatoria extraordinaria.<br>(Estado: realizada y finalizada no curso 2019-20) |
| El reconocimiento de créditos por experiencia profesional no se estaba realizando de una manera adecuada y no se incorporaba información en la memoria | En el curso 2019/20 se va a adaptar el proceso de reconocimiento a los dispuesto en la normativa de transferencia y reconocimiento de créditos de la |

| | |
|---|---|
| | Universidad de Vigo y al RD 1393/2007, centralizando el proceso de reconocimiento en la Secretaría de alumnos. Se informará a los alumnos en la página web del proceso administrativo, fases, documentación necesaria que deben entregar en Secretaría de alumnos, plazos, requisitos que considerará la Comisión académica para informar favorablemente, y límite posible de créditos del 15% que coincide con los 9 ECTS de la materia prácticas en empresas II. La secretaría de alumnos finlizará el pocedimiento otorgando el reconocimiento, si procede, y calificando la materia en las actas oficiales. Todos los alumnos deberán ralizar de manera obligatoria la materia Practicas en empresas I de 6 ECTS.<br>(Estado: realizada y finalizada no curso 2019-20)<br><br>Como se explica en la acción de mejora 2, a medio plazo se plantea una modificación de memoria atendiendo a las recomendaciones del Informe en la que se trasladen las prácticas al 2º cuatrimestre y una posible modificación de los créditos ECTS totales asignados a las prácticas.<br>(En trámite na ACSUG) |
| En la memoria del Master se indica que se valorarán solicitudes de admisión de alumnos provenientes de Grados en finanzas, economía y afines, Titulación en Economía, Administración de empresas, Derecho e Ingenierías. Los alumnos que provengan de grados diferentes a Administración de Empresas o similares, pueden tener carencias formativas de base que dificulten la comprensión de materias del Master | Se ofrecerán a los alumnos clases específicas adicionales en las primeras semanas para dotarles de una base mínima necesaria para la adecuada comprensión en las materias del Master. En el resto del curso, serán ayudados por un tutor específico ique realizará un seguimiento individual de estos alumnos y estará disponible para apoyarles y resolver dudas y dar explicaciones adicionales si así lo solicitan los alumnos.<br>(Estado: realizada y finalizada no curso 2019-20) |
| Un único tutor se estaba encargando de la tutorización de los Trabajos de Fin de Master | Habrá varios tutores a disposición de los alumnos para dirigir los Trabajos de Fin de Master, poniendo un límite razonable de trabajos a cada tutor para que se pueda realizar una dirección y asesoramiento eficaz a los alumnos<br>(Estado: realizada y finalizada no curso 2019-20) |
| **Criterio 2. Información y transferencia** | |
| Página web no actualizada en algunas informaciones y links | Revisión sistemática de las informaciones y enlaces de la página web para corregir los errores y completar información relevante para los alumnos<br>(Estado: realizada y finalizada no curso 2019-20) |
| El link de la página web no está actualizado y no accede a las guías docentes del curso actual, que han sido revisadas según la memoria tal como se detalla en la acción de mejora 1 | Revisión de los enlaces de la página web para acceder a las guias docentes del curso actual<br>(Estado: realizada y finalizada no curso 2019-20) |

| | |
|---|---|
| | |
| **Criterio 3. Sistema de garantía de calidade** | |
| La tasa de participación de estudiantes en las encuestas de evaluación del profesorado es muy baja | Comunicar y animar a los estudiantes a rellenar encuestas de evaluación docente en el período previo a su realización explicando su importancia para la mejora de la calidad docente<br>(Estado: realizada y finalizada no curso 2019-20) |
| El profesorado externo del Master no entra dentro del ámbito de aplicación del profesorado de la Universidad de Vigo a través de las encuestas de evaluación docente estandarizadas para el profesorado de la Universidad de vigo | Elaboración e implantación de mecanismos para la evaluación de profesorado externo en colaboración con el área de calidad de la Universidad de Vigo que elaborará una encuesta accesible a a través de la aplicación de teledocencia<br>**(En realización curso 2020-21)** |

| **Criterio 4 . Recursos Humanos** | |
|---|---|
| No consecución de tramos de actividad investigadora entre los profesores doctores | Fomento de la actividad investigadora del profesorado doctor. Los profesores doctores intentarán mejorar su producción científica intentado conseguir publicaciones y congresos investigadores, aunque no consigan un reconocimiento oficial<br>**(En realización curso 2020-21)** |
| **Criterio 6. Resultados de aprendizaxe** | |
| No se tienen datos periódicos y sistemáticos de las necesidades y satisfacción de los empleadores | Comunicación y solicitud de información a los empleadores sobre sus necesidades y satisfacción en la colaboración con el master<br>**(En realización curso 2020-21)** |

| **Criterio 7 . indicadores de satisfacción y rendimiento** | |
|---|---|
| Aunque la mayoría de las preguntas reciben calificaciones altas, algunos apartados de la encuesta de satisfacción de estudiantes reciben notas bajas, por lo que la valoración media se reduce | Análisis desde la Comisión académica de las posibles causas de las bajas calificaciones en algunas preguntas de la encuesta de satisfacción para determinar si las preguntas no son de aplicación a las actividades de este master o si se pueden cambiar aspectos que mejoren la valoración de los alumnos<br>**(En realización curso 2020-21)** |

## IV. 2. Novas propostas de accións de mellora

Na presente táboa inclúense as novas accións de mellora recollidas no presente Informe de Revisión pola Dirección para o seu desenvolvemento no curso 2020 – 2021. O detalle das mesmas encóntrase na aplicación de xestión documental do SGC.

| Denominación da acción de mellora | Criterio directriz | Punto débil detectado | Actuacións a desenvolver |
|---|---|---|---|
| Creación de perfil en redes sociais | 2 | O máster non ten perfís en RRSS que permitan facilitar información a todos os interesados e ser un cauce de comunicación con egresados e futuros alumnos | Creación de perfís en twitter e Linkedin |
| Creación de asociación de antigos alumnos | 2 | Non existe unha vía de comunicación con antigos alumnos dende o máster que permita a comunicación entre alumnos para permitir contactos profesionais no futuro | Creación dun grupo en el perfil de Linkedin en el que se integren todos os antigos alumnos que o soliciten |
| Realización de enquisas a alumnos de todo-los profesores do máster | 4 | As enquisas de avaliación docentes non se están realizando á totalidade do profesorado interno na Universidade, e as enquisas oficiais a veces non son realizadas cos medios da Universidade | Ampliar o ámbito de realización de enquisas sobre profesorado que se realizaban só para profesores externos a todo o profesorado do máster |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Incorporación de empresas estranxeiras para as prácticas | 6 | Ata este curso, toda-las empresas ofertadas para a realización de prácticas son nacionais e no ámbito xeográfico de Galicia | Búsca e incorporación de empresas estranxeiras para que os alumnos poidan realiza-las prácticas curriculares a través de teletraballo |
| Potenciar clases de apoio a alumnos con carencias formativas | 6 | En cursos anteriores comezaron as clases de apoio en determinadas materias para os alumnos con carencias formativas. Se quere estandarizar e defini-los ámbitos de docencia de estas clases. | Oferta de dous ámbitos de docencia de apoio xenérico: contabilidade e finanzas. As clases ofertadas serán voluntarias en horario diferenciado o de clase e adicionais o calendario oficial do máster. |

# Máster en Técnicas Estatísticas

# Contido

**INTRODUCIÓN** .......... **262**

**I. INDICADORES** .......... **264**

**I.1. REXISTRO DE RESULTADOS DO PANEL DE INDICADORES DO SGIC** .......... **265**

**I.2. ESTADO DOS REXISTROS DO SIGC** .......... **269**

**II.- SEGUIMENTO DA TITULACIÓN: MASTER EN TÉCNICAS ESTATÍSTICAS** .......... **270**

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO .......... 270
CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA .......... 278
CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE .......... 280
CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS .......... 283
CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS .......... 287
CRITERIO 6. RESULTADOS DA APRENDIZAXE .......... 290
CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO .......... 294

**III.- MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIÁIS DO MASTER EN TÉCNICAS ESTATÍSTICAS** .......... **298**

**IV.- ACCIÓNS DE MELLORA DO MASTER EN TÉCNICAS ESTATÍSTICAS** .......... **299**

IV. 1. ESTADO DA SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NOS INFORMES ANTERIORES .......... 299
IV. 2. NOVAS PROPOSTAS DE ACCIÓNS DE MELLORA .......... 300

## Introdución

| | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster Universitario en Técnicas Estatísticas |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| Universidades participantes | Universidade de Santiago (USC)<br>Universidade da Coruña (UDC)<br>Universidade de Vigo (UVigo) |
| Centro responsable | Facultade de Matemáticas |
| Centros onde se imparte | Facultade de Matemáticas<br>Facultad de Ciencias Económicas e Empresariales<br>Facultade de Informática |
| Rama de coñecemento | Ciencias |
| Número de créditos | 90 ECTS |
| Profesión regulada | |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2009/2010 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 03/03/2009 |
| Data renovación acreditación | 11/07/2015 |

No curso 2019-2020 impártese a décimo segunda edición do Máster en Técnicas Estatísticas (MTE, en diante). En xeral, mantivo a súa estrutura desde a súa creación. Trátase dun máster interuniversitario organizado e impartido conxuntamente polas tres universidades galegas:

- Universidade de Santiago. Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- Universidade da Coruña. Departamento de Matemáticas.
- Universidade de Vigo. Departamento de Estatística e Investigación Operativa.

O MTE ten unha ampla traxectoria temporal, impartíndose de forma ininterrompida dende o ano 2007. Ademais a traxectoria do MTE moi satisfactoria cunha a tendencia claramente alcista en relación ao número de matriculados, especialmente acusada nos últimos 4 anos.

Para obter o título oficial de MTE, que á súa vez permite o acceso ao Doutoramento, o estudante debe superar un total de 90 ECTS. No curso académico 2019/2020 fíxose unha modificación

do plan de estudos. O novo plan de estudos consta de consta de 90 créditos, organizados en 3 semestres de 30 créditos, organizados en materias de 5 créditos e o traballo fin de máster de 15.

O primeiro cuadrimestre compono dous itinerarios (Aplicado e Académico), e constará de 6 materias de cinco créditos. O obxectivo deste primeiro cuadrimestre é presentar aos estudantes as técnicas fundamentais do manexo de datos, as técnicas Inferenciales, o modelado probabilístico, as técnicas de optimización, os modelos de análises de dependencia, así como as técnicas non paramétricas. Cada un é estes obxectivos desenvólvese nunha materia específica.

O primeiro cuadrimestre garante que, independentemente do itinerario escollido, os alumnos adquiran as competencias básicas do MTE. Así, os estudantes finalizarán o primeiro cuadrimestre en condicións de cursar calquera materia do Módulo Optativo do segundo e terceiro cuadrimestre. No momento da matrícula o estudante deberá escoller un dos dous itinerarios. Excepcionalmente, e se así o autoriza a Comisión de Título do MTE, poderase intercambiar algunha materia do itinerario escollido pola materia correspondente do outro itinerario.

Ambos os itinerarios dan acceso ao módulo *optativo, que se desenvolve no segundo e terceiro semestre. Para formalizar unha matrícula de 60 créditos, no segundo semestre o alumno debe elixir nas 6 materias optativas de 5 créditos cada unha. O terceiro semestre tamén consta de 30 créditos, 15 do TFM e, ademais, outros 15 repartidos en 3 materias optativas de 5 créditos. O reparto de materias optativas cursadas no segundo e terceiro semestre pode cambiarse a condición de que en total cúrsense 45 créditos *optativos.

O TFM consta de 15 créditos que poderá ser tanto un traballo académico ou profesional. Poderase realizar ao amparo dun convenio de colaboración cunha empresa. Ofértase no segundo ano do máster.

Para máis información sobre o novo plan docente véxase a páxina web http://eio.usc.es/pub/mte/descargas/Planificaci%C3%B3n%20das%20ensinanzas.pdf.

# I. Indicadores

# Máster en Técnica Estatísticas

# I.1. Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC

| Código SGC | Código ACSUG | | ¿Existe Meta de calidade asociada? | 2019-2020 | 2018-2019 | 2017-2018 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **I01-MC** | E14 | Certificación da implantación dos sistemas de calidade | Alcanzar certificación SGIC no curso 2018-19 | Centro non certificado | Centro non certificado | Centro non certificado | Centro non certificado |
| **I05-MC** | I4 | Grado satisfacción do PAS | - | | 3,5 | Non había enquisas | Non había enquisas |
| **I01-DO** | E2 | Seguimento das titulacións | - | Conforme | Conforme | _ | _ |
| **I02-DO** | E2 | Acreditación das titulacións | - | Non porcede | Non procedía | Non procedía | Non procedía |

*Táboa 1: Panel de indicadores*

| | | 2019-2020 | 2018-19 | 2017-2018 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| **I01-AC** | Nota media de acceso | -- | 7,38 | 8.42 | 8.07 |
| **I01(2)-AC** | Nota mínima de acceso | | | | |
| **I04-AC (I1)** | Matrícula de novo ingreso por preinscripción | 2(35) | 1 (29) | 7 (44) | 3 (40) |
| **I06-DO** | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | 4.37 | 4,63 | -- | 4,21 |
| **I010-DO** | Duración media dos estudos | (2.68) | 2.83 (2.23) | 2 (2.42) | 1.5 (2.12) |
| **I011-DO** | Taxa de rendemento | 81.93% (81.72%) | 61% (85.28%) | 58% (80,25%) | (69.42%) |
| **I012-DO** | Taxa de abandono | (11.4%) | (10.34%) | (9.09%) | 0% (22.50%) |
| **I013-DO** | Taxa de eficiencia | 83.94 % (91.1%) | 82% (96.10%) | 93% (87.9%) | 97% (95.92%) |
| **I014-DO** | Taxa de graduación | (non dispoñible) | (58.6%,*) | (75.0%) | 66,67% (47.5%) |
| **I015-DO** | Taxa de éxito | 97.61% (96.1%) | 93% (86.9%) | 94% (86.88%) | 96% (76.10%) |
| **I017(2)-PE (I6)** | Profesorado en programas de formación | 5 | 5 | 4 | 8 |
| **I02-PE** | | Cualificación do PDI | | | |
| **I03-PE** | | Resultados de investigación de carácter académico (sexenios) | | | |
| **03(2)-PE** | | Profesorado por categoría | | | |

*Táboa 2: Táboa 1: Indicadores da UVigo (entre parénteses agregado). Na columna da esquerda figura o código SGC (entre parénteses o código ACSUG cando corresponde). (*) Dato provisional: Faltan resultados de todos os cursos involucrados no cálculo.*

| | | | NCM | NCP | NCS | Aval. | Éxito | Rend. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Plan antiguo | M100102 | Estatística Aplicada | 6,00 | 6,0 | 6,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M100103 | Modelos de Regresión | 12,00 | 12,0 | 12,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M100104 | Análise Exploratoria de Datos | 6,00 | 6,0 | 6,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M100203 | Mostraxe | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M100204 | Series de Tempo | 5,00 | 5,0 | 0,0 | 100,00% | 0,00% | 0,00% |
| | M100208 | Estatística Espacial | 5,00 | 5,0 | 5,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M100304 | Control Estatístico da Calidade | 5,00 | 5,0 | 5,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M100308 | Modelos Interactivos da I.O. | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M100309 | Xogos Cooperativos | 5,00 | 5,0 | 5,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M100310 | Programación Matemática | 5,00 | 5,0 | 5,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M100312 | Traballo Fin de Máster | 60,00 | 20,0 | 20,0 | 33,33% | 100,00% | 33,33% |
| | M184101 | Análise exploratoria de datos | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184102 | Inferencia estatística | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| Plan Novo | M184103 | Modelos de probabilidade | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184104 | Programación lineal e enteira | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184105 | Modelos de regresión | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184106 | Métodos non paramétricos | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184201 | Análise multivariante | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184204 | Estatística espacial | 5,00 | 5,0 | 5,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184206 | Análise de supervivencia | 5,00 | 5,0 | 5,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184207 | Introducción á Teoría de xogos | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184208 | Mostraxe | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184210 | Redes e planificación | 10,00 | 10,0 | 10,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184211 | Simulación estatística | 5,00 | 5,0 | 5,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | M184212 | Series de tempo | 5,00 | 5,0 | 5,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | | **249,00** | **209,0** | **204,0** | **83,94%** | **97,61%** | **81,93%** |

*Táboa 3: Taxas de Rendemento (e número de créditos) por materia para o curso académico 2019/2020. Alumnos da UVigo*

| | | | NP | Sus. | Apro. | Not. | Slobre. | MH |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Plan antiguo | M100102 | Estatística Aplicada | | | | 1 | | |
| | M100103 | Modelos de Regresión | | | 1 | 1 | | |
| | M100104 | Análise Exploratoria de Datos | | | | 1 | | |
| | M100203 | Mostraxe | | | 1 | | 1 | |
| | M100204 | Series de Tempo | | 1 | | | | |
| | M100208 | Estatística Espacial | | | | 1 | | |
| | M100209 | Fiabilidade e Modelos Biométricos | 1 | | | | | |
| | M100304 | Control Estatístico da Calidade | | | | 1 | | |
| | M100307 | Datos Funcionais | 1 | | | | | |
| | M100308 | Modelos Interactivos da I.O. | | | 1 | 1 | | |
| | M100309 | Xogos Cooperativos | | | | 1 | | |
| | M100310 | Programación Matemática | | | | 1 | | |
| | M100312 | Traballo Fin de Máster | 5 | | 1 | 1 | | |
| Plan Novo | M184101 | Análise exploratoria de datos | | | 1 | 1 | | |
| | M184102 | Inferencia estatística | | | | 1 | | 1 |
| | M184103 | Modelos de probabilidade | | | | 1 | 1 | |
| | M184104 | Programación lineal e enteira | | | | 1 | 1 | |
| | M184105 | Modelos de regresión | | | 2 | | | |
| | M184106 | Métodos non paramétricos | | | 1 | 1 | | |
| | M184201 | Análise multivariante | | | 1 | 1 | | |
| | M184204 | Estatística espacial | | | | | | 1 |
| | M184206 | Análise de supervivencia | | | 1 | | | |
| | M184207 | Introducción á Teoría de xogos | | | | | 1 | 1 |
| | M184208 | Mostraxe | | | | 1 | 1 | |
| | M184210 | Redes e planificación | | | | 2 | | |
| | M184211 | Simulación estatística | | | | 1 | | |
| | M184212 | Series de tempo | | | | 1 | | |
| | | | 7 | 1 | 10 | 20 | 5 | 3 |

*Táboa 4: Cualificación por materia. Curso 2019-2020. Alumnos da UVigo*

# I.2. Estado dos rexistros do SIGC

| Rexistro | Procedemento | Data límite de entrega | Orde | Documentos Adxuntos | Estado do rexistro |
|---|---|---|---|---|---|
| R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación | DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais | 28/02/2019 | 1 | 0 | Completado |
| R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación | DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais | 15/11/2018 | 2 | 0 | Completado |
| R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación | DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións | 22/02/2019 | 1 | 0 | Completado |
| R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación | DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións | 30/09/2019 | 2 | 0 | Completado |
| R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna | DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións | 30/09/2019 | 3 | 1 | Completado |
| R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación | 29/11/2018 | 1 | 0 | Completado |
| R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación | 29/11/2018 | 2 | 0 | Completado |
| R2-DO0201 P1 - POD | DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza | 15/07/2019 | 2 | 1 | Completado |
| R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación | DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza | 30/09/2019 | 3 | 1 | Completado |
| R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares | DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas | 31/07/2019 | 1 | 1 | Completado |
| R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais) | PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI | 31/10/2019 | 1 | 1 | Completado |

# II.- SEGUIMENTO DA TITULACIÓN: MASTER EN TÉCNICAS ESTATÍSTICAS

## Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

### 1.1. Demanda e oferta:

Consideramos que o Máster en Técnicas Estatísticas (MTE no que segue) mantén a súa relevancia tal como mostran os números de matrícula do curso 2019/2020 que se amosan na seguinte táboa (Fonte: Ata o curso 2015/2016-área de calidade USC. Curso 2017/2018 en adiante: Elaboración propia)

| | UDC | USC | UVigo | Total |
|---|---|---|---|---|
| **2013-2014** | 6 | 17 | 8 | 31 |
| **2014-2015** | 4 | 18 | 9 | 31 |
| **2015-2016** | 3 | 17 | 17 | 37 |
| **2016-2017** | 15 | 19 | 5 | 39 |
| **2017-2018** | 11 | 25 | 5 | 41 |
| **2018-2019** | 7 | 21 | 1 | 29 |
| **2019-2020** | 12 | 21 | 2 | 35 |

*Táboa 5: Prazas ofertadas (IN01M-PC-05, 25 por universidade), matrícula de inicio de estudos (IN04M-PC-05).*

Na UDC o número de estudantes de novo ingreso viuse incrementado a partir do curso académico 2016/2017 grazas a existencia recente dun convenio de mobilidade coa República Dominicana, que permitiu a incorporación de estudantes de ese país. O convenio continua vixente pero, como era de esperar, a incorporación nos cursos sucesivos de alumnos é máis reducida. Se comparamos coa situación precedente, no curso 2015-2016, a matrícula na UDC consolidouse nun rexistro máis axeitado. A matrícula na Universidade de Vigo leva tres cursos por debaixo dos valores dos anos anteriores. Debemos sinalar que é máis un efecto estatístico

que unha baixa real na matrícula do MTE. A explicación é que dende o curso 2010/11 a UVigo permitía matricularse en materias de mestrado a alumnado que aínda non tiña obtido o seu título de Grao ou equivalente, mediante a modalidade de Formación Continua (FC). Aínda que formalmente, este alumnado non era alumnado do MTE, participan de tódalas actividades docentes, e por iso eran contabilizados como estudantes do máster, na base de datos propia (BDP). Por exemplo, no curso 2015/2016 foron 17 estudantes nesta situación, principalmente (case) graduados en matemáticas pola USC. Habitualmente este alumnado incorporábase oficialmente ao MTE unha vez que acadaba o título de grao, validándose as materias cursadas ao abeiro da FC no MTE. No curso 2016/2017 a UVigo eliminou esta modalidade de matrícula, o cal claramente repercutiu nos números de matrícula de novo ingreso desta universidade.
Dada esta reducción de matrícula na UVigo nos últimos anos, fíxose un esforzo importante de divulgación do MTE entre os alumnos desta universidade. Sen embargo, vemos complicado aumentar a matrícula na UVigo. Un dos motivos e que na UVigo non se permite convalidar materias e mestrado con materias de grao que deran acceso a dito mestrado. Na nosa opinión isto é correcto, sen embargo as outras universidades participantes neste mestrado (USC e UDC) si que permiten dita convalidación. Este feito fai que moitos alumnos decídanse finalmente matricular nalgunha das outras dúas universidades.

## 1.2. Desenvolvemento do plan de estudos:

A oferta de materias correspóndese co establecido na memoria de verificación. A memoria pódese atopar na web do máster no enlace http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/presentacion.

As guías das materias desenvólvense seguindo esta memoria, e unha vez aprobadas pola comisión de Titulo, son subidas á web do máster. Están dispoñibles de forma pública no seguinte enderezo web http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/programa-de-materias.

Os sistemas de avaliación correspóndense no establecido na memoria de verificación, tal como se pode comprobar nas distintas guías. A comisión académica verifica as guías remitidas polos docentes e comproba que os sistemas de avaliación están incluídos. Ademais, cada guía docente dunha materia consta co correspondente apartado de competencias. Estas competencias están vinculadas ás da memoria de verificación do título. Existe un apartado dentro dos métodos de avaliación onde se detalla de forma precisa cómo se avalían ditas competencias. As guías tamén contan cunha sección dedicada a descrición da metodoloxía docente que permite a adquisición das competencias de cada materia.

En canto os tamaño dos grupos, consideramos que, en xeral, son axeitados para as actividades formativas desenvolvidas. O tamaño dos grupos en cada unha das materias está dispoñible na web do máster http://eamo.usc.es/pub/mte/index.php/es/alumnos-matriculados/por-materia. Neste sentido o cambio de plan de estudios permitiu facer un cambio a oferta de obrigatorias, de forma que non se concentrasen todos os estudantes nun reducido número de materias obrigatorias.

Queremos tamén destacar a existencia dun número elevado (máis de 50) de estudantes matriculados no seu Traballo Fin de Máster (TFM). Este número excede considerablemente o número de matriculados de novo ingreso. É posible que moitos estudantes retrasen a defensa do

seu TFM por atoparse xa traballando (ver apartado de inserción laboral).

En relación á mobilidade de estudantes, non tivemos ningún estudante nin saínte nin entrante durante o curso 2018/2019. É necesario reflexionar sobre qué cuestións poden influír na baixa demanda de mobilidade no máster. É posible que a propia estrutura dos estudos, dun ano e medio de duración inflúa ao respecto. Posiblemente a oferta de convenios de prácticas en empresas no exterior melloraría a mobilidade dos estudantes, pero a súa implantación efectiva é complicada xa que é difícil compatibilizar os estudos de máster coa realización dunhas prácticas fora.

## 1.3. Mecanismos de coordinación

A coordinación docente faise en varios niveles. O primeiro nivel é a nivel materia, coa existencia dun coordinador de materia. Isto é importante, xa que facilita a coordinación entre as distintas materias ao existir un interlocutor claro para a coordinación. Os coordinadores de materia están sinalados nas guías das materias, e pódense consultar na web do máster. Tanto o profesorado como o alumnado está satisfeito con este sistema de coordinación tal como mostran as enquisas de satisfacción docente. No curso 2018/2019, os docentes do MTE responden á pregunta “A coordinación entre os profesores da materia foi efectiva” cunha puntuación de
4.10 puntos sobre un total de 5 puntos. Os estudantes responderon á pregunta ``Coordinÿronse axeitadamente as actividades previstas na materia” cunha puntuación media de 5.68 sobre un total de 7. Esta información pode consultarse na web do máster, xa que no apartado de docencia existe unha sección dedicada a Enquisas.

A nivel horizontal existen dous niveles de coordinación. O primeiro é a comisión permanente do máster, formada polos tres coordinadores do máster, un por cada universidade participante. O regulamento desta comisión foi aprobado na Comisión de Título do 17 de decembro de 2014, e actúa como comisión delegada dela, nos asuntos establecidos especificamente, así como nas cuestións de trámite. Debe de informar dos acordos na primeira comisión académica ordinaria a celebrar. É aquí onde se resolven cuestións sobre as colaboración con empresas externas, cuestións relativas aos horarios, ou o mantemento da aula, e a súa dispoñibilidade para actividades complementarias. A comisión permanente reúnese periodicamente, e aborda as cuestións que requiren unha coordinación interuniversitaria.

Cada coordinador local resolve as cuestións relativas ao funcionamento do máster tanto na súa universidade, como globalmente. O coordinador local reúnese cos profesores do seu campus e sirve de enlace coa comisión permanente onde se formulan as cuestións de coordinación horizontal máis urxentes.

Existe outro nivel de coordinación horizontal que é a comisión académica, ou comisión de título, que vela polo desenrolo do plan de estudios conforme ao especificado na memoria de título. É a responsable de evitar baleiros ou duplicidades no plan de estudios, e de promover a reforma ou extinción do propio título.

A coordinación xeral do MTE recae na Universidade de Santiago de Compostela (USC), concretamente, no profesor Julio González Díaz. Á súa vez, existe un coordinador en cada unha das outras dúas universidades que imparten devandito máster, sendo o profesor Javier Roca Pardiñas o coordinador da Universidade de Vigo e a profesora Silvia Lorenzo Freire coordinadora da Universidade da Coruña. A información completa dos membros das devanditas comisións, así como o Regulamento de Réxime Interno da CAM atópase dispoñible na páxina web do MTE:
http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/organos-de-gobierno

En particular, a Comisión Académica local da UVigo está composta por los seguintes membros:

- Presidente: Javier Roca Pardiñas
- Secretaria: María Gómez Rúa
- Vocal 1: Gustavo Bergantiños Cid
- Vocal 2: Mª Carmen Iglesias Pérez
- Vocal 3: Jacobo de Uña Álvarez
- Vocal 4: Antonio Vaamonde Liste.

Como xa se dixo previamente, ditas comisións encárganse de xestionar e debater todos os temas relacionados coa organización docente (admisión a trámite de alumnos, designación de titores para TFM, horarios, asignación de materias a profesores...).

## 1.4. Criterios de admisión-perfil de ingreso

O perfil de ingreso do alumnado, está aberto a titulados universitarios de calquera área. Isto é fundamental, dada a interdisciplinariedade das ferramentas estatísticas e da investigación operativa. Por iso o MTE recibe demanda de titulados de ámbitos moi diversos. O MTE ten recibido ao longo dos cursos, nos que estivo implantado, alumnado da Licenciatura/Grao en Matemáticas, Bioloxía, Socioloxía, Químicas, Ciencias Políticas, Economía, Administración e Dirección de Empresas, de distintas enxeñarías (informática, de montes, telecomunicacións) e da rama biosanitaria (Licenciatura en Farmacia), ademais de alumnado extracomunitario, que nalgúns casos proviña cun título de mestrado do seu país de orixe.

| Título | | Total |
|---|---|---|
| Grado | Bioloxía | 2 |
| Grado | Ciencia Política e da Administración | 1 |
| Grado | Economía | 6 |
| Grado | Física | 1 |
| Grado | Matemáticas | 21 |
| Grado | Psicoloxía | 2 |
| Grado | Socioloxía | 3 |
| Grado | Tecnoloxía da enxeñería civil | 1 |
| Licenciatura | Informática | 3 |
| Máster | Administración y Dirección de | 1 |

*Táboa 6: Titulacións de procedencia dos estudantes de inicio de estudos.*

Os datos do curso 2017/2018 (datos non dispoñibles para o curso 2018/2019 nin para o curso 2019/2020) pódese consultar na Táboa anterior. O alumnado de novo ingreso proviña de 10 titulacións diferentes, representando os graduados en matemáticas un 51.2% dos estudantes de novo ingreso. Esta porcentaxe contrasta coa do curso pasado, que era do 34.3%. No curso académico 2016/2017 produciuse un descenso do peso relativo dos estudantes do Grao de Matemáticas motivado en parte pola desaparición da modalidade de matrícula en Formación Continua na Universidade de Vigo. Como era de esperar se observa un incremento no peso dos titulados en matemáticas do número de titulacións de ingreso, chamando poderosamente a atención a captación de estudantes con formación de Licenciado. Ao igual que o curso anterior chama a atención a presenza de Licenciados nos estudantes de novo ingreso. Isto pode suxerir que o título é percibido como útil por estudantes con experiencia profesional previa e que queren mellorar as súas expectativas laborais.

A admisión no programa realizarase tendo en conta os seguintes aspectos: titulación de acceso (70% - ata 7 puntos), expediente do alumno (20% - ata 2 puntos) e currículo vitae do candidato (10% - ata 1 punto). As titulacións de acceso puntuaranse segundo o seu grao de contido estatístico e de investigación operativa, visto o expediente do estudante. A modo de referencia, os contidos propios dun Grao en Matemáticas, avaliaranse entre 6 e 7 puntos, dependendo de se o estudante cursou materias *optativas complementarias de contido estatístico ou de investigación operativa. Outros títulos de grao cun contido relativamente amplo de estatística descritiva e *inferencia estatística avaliaranse entre 5 e 6 puntos, dependendo tamén da optatividade cursada. Como referencia inclúense neste grupo os Graos en Bioloxía, Psicoloxía, Enxeñaría, Medicamento, Administración e Dirección de Empresas, Economía ou outros similares. Os restantes títulos de grao que teñan cun contido básico de estatística entendendo como tal que non existe unha materia dedicada á introdución de conceptos estatísticos, senón que a estatística é utilizada como ferramenta instrumental avaliaranse entre 3 e 4 puntos.

### 1.5. Aplicacións normativas – eficiencia nos resultados

Consideramos que o desenvolvemento do regulamento de traballos fin de máster (do 21 de marzo de 2014) axudou a mellorar o proceso de asignación de traballos fin de máster. O regulamento vixente contempla as modalidades en prácticas e académicas, tanto a proposta do máster como a proposta dos estudantes. Regular o proceso produciu unha mellora da oferta de prácticas, e o consecuente incremento de traballos en modalidade de prácticas. A modalidade de traballo a proposta de estudante permite mellorar a oferta a estudantes de formación e intereses moi diferentes, tal como vimos no perfil de ingreso. O 21 de xullo de 2016 modificouse o regulamento para permitir flexibilizar algúns prazos da oferta co obxectivo de que a oferta estivese dispoñible o máis pronto posible. Finalmente, na comisión de título do 27 de xullo de 2017 aprobouse un regulamento de asignación de traballos fin de máster que pretende aportar transparencia ao proceso de elección de traballo fin de máster.

## 1.6. Desenvolvemento das actividades docentes

- As clases do MTE impártense na súa totalidade por videoconferencia. Isto permite ao alumno cursar calquera materia, independentemente da universidade na que está matriculado, asistindo a clases en calquera dos seguintes centros:Facultade de Matemáticas da USC.
- Facultade de Informática da UDC.
- Facultade de Ciencias Económicas y Empresariais da UVigo.

O horario de docencia é de luns a venres, de 10:00h a 14:00h h e de 16:00h a 20:00h. Cabe destacar que non existe solapamento entre ningunha das materias ofertadas no máster. Desde a coordinación planifícanse os horarios das distintas materias tendo en conta as restricións horarias do profesorado e do alumnado. O horario atópase dispoñible na páxina web do MTE http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/horarios.

Non houbo incidencias relevantes ó longo do curso, polo que o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria en vigor e ás guías docentes das materias, o que permitiu que os alumnos do MTE puidesen adquirir as competencias contempladas nestas.

## 1.7. Traballo de Fin de Mestrado

Existen dúas modalidades de Traballo Fin de Máster (en diante, TFM) ofertados:

- Modalidade A: consiste no desenvolvemento dun traballo de carácter teórico ou aplicado. O TFM incluídos nesta modalidade requiren dun director.
- Modalidade B: consiste na realización dun traballo dentro dunha empresa. Os TFM enmarcados nesta modalidade requiren dun titor dentro da empresa e deben estar avalados por un profesor do MTE, que actuará como director. Tamén requiren a firma dun convenio Universidade- Empresa, no que se reflictan datos relativos ao mesmo. Na actualidade o MTE ten convenios vixentes coas seguintes Empresas e Institucións para a realización de traballos fin de máster na modalidade de prácticas en empresas: A Banca, Ambical, Azteca Consulting de Ingeniería, S.L., Biostatech, Centro de Investigación en Medicina Molecular y Enfermedades Crónicas (CIMUS), Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), Hijos de Rivera S.A.U., Indra, Instituto Galego de Estatística (IGE), Instituto Nacional de Estadística (INE), Instituto Tecnológico de Matemática Industrial (ITMATI), Optare, Plain Concepts, S.L., Sergas, TasteLab, S.L.

Cabe destacar que cada curso, realízase unha xornada á que asisten as diversas empresas que ofertan traballos e os alumnos que están en disposición de realizar o TFM. En particular, a xornada correspondente ao curso 2018/19 realizouse o pasado 11 de xuño 2019 na Facultade de

Matemáticas da USC onde participaron as seguintes empresas e institucións: Instituto Galego de Estatística, Estrela Galicia, Finsa, ABANCA, ITMATI, SERGAS, Instituto Español de Oceonografía, Gradiant, TasteLab e EcoMT.

Doutra banda, a Comisión Académica Interuniversitaria nomea un tribunal único en cada curso académico. Este tribunal avalía o TFM presentados o tres convocatorias do correspondente curso. Trátase de homoxeneizar o proceso de avaliación de todos os alumnos. A información relativa ao TFM atópase dispoñible na páxina web do máster http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/trabajos-fin-de-master.

No curso 2019/2020, leron o TFM un total de 24 alumnos. Para más información véase http://eamo.usc.es/pub/mte/index.php/es/trabajos-fin-de-master/finalizados.

## 1.8. Prácticas extracurriculares

Ao amparo do disposto no RD 592/2014 de 11 de xullo sobre prácticas externas nos estudios universitarios, o MTE contempla a posibilidade de que os estudantes fagan prácticas externas en empresas o institucións de carácter extracurricular, de cada á elaboración dun TFM de tipo práctico recollido na Memoria da Titulación. Para o desenvolvemento destas prácticas o MTE utiliza, de modo xeral, o modelo de convenio de cooperación educativa da Universidade de Vigo xestionado pola FUVI e aprobado en Consello de Goberno.

A asignación dos alumnos ás empresas realizase atendendo ó perfil requirido polas empresas e, na medida do posible, ás preferencias dos alumnos. Ao asignar a práctica, asignábase tamén un titor de prácticas na empresa e outro titor académico do MTE para cada alumno, de cara a facilitar o seguimento do traballo do alumno nestas prácticas.

Durante o curso 2019-20, non se realizaron prácticas extracurriculares. Esta modalidade de prácticas non é moi habitual no MTE. Creemos que é debido a que moitos dos TFM en modalidade B están remunerados por parte de empresa. Ademais moitos do alumnos que realizan este tipo e TFM son contrados finalmente pola empresa.

| PUNTOS DÉBILES | ACCIÓNS DE MELLORA |
|---|---|
| Baixo número de alumnos matriculados da UVigo | Manter e promocionar novas actividades de promoción para distintas titulacións afíns da UVigo, e participar nos foros de emprego para incrementar o número de solicitudes de matrícula. |

*Evidencias nas que se basea a valoración:*

*E1: Memoria vixente do título*

*E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título,*

*incluíndo os plans de mellora*

*E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)*

*E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e*

*curso académico)*

*E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade*

*E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).*

*QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza*

***Indicadores nos que se basea a valoración:***

*I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición*

*I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia*

*I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)*

*I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros*

*I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.*

*I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso*

*I02-AC: Ocupación*
*I03-AC: Preferencia*
*I03(2)-AC: Adecuación*

# Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O MTE conta cunha web propia (http://eio.usc.es/pub/mte). Esta páxina web, que complementa as distintas páxinas institucionais das tres universidades participantes no programa, contén a información mais relevante para os grupos de interese. En concreto, a información presentada estrutúrase en cinco apartados fundamentais:

Información xeral: Aquí pódese ver unha presentación do máster, así como información actualizada dos órganos de goberno do máster. Neste apartado tamén se atopa a memoria de verificación do título (Evidencia 1) e unha sección dedicada ao SGC, con indicadores relevantes do título (taxa de éxito, abandono, ...). Tamén se poden consultar os informes de seguimento (Evidencia 2) dos últimos cursos, así como os respectivos plans de mellora. É importante que esta información sexa pública tanto para os estudantes (actuais, egresados e futuros estudantes), como para o profesores. Este apartado remata cunha sección de noticias, tanto nacionais como internacionais. Finalmente, dicir que as actas da comisión de título e da comisión permanente (evidencia 5) non se atopan na parte pública da web, e están a disposición dos membros da comisión, e depositadas no centro.

SGC: A web conta cun apartado dedicado ao sistema de garantía de calidade, con información detallada dos principais indicadores por cada curso académico. Aquí pódese consultar o número total de matriculados e estudantes de novo ingreso, as taxas de rendemento, éxito, abandono, eficiencia, graduación e duración media dos estudos. Parte dos datos incluídos neste informe de seguimento pódense consultar neste apartado, que é actualizado permanentemente coa información dispoñible na BDP.

Matrícula: Esta sección ten información sobre o proceso de admisión e matrícula nas tres universidades participantes no programa. Aparece tamén información detallada dos estudantes matriculados, información que se pode desagregar por materia. Os estudantes tamén pode consultar aquí información sobre becas e axudas a matrícula.

Docencia: Este apartado conten toda a información relevante sobre a docencia no máster. O plan docente, as guías das materias e os horarios. Aparece información sobre os traballos fin de máster (oferta, traballos vixentes, convenios existentes, ...). Tamén é pública a información global das enquisas de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida.

Outra información: Aquí aparece información complementaria, como acceso ao LinkedIn do máster, ou información sobre como acceder as diferentes aulas de docencia.

Hai un último bloque de acceso á BDP do mestrado, e que se utiliza como repositorio de material ao que ten acceso todo o alumnado, independentemente da sede na que estea matriculado. Así, a coordinación do mestrado dispón de información global da matrícula, e non desagregada por universidade, o que permite elaborar determinados indicadores presentados neste documento de reflexións, que tamén aparecen no apartado dedicado ao SGC da web do mestrado. Ademais, se así o desexan, os estudantes reciben no seu correo electrónico información sobre as incidencias na docencia (modificación/suspensión de clases, charlas e conferencias de interese, etc.), así como sobre as diferentes ofertas de traballo que chegan a través da coordinación do MTE.

| Puntos débiles | Accións de mellora |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)*

*R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública*

*QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.*

## Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

### 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

A nivel de centro, segundo os RD 1393/2007 e RD 861/2010 polos que se ordenan as ensinanzas universitarias oficiais en España, todos os títulos que se imparten na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais intégranse nun Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) e participan nos programas de verificación, acreditación e seguimento de títulos. O Sistema de Garantía de Calidade en vigor é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009.

A información asociada ao SGC publícase na Web do centro: http://fccee.uvigo.es/2016-09-23-21-23-20.html e a xestión de evidencias erexistros lévase a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/

Como xa se dixo a coordinación xeral do MTE recae na Facultade de Matemáticas da USC. Dita facultade posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa e realizar unha análise, como se pon de manifesto tras a acreditación favorable de todos os títulos da Facultade en diferentes cursos. Así mesmo, permite detectar áreas de mellora e levar a cabo accións para aumentar a calidade das ensinanzas que se imparten na Facultade.

Os mestrados interuniversitarios, que contan cunha complicación adicional na súa xestión, están funcionando de xeito coordinado e a implantación de accións de mellora é homoxénea en todos os centros onde se imparten pois supervísase a través das comisións interuniversitarias do título, tanto a comisión permanente, como a Comisión de Título, que se reúnen con periodicidade suficiente para conseguir este obxectivo. En todo caso, debemos comentar que os procedementos de avaliación da calidade da ensinanza dun título interunivesitario como o MTE presenta certas complexidades e deficiencias que deberían ser resoltas. As áreas de calidade de cada universidade teñen os seus propios mecanismos, habitualmente baseados en enquisas, similares pero no coincidentes, que poden incluír a todos ou só a unha parte dos estudantes (por exemplo só os matriculados na universidade que fai a enquisa, ou só os mestres da súa universidade). Todo isto dificulta enormemente ter resultados globais para o título e motiva que dende a coordinación se crease un sistema propio de avaliación da satisfacción docente (tanto dos estudantes como dos mestres). Así, podemos contar cun cuestionario único para todos os alumnos (o mesmo se pode dicir para os docentes) que inclúe a todos os estudantes dunha materia, e a todos os profesores do título.

En relación coas suxestións e reclamacións, durante o curso 2019/2020 o MTE non presentou ningunha incidencia. O título conta cun mecanismo de reclamacións que se detalla na páxina web do máster, no enlace http://eamo.usc.es/pub/mte/index.php/es/reclamaciones.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

O SGC permite identificar os resultados obtidos polo MTE á vez que se analiza a súa "posición" fronte ós obxectivos de calidade establecidos. A Comisión Académica do Master analiza estes resultados e pon en marcha accións de cara á mellora daqueles resultados que se consideran non satisfactorios.

Ademais, a participación nas distintas reunións da Comisión de Calidade do Centro, na que o MTE ten representación, permite analizar os principais resultados de todas as titulacións e se levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo ós procedementos establecidos. Tamén permiten ó MTE intervir nos debates e análises ligados ós distintos rexistros do SGIC que se producen no centro, órgano que a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten en funcionamento no marco do SGIC para a análise destas cuestións que é a Comisión de Calidade do Centro na que tódalas titulacións impartidas no mesmo teñen representación.
Os plan de mellora son aprobados polas comisión de título e nos centros responsables e analizadas, actualizadas e renovadas todos os anos nos procesos de seguimento. Estas accións de mellora son o resultado da reflexión feitas dentro do título, así como dentro das comisión de calidade dos centros e recollen as recomendacións dos diferentes informes dos procesos de verificación. O proceso de revisión de melloras permite revisar o seu grao de cumprimento e verificar o seu nivel de eficacia. É realizado de xeito puntual en cada unha de elas.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC, foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade do Universidade de Vigo a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos "marco". Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias/rexistros asociados ao SGIC, que son validados, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola dirección, tal e como se comentou anteriormente.

O SGC revísase periodicamente, de acordo ao establecido na documentación que o conforma. Ademais, en febreiro de 2018, foi aprobado un novo sistema marco polo que a Comisión de Calidade debe detectar agora os axustes a realizar na documentación do centro. Por outra banda,

a facultade participou no proceso de certificación da implantación do seu sistema durante o curso 2019-2020, co obxectivo de acadar a acreditación institucional cando esta se poña en marcha. Neste proceso revisouse o manual do SGC, analizando un a un os procedementos seguidos no centro.

Dende o MTE, consideramos desenrolo do SGC de forma que se contemplen mecanismos de coordinación entre os distintos grupos de interese que a día de hoxe non teñen cabida no SGC como son os representantes de empresas que participan nas prácticas do título ou os egresados do máster. Tamén creemos moi desexable a creación de mecanismos de coordinación entre os distintos SGC dos centros participantes no MTE.

| Puntos débiles | Accións de mellora |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade*

*E10: Documentación do SGC (Política,* ***obxectivos de calidade****, manual e procedementos)*

*E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)*

*E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

*EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade*

*I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro*

## Criterio 4. Recursos humanos

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O MTE desenvolveu unha normativa interna tanto para a selección do profesorado participante no título como para o reparto das materias dentro de cada universidade, atendendo a criterios de excelencia docente e investigadora e experiencia persoal na materia a impartir. Nesta normativa inclúense dúas directrices: a primeira establece as condicións mínimas para que un docente poida impartir clases no MTE, atendendo ao número de sexenios ou artigos de investigación, contratos con empresas e dirección de teses. A segunda incide na adecuación ou afinidade da experiencia do profesorado á materia impartida, en base á súa investigación e traballo previos. A información detallada sobre o POD pode atoparse na web do MTE, http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/, no apartado dedicado a Docencia.

O profesorado está constituído por profesorado da Universidade de Santiago (profesores do departamento de Estatística e Investigación Operativa), da Universidade da Coruña (profesores do departamento de matemáticas) e da Universidade de Vigo (profesores do departamento de Estatística e Investigación Operativa), xunto con outros profesores doutras universidades españolas ou estranxeiras de gran recoñecemento e prestixio. Na web do máster para cada curso académico publícase unha ficha de cada profesor. Esta ficha recolle os seus principais datos persoais, a localización do profesor, as materias que imparte no curso académico e unha lista dos últimos artigos publicados.

O persoal académico do MTE está composto por profesores das tres universidades galegas, que supoñen o 86.84% do persoal e o 13.16% restante é profesorado externo. O total da plantilla docente son 38, distribuídos da seguinte forma, 11 na Universidade de Santiago (28.95%), 10 na de A Coruña (26.32%), 12 na de Vigo (31.58%) e 5 persoal externo (13.16%). Nas seguintes táboas (Táboa 6, Táboa 7, Táboa 8) achéganse algúns indicadores relevantes sobre o perfil do profesorado do MTE. A porcentaxe de PDI doutor é do 100% dende hai xa varios cursos xa que é un requirimento na normativa propia desenvolvida polo título para impartir docencia. A porcentaxe de PDI con sexenios é estable ao longo destes últimos anos ao igual que acontece coa porcentaxe de PDI funcionario.

| Univ. | Categoría | Total % | Horas % |
|---|---|---|---|
| USC | Catedrático de Universidade | 45,45% | 40,37% |
| | Profesor Contratado Doutor | 9,09% | 9,17% |
| | Outro persoal | 9,09% | 10,09% |
| | Profesor Titular de Universidade | 36,36% | 40,37% |
| UDC | Catedrático de Universidade | 20,00% | 16,85% |
| | Profesor Contratado Doutor | 30,00% | 22,47% |
| | Profesor Titular de Universidade | 50,00% | 60,67% |
| Uvigo | Catedrático de Universidade | 25,00% | 27,94% |
| | Profesor Contratado Doutor | 16,67% | 16,18% |
| | Profesor Titular de Universidade | 58,33% | 55,88% |
| Prof. Externo | Catedrático de Universidade | 60,00% | 66,67% |
| | Profesor Titular de Universidade | 40,00% | 33,33% |
| Total | Catedrático de Universidade | 34,21% | 31,69% |
| | Profesor Contratado Doutor | 15,79% | 14,44% |
| | Outro persoal | 2,63% | 3,87% |
| | Profesor Titular de Universidade | 47,37% | 50,00% |

*Táboa 7:* I02-PE *Táboa resumen de profesorado*

| | % docencia | Homes | Mulleres | Total |
|---|---|---|---|---|
| Catedrático de universidade | 21,05% | 3 | | 3 |
| Titular de universidade | 48,67% | 3 | 2 | 5 |
| Contratado doutor | 13,21% | 1 | 2 | 3 |
| Catedrático escola universitaria | 17,07% | | 2 | 3 |

*Táboa 8:* I02-PE Cualificación do profesorado

| | Homes | Mullers | Total |
|---|---|---|---|
| Catedrático de universidade | 15 | | 15 |
| Titular de universidade | 9 | 7 | 16 |
| Contratado doutor | 4 | 6 | 10 |

*Táboa 9: I03(2)-PE Profesorado por categoría: Quinquenios*

| | Homes | | Total | Homes | Mulleres | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Catedrático de universidade | 10 | | 10 | 12 | | 12 |
| Titular de universidade | 7 | 5 | 12 | 6 | 5 | 11 |
| Contratado doutor | 1 | 2 | 3 | 2 | 3 | 5 |
| Catedrático escola universitaria | | 5 | 5 | | 7 | 7 |

*Táboa 10: I03(2)-PE Profesorado por categoría: Sexenios*

A selección do profesorado do título realizouse atendendo a criterios de excelencia docente e investigadora de tipo xenérico (quinquenios/sexenios), así como a experiencia específica na materia a impartir. Para desenvolver estes principios xerais dunha forma operativa o MTE desenvolvo unha normativa interna de selección do profesorado que se basea en dúas directrices: a primeira directriz estable condicións mínimas para que un docente poida impartir clases no MTE, atendendo ao número de sexenios ou artigos de investigación, contratos con empresas ou dirección de tese. A segunda incide na adecuación ou afinidade da experiencia do profesorado na materia a impartir, en base á súa investigación ou traballo profesional previo. A información detallada sobre o POD do MTE pódese consultar na páxina web do MTE no apartado dedicado a docencia.

O profesorado do MTE conta cunha ampla experiencia docente. A maioría participou na docencia do MTE ao longo dos 11 anos de vixencia do programa. Por suposto, durante a vixencia do programa foise incorporando profesorado doutor novo, que na maior parte dos casos xa era docente dos seus respectivos departamentos no momento de incorporación. A aplicación dos criterios de selección de profesorado do MTE garante que docente que se incorpora xa conta con algunha experiencia investigadora e docente previa. A nivel cuantitativo o persoal docente da USC posúe 37 quinquenios recoñecidos, o da UDC posúe 39 quinquenios, mentres que o da UVigo ten 52.

Un dos criterios que se utiliza na selección do profesorado do MTE é a súa experiencia investigadora. A maioría dos docentes do máster son membros dun dos grupos de referencia competitiva que convoca a Xunta de Galicia, ademais de formar parte de grupos de investigación do plan nacional. Véxase as páxinas web dos grupos de referencia competitiva para máis información sobre as súas liñas de investigación e integrantes.

- USC. Grupo Modestya: http://eio.usc.es/pub/gi1914/
- UVigo. Grupo Sidor: http://sidor.uvigo.es/en/
- UDC. Grupo MODES: http://dm.udc.es/modes/

O tres grupos teñen unha longa traxectoria investigadora, sustentada coa consecución sostida ao longo do tempo, de proxecto de investigación en convocatorias de tipo nacional e autonómico. O MTE é unha das portas de entrada do doutoramento en Estatística e Investigación Operativa, que conta coa mención de Excelencia do ministerio de Educación.

PAS asociados á titulación

En relación a este asunto o único PAS co que contamos e co da Área de Posgrao da UVigo que se encargan da xestión de matrícula, e en resolver dúbidas de carácter “legal”. O resto do traballo administrativo recae directamente na coordinación do mestrado. O noso mestrado ten asignada unha bolsa de desgravación de 27 horas, que se considera claramente insuficiente para cubrir todo o traballo anterior. De cara a unha mellora de calidade sería importante dispor de servicios administrativos que se encargasen das tarefas anteriores.

| Puntos débiles | Accións de mellora |
|---|---|

***Evidencias nas que se baseou valoración:***

*E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve*

*E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)*

*R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PDI*

*I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas*

*I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.*

*I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución*

*I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos*

*I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)*

*I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)*

*I02-PE: Cualificación do PDI*

*I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)*

*I03(2)-PE: Profesorado por categoría*

## Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Ata o curso académico 2018/2019 o MTE impártese por videoconferencia de forma presencial en tres aulas. As aulas están dotadas cunha media de 20 postos. No caso da USC os postos están dotados de ordenadores, mentres que na UDC e a UVigo non. O mantemento do sistema de videoconferencia faise coa colaboración dos docentes, estudantes e persoal de apoio do centro. Os equipos, instalados en marzo de 2014, nas aulas ao máster, compráronse con fondos do Instituto Español de Matemáticas (IEMath). Os equipos contan con unha extensión de garantía que cubre posibles fallos nos mesmos que foi financiada, no curso 2017/2018, polo Vicerreitorado de Comunicación e Coordinación da USC, ata febreiro de 2019. A partir desta data a extensión de garantía foi financiada polas tres universidades participantes no programa. O mantemento deste sistema de extensión de garantía, así como dun sistema de resolución de incidencias é fundamental para que a docencia do MTE se desenvolva con normalidade.

A partir do segundo cuadrimestre 2019/2020 a docencia foi impartida, por motivo da crise sanitaria provocada polo COVID19, coa plataforma Microsoft Teams. O funcionamento deste sistema resultou moi satisfactoria tanto na opinión dos profesores como na dos estudantes. Por ese motivo, este será o sistema que se empregará de agora en adiante no MTE, evitando os gastos de mantemento da antiga aula de videoconferencia.

**Bibliotecas e recursos TiC**

O profesorado e os estudantes contan cunha biblioteca en cada un dos centros onde se imparte o MTE, e con recursos informáticos xestionados pola área TIC de cada unha das universidades participantes. Dende a coordinación do MTE revísase a Bibliografía básica de cada materia, que é enviada as respectivas universidades para que figuren dentro dos seus fondos bibliográficos. Sen embargo, creemos imprescindible contar con persoal técnico especializado da área TiC que atenda as incidencias máis graves nos equipos de videoconferencia.

**Servizos de orientación académica a futuros estudantes**

Realizouse a presentación do MTE nas diferentes universidades. A presentación dos TFM é anunciada nos respectivos centros, permitindo a asistencia de novos estudantes. Os coordinadores das tres universidades atenden regularmente e con frecuencia, tanto por correo electrónico, por teléfono ou de forma presencial as consultas dos futuros estudantes. Dado o

relativamente elevado número de matriculado de novo ingreso, de diversas procedencias, o esforzo de captación é importante e, ata o de agora, satisfactorio. Todas estas accións de orientación a futuros estudantes, permiten a captación de graduados de distintos títulos, o cal é esencial nun mestrado multidisciplinar como o é MTE.

## Acto de benvida ao MTE

O curso académico comeza sempre cun acto de benvida, tal como se pode consultar nos horarios do MTE. Neste acto participan os tres coordinadores do máster. O acto é anunciado formalmente na web do máster, xunto con resto dos horarios.

Neste acto infórmase dos obxectivos principais do título e da súa estrutura. Asemade, informase aos estudantes de diversos aspectos prácticos (manexo dos equipos de vídeoconferencia, bo uso dos equipos, protocolo de resolución de incidencias,...) necesarios para un bo funcionamento das clases. Se lles informa de como darse de alta na BDP do máster, para ter acceso aos materiais docentes do MTE. Infórmaselle da importancia que ten a base de datos para a coordinación do máster, e se reserva tempo para a súa alta dentro do sistema.

Se lles invita a unirse ao grupo de LinkedIn para coñecer a o colectivo de estudantes e egresados, así como actividades e ofertas de emprego. Tamén se informa dos aspectos fundamentais do regulamento de traballo fin de máster, das diferentes modalidades existentes, e da posibilidade de facer o TFM en colaboración cunha empresa.

O nivel de satisfacción coa docencia recibida dos egresados da USC (IN46M-S01-PM-01), segundo a enquisa de satisfacción facilitada pola área de calidade desta universidade, no curso 2015/2016 foi dun 4.12 sobre 5, 4.2 no 2016/2017 e 4.57 no 2017/2018. A satisfacción dos docentes coa docencia impartida (IN47M-S01-PM-01) foi dun 3.89 (2015/16), 3.87 (2016/17) e (2017/2018). Dende o MTE considérase satisfactorios ambos indicadores. Mencionar que a taxa de resposta dos egresados a enquisa de satisfacción coa docencia recibida (IN48M-PM-02) no curso 2017/2018 foi dun 61.9%, que contraste coas porcentaxes moi baixas dos cursos anteriores (no entorno do 10% nos dous últimos cursos). No curso 2017/2018 a área de calidade implantou un sistema para fomentar a participación nestas enquisas que permitía a coordinación do MTE informar directamente aos egresados da importancia de que contestasen a enquisa. Creemos que esta iniciativa tivo un impacto sensible na taxa de resposta.

*Nota: En relación a estas últimas reflexións non dispomos de datos para os curso académico s2018/19 e 2019/20*

| Puntos débiles | Accións de mellora |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título*

*E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT*

*E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.*

*E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título*
*E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia*
*E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***
*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos*
*I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas*
*I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.*

*I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)*

# Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Presentamos a continuación os resultados do MTE en relación ás taxas de rendemento, éxito, graduación, abandono e eficiencia dos últimos tres cursos. Utilizaranse datos de elaboración propia a partir da información dispoñible na BDP, ao non estar actualizados os proporcionados polas áreas de calidade das universidades.

| Curso/Cohorte | Taxa de rendemento |
|---|---|
| 2014-2015 | 83,18 |
| 2015-2016 | 84,92 |
| 2016-2017 | 69,42 |
| 2017-2018 | 80,25 |
| 2018-2019 | 85,28 |
| 2019-2020 | 81,72 |

*Táboa 11: Taxa de rendemento (IN34G-S01-PM-01): créditos ordinarios superados / créditos ordinarios matriculados.*

Esta taxa atópase tódolos cursos por encima do 80%, coa excepción do curso 2016/2017. Nos cursos anteriores (datos dispoñibles na web do MTE) tamén a taxa de rendemento se atopou por riba do 80%, polo que cae esperar que a taxa do curso 2016/2017 resulte unha desviación puntual do rexistro habitual no MTE.

| Curso/Cohorte | Taxa de éxito |
|---|---|
| 2014-2015 | 94,2 |
| 2015-2016 | 94,7 |
| 2016-2017 | 76,1 |
| 2017-2018 | 86,8 |
| 2018-2019 | 86,9 |
| 2019-2020 | 96,1 |

*Táboa 12: Taxa de éxito (IN35G-S01-PM-01): créditos ordinarios superados / créditos ordinarios presentados.*

A taxa de éxito atópase no entorno do 90%, coa excepción novamente do curso 2016/2017. Como acontece coa Taxa de rendemento, é de esperar que a taxa correspondente ao curso 2016/2017 sexa unha desviación puntual do rexistro habitual no MTE.

Na seguinte táboas están as a taxas de graduación (previsión na MVT 64.7%) calculada como número de estudantes que remataron os seus estudos no curso (x+1) ou anteriores/ número de estudantes de novo ingreso no curso x.

| Curso/Cohorte | Taxa de graduación |
|---|---|
| 2014-2015 | 51,6 |
| 2015-2016 | 56,7 |
| 2016-2017 | 47,5 |
| 2017-2018 | 75,0 |
| 2018-2019 | 58,6 (*) |
| 2019-2020 | non dispoñible |

*Táboa 13: Taxa de graduación (previsión na MVT 64.7%)*

(*) Dato provisional: Faltan os resultados de todos os cursos involucrados no cálculo.

As taxas de graduación non acadan o obxectivo previsto na MVT. Unha das explicacións pode estar na alta empregabilidade dos estudantes do MTE. Moitos estudantes están xa traballando mentres realizan o seu TFM. Isto pode causar que non rematen os seus estudos, a pesar de ter case terminado o MTE.

En canto a duración media dos estudos, segundo a BDP, no curso 2019/2020 foi de 2,68 anos, por enriba do estipulado na MVT. No itinerario habitual seguido polo alumnado do MVT, o TFM realízase no segundo semestre do segundo curso. Coa normativa de TFM que entrou en vigor no curso 2014/15, prevíase adiantar a asignación dos TFMs e lograr unha diminución na duración media dos estudos. A duración media estivo todos estes anos por riba dos dous anos, co cal, parece confirmar que a normativa de TFM non conseguiu remediar o problema na duración de estudos.

Dende a coordinación vemos que, en xeral, os alumnos non teñen problemas académicos relacionados con este mestrado. Sen embargo, é certo que As taxas de rendemento, graduación e duración media dos estudos do alumnado de Vigo é baixo. Creemos que isto é debido a que na UVigo, moitos alumnos fan o TFM en modalidade de prácticas en empresas. Moitas destas empresas terminan contratando directamente a ditos alumnos no seu período de prácticas, o que en moitos casos supón deixar o TFM en segundo plano retrasándose moito a súa lectura.

Na seguinte táboa móstrase a Eficiencia (previsión na MVT 96.53%), taxa calculada como a porcentaxe entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de graduados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos que realmente se matricularon.

| Curso/Cohorte | Eficiencia |
|---|---|
| 2014-2015 | 98,9 |
| 2015-2016 | 94,4 |
| 2016-2017 | 95,9 |
| 2017-2018 | 88,9 |
| 2018-2019 | 96,1 |
| 2019-2019 | 91,1 |

*Táboa 14: Eficiencia (previsión na MVT 96.53%)*

Os datos están no entorno previsto na MVT, coa excepción do curso académico 2017/18 e no curso académico actual 2019/2020 que baixou lixeiramente.

A continuación figura a táboa de taxas de abandono (previsión na MVT 23.53%) calculadas como a porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso, que non se matricularon no título nos cursos (x+1) e (x+2), e o número total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso x.

| Curso/Cohorte | Taxa de abandono |
|---|---|
| 2014-2015 | 12,9 |
| 2015-2016 | 21,6 |
| 2016-2017 | 22,5 |
| 2017-2018 | 11,4 |
| 2018-2019 | 10,3 |
| 2019-2020 | 11,4 |

*Táboa 15: Taxa de abandono*

A taxa de abandono non supera ningún curso o previsto na MVT. O datos dos curso 2015/16 e 2016/2017, por riba do 20%, non consolidaron a partir do curso 2017-2018.

A listaxe completa de TFM desagregada por curso académico, así como os titores e a súa nota pode consultarse no enderezo web http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/trabajos-fin-de-master, mentres que os indicadores de resultados do título, para cada curso académico, actualizados en base aos datos que se dispoñan no momento da consulta, poden obterse no enderezo web http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/sistema-de-garantia-interna-de-calidad.

| Puntos débiles | Accións de mellora |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se se baseou la valoración:***

*E4: Guías docentes das materias*
*E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)*
*E25/: Informes de cualificación por materia e Informes de rendemento por materia*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción*

*I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)*

# Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

## Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os principais indicadores de resultados, como son as taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación, eficiencia e abandono foron analizadas no Criterio 6.

### Informe enquisas propias

No MTE realízanse enquisas propias, tanto a estudantes como a profesores, a través da plataforma dixital do Máster, e sempre son anónimas. Os estudantes reciben unha enquisa sobre cada profesor de cada unha das materias cursadas. A continuación preséntanse os resultados xerais obtidos na enquisa do curso 2019/2020 no MTE:

### Enquisa a estudantes

As preguntas desta enquisa son as seguintes:

- [P1.] O material de planificación docente proporcionado polo profesor é suficiente.
- [P2.] As actividades previstas nesta área coordináronse adecuadamente.
- [P3.] O volume de traballo dos estudantes é proporcional aos créditos da materia.
- [P4.] O profesor prepara, organiza e estrutura ben as clases.
- [P5.] O profesor resolve claramente as dúbidas que se formulan na clase.
- [P6.] A axuda recibida nas titorías deste profesor é útil (responda SÓ se algunha vez asistiches).
- [P7.] O profesor utiliza recursos didácticos innovadores para promover a aprendizaxe.
- [P8.] O profesor anima aos alumnos a participar nas clases.
- [P9.] En xeral, creo que é un bo profesor.

Os resultados globais obtidos nesta enquisa recóllense na seguinte táboa:

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | NC | NE | Media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **P1** | 11 | 8 | 17 | 24 | 30 | 48 | 93 | 0 | 231 | 5.5 |
| **P2** | 21 | 4 | 13 | 22 | 34 | 50 | 84 | 3 | 228 | 5.3 |
| **P3** | 13 | 0 | 11 | 24 | 34 | 52 | 97 | 0 | 231 | 5.6 |
| **P4** | 19 | 9 | 15 | 20 | 44 | 36 | 86 | 2 | 229 | 5.2 |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **P5** | 9 | 9 | 10 | 27 | 24 | 53 | 94 | 5 | 226 | 5.6 |
| **P6** | 3 | 1 | 5 | 5 | 12 | 19 | 71 | 108 | 123 | 5.8 |
| **P7** | 30 | 12 | 22 | 28 | 41 | 28 | 65 | 5 | 226 | 4.7 |
| **P8** | 17 | 13 | 22 | 33 | 37 | 36 | 67 | 6 | 225 | 5.0 |
| **P9** | 8 | 10 | 17 | 26 | 40 | 58 | 71 | 1 | 230 | 5.3 |

NE: número de enquisas

Pódese ver que a puntuación media obtida en todas as preguntas é superior a 3,5 (correspondente a 5 nunha escala de 0 a 10). Todas as puntuacións medias superan o 4,7 de 7 puntos posibles, sendo os aspectos mellor valorados os relacionados co traballo do profesorado: preparación, organización e desenvolvemento das clases, claridade na resolución de dúbidas e axuda recibida nas titorías. Cabe destacar a puntuación obtida na pregunta 9: "En xeral, creo que é un bo profesor", debido á súa alta transcendencia en relación coa opinión sobre a calidade do ensino.

## Enquisa ao profesorado

En canto á enquisa a profesores, as preguntas que forman parte dela son as seguintes:

- [P1.] O nivel co que chegan os alumnos (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar os contidos da materia.
- [P2.] Os alumnos participan de xeito crítico e activo no desenvolvemento das clases.
- [P3.] Sei o nivel de comprensión dos estudantes.
- [P4.] Os alumnos amosan certa actitude de interese cara á materia que ensino.
- [P5.] Estou satisfeito coa relación creada cos alumnos nas clases e titorías.
- [P6.] En xeral, estou satisfeito co traballo realizado polos alumnos das miñas clases.
- [P7.] A coordinación entre as distintas materias e / ou niveis da titulación foi axeitada.
- [P8.] A coordinación entre os distintos profesores da materia foi eficaz (responde só se hai máis dun profesor nesta materia).
- [P9.] O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo, ...) son adecuados para o desenvolvemento da materia.
- [P10.] No centro, teño os recursos necesarios (soportes multimedia, TIC, aulas e / ou laboratorios, ...) para a docencia.
- [P11.] Estou interesado en recibir formación de apoio para a mellora do ensino relacionado coas novas tecnoloxías aplicadas ao ensino.
- [P12.] Estou interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relacionada co apoio didáctico e pedagóxico xeral.
- [P13.] Satisfacción cos recursos e servizos.
- [P14.] Que cousas mellorarías no tema?

Os resultados globais obtidos móstranse na táboa que figura máis abaixo. Nótese que neste caso, as puntuacións van dende 1 (moi en desacordo) ata 5 (moi de acordo). Os medios obtidos son

sempre superiores a 3 (correspondentes a 5 nunha escala de 0 a 10), obtendo en 9 das 13 preguntas puntuacións superiores a 4. Os aspectos mellor valorados polo profesorado corresponden á pregunta P8 (coordinación entre os diferentes materias e material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade) cun valor medio de 4,64.

| | Reconto de cada puntuación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | NC | NE | Media |
| P1 | 0 | 1 | 7 | 12 | 11 | 0 | 31 | 4.06 |
| P2 | 0 | 2 | 11 | 12 | 6 | 0 | 31 | 3.71 |
| P3 | 0 | 2 | 8 | 16 | 5 | 0 | 31 | 3.77 |
| P4 | 0 | 1 | 7 | 10 | 13 | 0 | 31 | 4.13 |
| P5 | 0 | 4 | 3 | 11 | 12 | 1 | 30 | 4.03 |
| P6 | 0 | 1 | 6 | 10 | 14 | 0 | 31 | 4.19 |
| P7 | 0 | 1 | 5 | 12 | 12 | 1 | 30 | 4.17 |
| P8 | 0 | 0 | 0 | 9 | 16 | 6 | 25 | 4.64 |
| P9 | 0 | 0 | 5 | 12 | 14 | 0 | 31 | 4.29 |
| P10 | 0 | 0 | 4 | 11 | 15 | 1 | 30 | 4.37 |
| P11 | 4 | 3 | 9 | 7 | 5 | 3 | 28 | 3.21 |
| P12 | 6 | 4 | 10 | 2 | 5 | 4 | 27 | 2.85 |
| P13 | 0 | 0 | 3 | 11 | 13 | 4 | 27 | 4.37 |

Finalmente, compre sinalar algúns comentarios feitos por varios profesores en resposta á pregunta P14:

- Resolver incidencias co software usado na materia é complicado en remoto, actualizarei a materia para usar software máis fácil de configurar e de diagnosticar incidencias. Hai alumnos con fallos na configuración do entorno que non piden axuda.
- O sistema de videoconferencia utilizado no máster falla continuamente.
- Creo que sería convinte ter un espazo moodle para a materia. Seguramente, para o próximo curso usaremos o Faitic da UVigo

Moitos dos comentarios anteriores están relacionados cos equipos de videoconferencia empregados, que comezan a ter as súas limitacións desde que se instalou hai varios anos. Este tipo de problemas desapareceron no segundo cuadrimestre no que se empregou o Microsoft Teams. Como xa se dixo con anterioridade, estamos moi satisfeitos con funcionamento deste sistema que será o empregado de agora en adiante.

O MTE participou, xunto cos outros dous mestrados con sede na facultade de matemáticas, nunha enquisa de satisfacción do alumnado egresado pola Facultade de Matemáticas da USC, realizado polo Instituto de Matemáticas (IMAT) da USC, durante o curso 2017/2018. Esta enquisa, dispoñible pinchando nesta web do IMAT, inclúe resultado relativos a empregabilidade dos egresados do MTE. Os resultados foron moi satisfactorios. Na enquisa participaron 31

egresados do MTE, que representaba o 40% do total de titulados dende o curso 2011, e a inserción laboral foi dun 100% (ver Táboa 10). Datos adicionais desta enquisa avalan, non solo o alto nivel de empregabilidade dos egresados do MTE, senón ademais aspectos tan positivos como. (i) tempo de espera ata a primeira ocupación a inferior a 6 meses para o 89% dos egresados dos tres másteres con sede na facultade de matemáticas; (ii) alta estabilidade laboral; (iii) salarios aos 1500 euros mensuais para máis do 30% da mostra (cifra superior ao salario medio mensual en Galicia, en calquera rango de idade).

| | Matemáticas | Matemática Industrial | MTE |
|---|---|---|---|
| Ocupado | 65,5 | 83,3 | 100 |
| Desempregado | 6,9 | 5,6 | 0 |
| Estudando | 27,6 | 0,0 | 0 |
| Preparando Oposicións | 0,0 | 11,1 | 0 |
| Total | 100% | 100% | 100% |

*Táboa 16: Situación profesional según máster cursado na Facultade de Matemáticas. Recollida de datos: Curso 2017/2018. Fonte: Encuesta de egresado del IMAT de la USC.*

| Puntos débiles | Accións de mellora |
|---|---|
| | |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

***Indicadores:***

*I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico*
*I12: Evolución dos indicadores de resultados*

- *Taxa de graduación*
- *Taxa de abandono*
- *Taxa de eficiencia*
- *Taxa de rendemento*
- *Taxa de éxito*
- *Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)*

*I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso*
*I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empreso*
*I010-DO: Duración media dos estudos*

# III.- MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIÁIS DO MASTER EN TÉCNICAS ESTATÍSTICAS

Incluiranse as modificacións non substanciais que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a Titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificación nos Títulos verificados de Grao e Máster” da ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teñan que someter a un proceso de Modificación.

Non Procede

# IV.- ACCIÓNS DE MELLORA DO MASTER EN TÉCNICAS ESTATÍSTICAS

## IV. 1. Estado da situación das melloras propostas nos informes anteriores

| ACCIÓNS DE MELLORA (2018/2019) | RESULTADO |
|---|---|
| Criterio 1. Organización e Desenvolvemento | |
| Manter e promocionar novas actividades de promoción para distintas titulacións afíns da UVigo, e participar nos foros de emprego para incrementar o número de solicitudes de matrícula. | O número de alumnos segue sendo baixo, se ben no curso académico 2020-2021 aumentouse o número de matriculados na UVigo. Manteremos esta acción de mellora no curso actual, |
| Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción | Esta acción deu resultado, e a participación nas enquisas é maioritaria. |
| Criterio 2. Información e Transparencia | |
| | |
| Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade | |
| | |
| Criterio 4. Recursos Humanos | |
| | |
| Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos | |
| O equipo de videoconferencia utilizado que empeza a ter as súas limitacións xa que se instalou hai xa varios anos. O máster non ten capacidade económica para comprar un novo. | A partir do segundo cuadrimestre empregouse o MS Teams cun resultados moi sartisfactorio, quedando do equipo de videoconferencia anterior queda en desuso. |
| Criterio 6. Resultados de Aprendizaxe | |
| | |
| Criterio 7. Resultados de Satisfacción e Rendemento | |
| | |

## IV. 2. Novas propostas de accións de mellora

Na presente táboa inclúense as novas accións de mellora para o seu desenvolvemento no curso 2019 – 2020.

| PUNTOS DÉBILES | ACCIÓNS DE MELLORA A IMPLANTAR |
|---|---|
| Criterio 1. Organización e Desenvolvemento | |
| Baixo número de alumnos matriculados da UVigo | Manter e promocionar novas actividades de promoción para distintas titulacións afíns da UVigo, e participar nos foros de emprego para incrementar o número de solicitudes de matrícula.<br>Solicitar criterios homoxénos nas convalidacións de materias: na UVigo non se permite convalidar materias e mestrado con materias de grao que deran acceso a dito mestrado. Sen embargo as outras universidades participantes neste mestrado (USC e UDC) si que permiten dita convalidación. Este feito fai que moitos alumnos decídanse finalmente matricular nalgunha das outras dúas universidades. |
| Criterio 2. Información e Transparencia | |
| | |
| Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade | |
| | |
| Criterio 4. Recursos Humanos | |
| | |
| Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos | |
| | |
| Criterio 6. Resultados de Aprendizaxe | |
| | |
| Criterio 7. Resultados de Satisfacción e Rendemento | |

| | |
|---|---|
| As taxas de rendemento, graduación e duración media dos estudos do alumnado de Vigo é baixo<br><br>. | Dende a coordinación vemos que, en xeral, os alumnos non teñen problemas académicos relacionados con este mestrado. Creemos que isto é debido a que na UVigo, moitos alumnos fan o TFM en modalidade de prácticas en empresas. Moitas destas empresas terminan contratando directamente a ditos alumnos no seu período de prácticas, o que en moitos casos supón deixar o TFM en segundo plano retrasándose moito a súa lectura.<br>A acción de mellora terá que ir encamiñada a animar e motivar tanto aos alumnos, como ás propias empresas, na necesidade da lectura no prazo establecido dos TFMs. |

# Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible (MXDS)

# MÁSTER EN XESTIÓN DO DESEMVOLVEMENTO SOSTIBLE (MXDS)

**I. INDICADORES** ........ **304**

**MÁSTER EN XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (MXDS)** ........ **304**

**I.1. REXISTRO DE RESULTADOS DO PANEL DE INDICADORES DO SGIC** ........ **305**

**I.2. REXISTRO DE RESULTADOS DOS INDICADORES ESPECÍFICOS DE SEGUIMENTO ESTABLECIDOS POLA ACSUG.** ........ **308**

**I.3. RESULTADOS (DESAGREGADOS) DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DAS TITULACIÓNS OFICIAIS 2019-2020** ........ **309**

**I.4. INDICADORES POR MATERIA** ........ **310**

Taxas de Rendemento por Materia ........ 310
Informes de Cualificación por Materia ........ 311

**I.5. ESTADO DOS REXISTROS DO SIGC** ........ **313**

**TÁBOAS ANEXAS** ........ **314**

Táboa anexa 1. Perfil de ingreso do alumnado (curso 2019-2020) ........ 314
Táboa anexa 2. I02-PE Cualificación do profesorado (curso 2019-2020) ........ 315
Táboa anexa 3. I03(2)-PE Profesorado por categoría (curso 2019-2020) ........ 315

**II.-SEGUIMENTODATITULACIÓN:MASTER XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (MXDS)** ........ **317**

Criterio 1. Organización e desenvolvemento ........ 317
Criterio 2. Información e transparencia ........ 324
Criterio 3. Sistema de garantía de calidade ........ 327
Criterio 4. Recursos humanos ........ 331
Criterio 5. Recursos materiais e servizos ........ 335
Criterio 6. Resultados da aprendizaxe ........ 338
Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento ........ 341

**III.- MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIÁIS DO MÁSTER EN XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE** ........ **345**

**IV.- ACCIÓNS DE MELLORA MÁSTER EN XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE** ........ **346**

IV. 1. Estado da situación das melloras propostas nos informes anteriores ........ 346
IV. 2. Novas propostas de accións de mellora ........ 346

# I. Indicadores

# Máster en Xestión doDesenvolvemento Sostible (MXDS)

# I.1. Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC

| | | Centro: Facultade de CC. Económicas e Empresariais | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Panel de Indicadores | | | ¿Existe Meta de calidade asociada? | Resultado Curso 2019-2020 | Resultado Curso 2018-2019 | Resultado Curso 2017-2018 | Resultado Curso 2016-2017 |
| Código SGC | Código ACSUG | | | | | | |
| I01-MC | E14 | Certificación da implantación dos sistemas de calidade | Alcanzar certificación SGIC no curso 2018-19 | Centro non certificado | Centro non certificado | Centro non certificado | Centro non certificado |
| I05-MC | I4 | Grado satisfacción do PAS | - | Non había enquisas | 3,5 | Non había enquisas | Non había enquisas |
| I01-DO | E2 | Seguimento das titulacións | - | Conforme | Conforme | – | – |
| I02-DO | E2 | Acreditación das titulacións | - | Non procedía | Non procedía | Non procedía | Non procedía |

| | Titulación: Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Panel de Indicadores | | | ¿Existe Meta de calidade asociada? | Resultado Curso 2019-2020 | Resultado Curso 2018-2019 | Resultado Curso 2017-2018 | Resultado Curso 2016-2017 |
| Código SGC | Código ACSUG | Descrición | | | | | |
| **I02-MC** | **I4** | Grao satisfacción estudantado | Non dispoñible | 3,30 | 3,67 | 3,81 | Non se fixo enquisa |
| **I03-MC** | **I4** | Grao satisfacción profesorado | Non dispoñible | Non se fixo enquisa | 4,75 | Non se fixo enquisa | 3,84 |
| **I04-MC** | **I4** | Grao satisfacción persoas tituladas | Non dispoñible | 3,95 | 3,76 | Non se fixo enquisa | 3,71 |
| **I06-MC** | **I4** | Grao satisfacción empregadores | Non dispoñible | 4,67 | Non é público | Non se fixo enquisa | Non se fixo enquisa |
| **I01-AC** | | Nota media de acceso | Non dispoñible | 8,29 Ver táboa anexa 1 | 6,78 | 6,60 | Non procede (non MXDS) |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **I01(2)-AC** | | Nota mínima de acceso | Non dispoñible | 6,14 | 5,96 | 5,69 | Non procede (non MXDS) |
| **I02-AC** | | Ocupación | Non dispoñible | 80% | 92% | 80% | Non procede (non MXDS) |
| **I03-AC** | | Preferencia | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible |
| **I03(2)-AC** | | Adecuación | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible | Non dispoñible |
| **I04-AC** | **I1** | Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso académico) | Non dispoñible | 20 | 23 | 20 | Non procede (non MXDS) |
| **I03-DO** | **I8** | Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas propias de avaliación docente) | Non dispoñible | 75,34 | 80,66% | 87,84% | Non procede (non MXDS) |
| **I04-DO** | **I8** | Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas propias de avaliación docente) | Non dispoñible | 3,83 | 4,02 | 3,99 | Non procede (non MXDS) |
| **I05-DO** | | Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | Non dispoñible | 3,29 | 3,57 | 3,75 | Non procede (non MXDS) |
| **I06-DO** | | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | Non dispoñible | Non hai enquisas | 4,80 | Non había enquisas | Datos non dispoñible (so desagregado por pregunta) |
| **I07-DO** | | Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da ensinanza | Non dispoñible | 3,92 | 3,71 | Non se fixo enquisa | 3,67 |
| **I08-DO** | | Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas (Informe D6) | Non dispoñible | 3,33 | 4,55 | 4,50 | Non procede (non MXDS) |
| **I09-DO** | **I3** | Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais | Non procede | Non procede | Non procede | Non procede | Non procede |
| **I09(2)-DO** | | Estudantes estranxeiros | Non procede | 11 | 8 | 3 | Non procede (non MXDS) |
| **I010-DO** | | Duración media dos estudos | Non procede | 1,04 | 1,15 | 1,09 | 1,50 |
| **I011-DO** | | Taxa de rendemento | Non procede | 91,92% | 84,07% | 96,04% | 85,71% |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **I012-DO** | | Taxa de abandono (por cohorte) | Non procede | 0% | Dato non dispoñible | 0% | 7,14% |
| **I013-DO** | | Taxa de eficiencia | Non procede | 99,07% | 98,59% | 98,59% | 95,23% |
| **I014-DO** | | Taxa de graduación | Non procede | 79,17% | 80,00% (por curso académico) | Non existe porque no 16-17 non houbo MXDS | 87,50% (por cohorte) |
| **I015-DO** | | Taxa de éxito | Non procede | 100% | 100% | 100% | 100% |
| **I016-DO** | | Tempo medio para encontrar emprego | Non procede | Dato non dispoñible | Dato non dispoñible | Dato non dispoñible | Dato non dispoñible |
| **I017-PE** | **I7** | Porcentaxe de PAS en formación | Non procede | 36,54% | 70,62% | 77,55% | 90,60% |
| **I017(2)-PE** | **I6** | Profesorado en programas de formación | Non procede | 11 | 5 | 4 | Non procede (non MXDS) |
| **I02-PE** | | Cualificación do PDI (doutor) | Non procede | 25,45% doutores Ver táboa anexa 2 | 23,40% doutores | 20,00% doutores | Non procede (non MXDS) |
| **I03-PE** | | Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios) | Non procede | 26 Ver táboa anexa 4 | 13 | 12 | Non procede (non MXDS) |
| **I03(2)-PE** | | Profesorado por categoría (número e porcentaxe de horas de docencia) | Non procede | Ver táboa anexa 3 | Ver táboa anexa 3 | | |

# I.2. Rexistro de resultados dos indicadores específicos de seguimento establecidos pola ACSUG.

| Indicadores de seguimento | | | Resultado Curso 2019-2020 | Resultado Curso 2018-2019 | Resultado Curso 2017-2018 | Resultado Curso 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| E3 | I2 | Alumnado por titulación de procedencia | Ver táboa anexa 1 | Ver táboa anexa 1 | | |
| I9 | | % profesorado evaluado polo programa DOCENTIA (quinquenal) | Dato non dispoñible | Dato non dispoñible | Dato non dispoñible | Dato non dispoñible |
| I10 | | Nº e porcentaxe de profesorado que participa en programas de mobilidade | 0 | 5 / 45,45% | 4 / 44.44% | Non procede (non MXDS) |
| I11 | | Distribución do alumnado por centro de prácticas | Bimba y Lola, CETMAR (Centro Tecnológico del Mar), CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia), Codisoil (2), Cuatrotercios, Fundación Escola Rosalía, Galaria - SERGAS - Xunta de Galicia, ICSEM (Instituto para el Crecimiento Sostenible de la Empresa) (2), IECAH (Instituto de Estudios sobre Conflictos y Acción Humanitaria), OEGA (Observatorio Eólico de Galicia), Revertia, SADARN (Sociedad Argentina para el Derecho y la Administración del Ambiente y de los Recursos Naturales), Sealab Solutions, Slow Food Compostela, The Circular Project, XERA (Agencia Gallega de la Industria Forestal) - Xunta de Galicia (2), Zubi Labs | Agroamb Prodalt, Alvtek Ingeniería Técnica, ATRA, CETMAR, Codisoil, Economics for Energy (2), EOSA, ESGAM, Grupo Profand, Grupo PSA – Centro de Vigo, ICSEM, Inxenia, Naturgy, PNMT das Illas Atlánticas de Galicia, PMA Nutrigras, S.A., Revertia, Universidad de Vigo, Valora Consultores de Gestión (2) | APROEMA, Autoridad Portuaria de Vigo, Codisoil (2), COINTEGA, Concello de Ponteareas, ESGAM, Grupo TOYSAL, ICA Santiago, IEO, Lagares OCA, Mascato, Nutrigras, PNMT Illas Atlánticas de Galicia, PSA - Centro de Vigo, Revertia (2), Universidad de Vigo, Valora Consultores de Gestión (2) | |
| I14 | | Resultados de inserción laboral | https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21 | https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21 | https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21 | |
| I15 | | Media e alumnos por grupo de docencia | 20 | 20 | 20 | |

# I.3. Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais 2019-2020

| | Porcentaxe de participación | Satisfacción xeral | Ítems/epígrafes peor valorados | Ítems/epígrafes mellor valorados |
|---|---|---|---|---|
| **Alumnado** | 25% | 3,30 | Sistema de garantía de calidade | Recursos materiais e servizos |
| | | | Resultados de aprendizaxe | Organización e desenvolvemento |
| | | | Información e transparencia | Recursos humanos |
| **Profesorado** | Non hai enquisas | | | |
| **Persoas tituladas** | 64,64% | 3,95 | Prácticas externas | Recursos humanos |
| | | | Organización e desenvolvemento | Información e transparencia |
| | | | Sistema de garantía de calidade | Resultados da aprendizase |
| **Empregadores** | Non hai enquisas | | | |

| | Organización e Desenvolvemento | Información e transparencia | Sistema de garantía de calidade | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Resultados de aprendizaxe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Alumnado** | 3,29 | 3,11 | 2,60 | 3,25 | 3,94 | 3,10 |
| **Persoas tituladas** | 3,92 | 4,20 | 4 | 4,20 | 4,12 | 4,15 |

| | Planificación e desenvolvemento | Obxectivos e competencias | Xestión da Calidade | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Resultados | Orientación ao Estudante |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Profesorado** | Non hai enquisas | | | | | | |
| **PAS** | Non hai enquisas | | | | | | |

# I.4. Indicadores por materia

## Taxas de Rendemento por Materia

| Código | Materia | Xénero | Nº créditos matriculados | Nº Créditos Presentados | Nº Créditos Superados | Taxa avaliación | Taxa éxito | Taxa rendemento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M169101 | Ciencias Ambientais | Home | 15,00 | 15,0 | 15,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 45,00 | 45,0 | 45,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **60,00** | **60,0** | **60,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169102 | Tecnoloxías Ambientais | Home | 15,00 | 15,0 | 15,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 45,00 | 45,0 | 45,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **60,00** | **60,0** | **60,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169103 | Lexislación Ambiental | Home | 15,00 | 15,0 | 15,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 45,00 | 45,0 | 45,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **60,00** | **60,0** | **60,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169104 | Ecomomía Ambiental | Home | 15,00 | 15,0 | 15,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 45,00 | 45,0 | 45,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **60,00** | **60,0** | **60,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169105 | Estratexia Empresarial e Ambiente | Home | 25,00 | 25,0 | 25,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 80,00 | 80,0 | 80,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **105,00** | **105,0** | **105,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169106 | Instrumentos de Xestión Ambiental na Empresa | Home | 25,00 | 25,0 | 25,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 75,00 | 75,0 | 75,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **100,00** | **100,0** | **100,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169107 | Sistemas de Xestión Ambiental e Auditorías | Home | 20,00 | 20,0 | 20,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 60,00 | 60,0 | 60,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **80,00** | **80,0** | **80,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169108 | Responsabilidad e Social Corporativa | Home | 20,00 | 20,0 | 20,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 60,00 | 60,0 | 60,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **80,00** | **80,0** | **80,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169201 | Avaliación de Impacto Ambiental | Home | 15,00 | 15,0 | 15,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 45,00 | 45,0 | 45,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **60,00** | **60,0** | **60,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169202 | Avaliación Ambiental Estratéxica | Home | 15,00 | 15,0 | 15,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 45,00 | 45,0 | 45,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **60,00** | **60,0** | **60,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169203 | Enerxías Renovables | Home | 15,00 | 15,0 | 15,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 48,00 | 48,0 | 48,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | **Total** | **63,00** | **63,0** | **63,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169204 | Empresa e Cambio Climático | Home | 15,00 | 15,0 | 15,0 | 100,00% | 100,00% | 100,00% |
| | | Muller | 51,00 | 48,0 | 48,0 | 94,12% | 100,00% | 94,12% |
| | | **Total** | **66,00** | **63,0** | **63,0** | **95,45%** | **100,00%** | **95,45%** |
| M169205 | Prácticas en Empresas | Home | 60,00 | 48,0 | 48,0 | 80,00% | 100,00% | 80,00% |
| | | Muller | 180,00 | 132,0 | 132,0 | 73,33% | 100,00% | 73,33% |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | **Total** | **240,00** | **180,0** | **180,0** | **100,00%** | **100,00%** | **100,00%** |
| M169206 | Traballo Fin de Máster | Home | 30,00 | 24,0 | 24,0 | 80,00% | 100,00% | 80,00% |
| | | Muller | 102,00 | 72,0 | 72,0 | 70,59% | 100,00% | 70,59% |
| | | **Total** | **132,00** | **126,0** | **120,0** | **95,45%** | **95,23%** | **90,90%** |

# Informes de Cualificación por Materia

| Código | Materia | Xénero | Aprobado | Notable | Sobresaínte | Matrícula de Honra |
|---|---|---|---|---|---|---|
| M169101 | Ciencias Ambientais | Home | 1 | 2 | 2 | |
| | | Muller | 2 | 6 | 6 | 1 |
| | | **Total** | **3** | **8** | **8** | **1** |
| M169102 | Tecnoloxías Ambientais | Home | 1 | 2 | 2 | |
| | | Muller | 2 | 6 | 6 | 1 |
| | | **Total** | **3** | **8** | **8** | **1** |
| M169103 | Lexislación Ambiental | Home | | 3 | 1 | 1 |
| | | Muller | | 6 | 9 | |
| | | **Total** | | **9** | **10** | **1** |
| M169104 | Ecomomía Ambiental | Home | | 4 | 1 | |
| | | Muller | 1 | 9 | 4 | 1 |
| | | **Total** | **1** | **13** | **5** | **1** |
| M169105 | Estratexia Empresarial e Ambiente | Home | | 1 | 4 | |
| | | Muller | | 9 | 7 | |
| | | **Total** | | **10** | **11** | |
| M169106 | Instrumentos de Xestión Ambiental na Empresa | Home | | 2 | 3 | |
| | | Muller | | 11 | 3 | 1 |
| | | **Total** | | **13** | **6** | **1** |
| M169107 | Sistemas de Xestión Ambiental e Auditorías | Home | 1 | 3 | 1 | |
| | | Muller | 2 | 12 | 1 | |
| | | **Total** | **3** | **15** | **2** | |
| M169108 | Responsabilidade Social Corporativa | Home | | 5 | | |
| | | Muller | | 9 | 6 | |
| | | **Total** | | **14** | **6** | |
| M169201 | Avaliación de Impacto Ambiental | Home | 1 | 3 | 1 | |
| | | Muller | 2 | 8 | 5 | |
| | | **Total** | **3** | **11** | **6** | |
| M169202 | Avaliación Ambiental Estratéxica | Home | 1 | 4 | | |
| | | Muller | 4 | 9 | 1 | 1 |
| | | **Total** | **5** | **13** | **1** | **1** |
| M169203 | Enerxías Renovables | Home | | | 4 | 1 |
| | | Muller | 1 | 6 | 9 | |
| | | **Total** | **1** | **6** | **13** | **1** |
| M169204 | Empresa e Cambio Climático | Home | 2 | 3 | | |
| | | Muller | 10 | 5 | 2 | |
| | | **Total** | **12** | **8** | **2** | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| M169205 | Prácticas en Empresas | Home | | | 5 | |
| | | Muller | | 3 | 12 | |
| | | **Total** | | **3** | **17** | |
| M169206 | Traballo Fin de Máster | Home | 1 | 2 | 1 | |
| | | Muller | 1 | 9 | 5 | 1 |
| | | **Total** | **2** | **11** | **6** | **1** |

# I.5. Estado dos rexistros do SIGC

| Rexistro | Procedemento | Verificado por calidade | Data para facer público | Data límite de entrega | Orde | Observacións | Documentos Adxuntos | Estado do rexistro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación | DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais | | | 23/01/2020 | 1 | Non procede | 0 | Completado |
| R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación | DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais | | | 28/11/2019 | 2 | Non procede | 0 | Completado |
| R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación | DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións | | | 30/01/2020 | 1 | O seguimiento da titulación formalízase a través do Informe de Revisión pola Dirección. Este informe atópase rexistrado nesta mesma aplicación no rexistro correspondente. | 0 | Completado |
| R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación | DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións | | | 30/09/2020 | 2 | Non procede | 0 | Completado |
| R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna | DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións | | | 30/09/2020 | 3 | Informe Final de Revisión interna | 1 | Completado |
| R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación | | | 29/11/2019 | 1 | Non procede | 0 | Completado |
| R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación | | | 29/11/2019 | 2 | Non procede | 0 | Completado |
| R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación | DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza | | | 25/09/2020 | 3 | Informe coordinación e presentación do Máster | 1 | Completado |
| R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares | DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas | | | 01/07/2020 | 1 | Criterios prácticas curriculares MXDS | 1 | Completado |
| R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais) | PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI | | | 31/01/2020 | 1 | Informe avaliación docente | 1 | Completado |

# Táboas Anexas

## Táboa anexa 1. Perfil de ingreso do alumnado (curso 2019-2020)

| Modalidade Ingreso | Xénero | Nº de ingresos | Nota media acceso | Nota media acceso <Sen Xénero><TS> |
|---|---|---|---|---|
| Título de Licenciado ou Licenciada | Muller | 1 | 7,128 | 7,128 |
| Título de Enxeñeiro ou Enxeñeira | Muller | 1 | 6,679 | 6,679 |
| Título de Enxeñeiro Técnico | Muller | 1 | 6,536 | 6,536 |
| Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros | Home | 3 | | |
| | Muller | 8 | | |
| Títulos de grao | Muller | 1 | 6,490 | 6,490 |
| | Home | 1 | 7,270 | 7,270 |
| | Muller | 1 | 6,140 | 6,140 |
| | Muller | 1 | 6,805 | 6,805 |
| | Muller | 1 | 7,980 | 7,980 |
| | Home | 1 | 7,260 | 7,260 |

# Táboa anexa 2. I02-PE Cualificación do profesorado (curso 2019-2020)

| Categoría Laboral | N | N | N | S | S | S | **Total** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Home | Muller | **Total** | Home | Muller | **Total** | |
| | Nº Profesorado | Nº Profesorado | **Nº Profesorado** | Nº Profesorado | Nº Profesorado | **Nº Profesorado** | **Nº Profesorado** |
| Non Aplicable | 28 | 7 | **35** | 1 | | **1** | **36** |
| | 1 | | **1** | | | | **1** |
| Catedrático/a de universidade | | | | 4 | | **4** | **4** |
| Profesor/a asociado/a T3 | 1 | | **1** | | | | **1** |
| Profesor/a titular de universidade | | | | 3 | 3 | **6** | **6** |
| Profesor/a contratado/a doutor/a | | | | | 3 | **3** | **3** |

**A táboa só contén datos do profesorado do MXDS da Universidade de Vigo**

# Táboa anexa 3. I03(2)-PE Profesorado por categoría (curso 2019-2020)

| Categoría Laboral | Nº Quinquenios | Nº Quinquenios | Nº Quinquenios |
|---|---|---|---|
| | Home | Muller | **Total** |
| Catedrático/a de universidade | 21 | | **21** |
| Profesor/a titular de universidade | 13 | 17 | **30** |
| Profesor/a contratado/a doutor/a | | 12 | **12** |

**A táboa só contén datos do profesorado do MXDS da Universidade de Vigo**

# Táboa anexa 4. I03-PE Profesorado por categoría (curso 2019-2020)

| Categoría Laboral | Nº Sexenios | Nº Sexenios | Nº Sexenios |
|---|---|---|---|
| | Home | Muller | **Total** |
| Catedrático/a de universidade | 16 | 0 | **16** |
| Profesor/a titular de universidade | 5 | 5 | **10** |

**A táboa só contén datos do profesorado do MXDS da Universidade de Vigo**

# II.-SEGUIMENTODATITULACIÓN: MASTER XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (MXDS)

## Criterio 1.Organización e desenvolvemento

**Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.**

O estándar cúmprese adecuadamente tanto no que se refire á actualización do programa formativo como á implantación de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Para valorar se **o programa formativo está actualizado**, analizouse a relevancia e actualización do perfil de egreso real dos estudantes do Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible. Para iso, a Comisión Académica do Máster recabou e analizou información dos distintos grupos de interese do máster: alumnado, egresados, profesorado e empresas colaboradoras. Máis concretamente, analizou indicadores obtidos a través de distintas fontes de información: enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, enquisa de satisfacción das persoas tituladas coa titulación, enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, informe de prácticas do estudante, informe do titor das empresas/institucións de prácticas e enquisa propia de valoración do profesorado do máster por parte dos alumnos. Algúns destes indicadores preséntanse nos seguintes apartados deste informe.

Por outra parte, no "Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación" (18/9/2019) indícase como punto forte que "tras 10 de impartición, o máster mantén o seu interese académico e profesional. En 2018 recibiu un premio como iniciativa docente relacionada coa sostibilidade (Premio Medioambiente APROEMA).

O **programa tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada**. A oferta de materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e nas sucesivas modificacións, como pode observarse nas guías docentes. O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, tamén se corresponde co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias.

Neste senso, no "Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación" (18/9/2019) indícase que este aspecto se alcanza. Non obstante, recomenda que dado o elevado número de profesores que participa en cada materia, é fundamental contar con mecanismos de coordinación que eviten solapamentos e incoherencias. De feito, no propio autoinforme de acreditación do MXDS se pon de manifesto a necesidade de mellorar este aspecto e propón un **plan de mellora** da coordinación entre materias.

### 1.1.Demanda e oferta

No curso 2019-2020 ofertáronse 25 prazas segundo o establecido na memoria do título e

matriculáronse 20 alumnos, o que supón unha taxa de ocupación do 80% do total. Dos 20 alumnos que cursaron ó MXDS, o 80% foron mulleres e o 20% homes.

Nas 11 edicións do título dende a súa implantación no curso 2008-2009, o 61,82% do estudantado foron mulleres e o 38,17% homes. A evolución da demanda do MXDS resúmese na seguinte táboa.

| Curso | Homes | Mulleres | Total |
|---|---|---|---|
| 2008-2009 | 9 | 5 | 14 |
| 2009-2010 | 8 | 11 | 19 |
| 2010-2011 | 5 | 23 | 28 |
| 2011-2012 | 11 | 13 | 24 |
| 2012-2013 | 6 | 20 | 26 |
| 2013-2014 | 12 | 11 | 23 |
| 2014-2015 | 8 | 20 | 28 |
| 2015-2016 | 12 | 7 | 19 |
| 2017-2018 | 9 | 11 | 20 |
| 2018-2019 | 8 | 12 | 20 |
| 2019-2020 | 4 | 16 | 20 |
| Total | 92 | 149 | 241 |

O MXDS é un **máster multidisciplinar** en canto a contidos pero tamén en relación ó perfil do alumnado. Dado que o seu obxectivo é formar profesionais polivalentes, calquera titulado universitario pode cursalo. Non obstante, teñen preferencia os que proveñen de titulacións dos ámbitos científico, tecnolóxico e xurídico-social afíns ó desenvolvemento sostible.

No curso 2019-2020 o perfil do alumnado é o que se recolle na Táboa anexa I. Dos 20 alumnos, o 65% deles tiñan estudado previamente unha titulación do ámbito xurídico social (Dereito (3), Economía (2), Administración e Dirección de Empresas, Publicidade e Relacións Públicas, Economía e Administración Agracias, Turismo, Periodismo, Educación e Comunicación Social), o 25% do ámbito tecnolóxico (Enxeñería Química (2), Deseño Industrial (2) e Enxeñería Técnica en Deseño Industrial), o 5% do ámbito científico (Ciencias Ambientais) e o 5% do ámbito de artes e humanidades (Linguas Modernas).

O 95% do alumnado tiña cursado a súa titulación do orixe fóra da Universidade de Vigo, o cal é un excelente indicador da capacidade externa de captación de título. O 40% do alumnado formouse noutras universidades españolas (Universidade de La Laguna (2), Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidad de Extremadura, Universidad Complutense de Madrid, Universidad de Málaga e Universitat Rovira e Virgili) e o 55% tiña estudado no estranxeiro: Arxentina (5), Brasil (2), Venezuela (2), Ecuador e Colombia.

A nota media de acceso para o alumnado que cursara a súa titulación de orixe nalgunha universidade española foi de 8,29 nunha escala de 10 puntos. Non se inclúe no cálculo o alumnado que cursou a súa titulación de orixe nunha universidade estranxeira.

## 1.2.Grao de satisfacción

En relación ós resultados de satisfacción dos distintos grupos de interese respecto da planificación e o desenvolvemento do programa formativo, analízanse os valores obtidos nas enquisas ó alumnado, ós egresados e ó profesorado.

As **enquisas ó alumnado** tiveron unha porcentaxe de participación do 25% (5 alumnos dos 20 matriculados), lixeiramente inferior á porcentaxe media de participación do centro de adscrición foi dun 30%. Este dato é considerablemente inferior á porcentaxe dos cursos anteriores, probablemente pola situación provocada pola pandemia e o confinamento. Traballarase para melloralo en próximas edicións do máster para volver ás porcentaxes habituais no título, que superaban ó 50%.

A satisfacción do alumnado coa organización e desenvolvemento foi de 3,29 nunha escala Likert 1-5. Os aspectos mellor valorados foron o calendario das probas de avaliación (3,80), a distribución é orde das materias no plan de estudios (3,75), os horarios da titulación e a orientación académica recibida no plan de acción titorial (3,20).

O aspecto peor valorado foi a utilidade das prácticas da titulación (2,75), probablemente motivado pola situación provocada pola pandemia e a imposibilidade de realizar as prácticas en réxime presencial. O segundo aspecto peor valorado foi a coordinación entre as materias do plan de estudos (3,00). Existe un coordinador de materia cuxa función é coordinar a todos os profesores implicados na materia e realizar a avaliación da materia. Para iso lévanse a cabo reunións antes da elaboración da guía docente para organizar a materia, asegurando a súa coherencia, evitando solapamentos e garantindo a adquisición das competencias específicas e transversais definidas nas guías. Os coordinadores de materia teñen un perfil académico pola súa maior experiencia e coñecementos sobre o funcionamento do sistema de ensinanza-aprendizaxe nunha institución universitaria. Ademais, realízase anualmente un "Informe das accións de coordinación horizontal e vertical" emprendidas.

A pesares desde procedemento, na enquisa da satisfacción do alumnado do curso 2018-2019 coas titulacións, a coordinación das materias foi o aspecto peor valorado (3,08), aínda que mellorou algo respecto ó curso 2017-2018 (2,73). No "Autoinforme de Avaliación para a Renovación da Acreditación"(redactado en febreiro de 2019) identificouse esta cuestión como un punto débil e formulouse un plan de mellora de coordinación entre materias que comezou a implantarse no curso 2018-2019, aínda que non estará rematado ata xullo de 2020. Esta leve melloría na valoración do curso 2018-2019 parece responder a este plan de mellora. A pandemia e o confinamento imposibilitou que este plan de mellora rematase en xuño de 2020, tal como estaba previsto. Ademais, é moi posible que a necesidade de reorganizar e retrasar as prácticas polo confinamento tamén afectase á valoración deste ítem no curso 2019-2020.

As **enquisas ós egresados** tiveron una porcentaxe de resposta do 64% (14 alumnos de 22 graduados), o que se considera moi satisfactorio xa que supera ampliamente a media do centro de adscrición (43%) dos másteres (40%) e da Universidade de Vigo (39%). O grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento (3,92) é bastante superior á do alumnado (3,29). Os aspectos mellor valorados foron o grado de actualización dos contidos do plan de

estudios (4,10), a distribución das materias do plan de estudios (4,10), e as metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino (3,90). Os aspectos peor valorados, aínda que todos eles superan o aprobado folgadamente, son a orientación profesional e laboral (3,40) e a orientación académica recibida (3,90).

No curso 2018-2019 identificárase un **punto débil** a mellorar que era a baixa orientación profesional, laboral e de posibles estudos a realizar unha vez rematado o MXDS e propúxose un plan de mellora que consistía na realización dunhas "Xornadas de orientación profesional e laboral", a realizar despois de Semana Santa. Pola pandemia estas xornadas non puideron realizarse tal como estaban previstas pero fíxose unha sesión de titoría en formato virtual adicada a esta cuestión. Continuarase traballando nesta **acción de mellora** para o curso 2020-2021. que non puido ser realizada segundo o previsto.

No curso 2019-2020 non se realizaron enquisas ó profesorado. Os últimos datos dispoñibles son do curso 2018-2019, no que todos os aspectos analizados foran avaliados de xeito moi positivo, con notas superiores ó 4,5. Os aspectos mellor valorados foran a organización temporal do plan de estudos (4,88), a proporción entre as clases teóricas e prácticas na titulación (4,88), a calidade da docencia na titulación (4,88) e o desenvolvemento das ensinanzas da titulación (4,85).

## 1.3. Mobilidade do estudantado

Dado que o MXDS é un máster cunha duración dun curso académico, non se considera a mobilidade de saída do alumnado durante o período de docencia presencial. Si é posible realizar as prácticas na empresa ou o Traballo Fin de Máster noutras comunidades autónomas ou no estranxeiro, pero o Traballo Fin de Máster debe ser defendido na Universidade de Vigo cun titor académico pertencente á esta universidade.

Cabe resaltar que gran parte do alumnado do MXDS ten cursado os seus estudos de orixe fóra da Universidade de Vigo. Así, no curso 2019-2020, so unha alumna tiña sido alumna da Universidade de Vigo. É dicir, 19 dos 20 alumnos (95%) tiñan cursado a súa titulación do orixe noutras universidades: 8 noutras universidades españolas (Universidade de La Laguna (2), Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidad de Extremadura, Universidad Complutense de Madrid, Universidad de Málaga e Universitat Rovira e Virgili) e 11 dos alumnos no estranxeiro: Arxentina (5), Brasil (2), Venezuela (2), Ecuador e Colombia.

Dos 11 alumnos estranxeiros, 9 foron beneficiarios das Bolsas Excelencia Xuventude Exterior (BEME) convocadas pola Xunta de Galicia para cursar determinados estudos de máster durante o curso 2019-2020 nunha universidade galega e dirixidos a galegos que estiveran residindo no estranxeiro ou descendentes de galegos. Das 150 bolsas ofertadas, 9 foron para alumnos do MXDS, que elixiron cursar este mestrado entre os aproximadamente 70 mestrados para os que se ofertaban. Que un 6% do total dos 150 alumnos beneficiarios desde programa de bolsas decidiran escoller o MXDS entre todas os títulos ofertados é un indicador da interese académica e profesional do título.

Ó longo das súas once edicións, o MXDS ten sido quen de atraer estudantes de diversas localizacións xeográficas e titulacións, aspecto que é valorado moi positivamente por estudantes, profesores e egresados. Proba disto son os comentarios dos alumnos e ex-alumnos publicados no Blogue do MXDS (http://mgdsostenible.blogspot.com/) e na páxina web do MXDS (https://masterdesarrollosostenible.es/antiguos-alumnos/) onde de forma sistemática destacan positivamente a multidisciplinariedade e as diferentes orixes xeográficas dos alumnos.

Este importante número de alumnos procedentes doutros países favorece a multiculturalidade no centro e o enriquecemento do alumnado e do profesorado, na medida en que se poden compartir experiencias moi diversas. Sen dúbida, a experiencia de recibir alumnos que teñen cursado os seus estudos de grado noutras universidades é moi positiva para o centro.

### 1.4. Prácticas curriculares

O plan de estudos do MXDS contempla a realización de prácticas curriculares obrigatorias, cunha duración de 12 ECTS, o que equivale a 300 horas de traballo. No curso 2018-2019 os alumnos realizaron as súas prácticas nas seguintes empresas ou organizacións:

| Empresa / Organización | Nº prácticas |
|---|---|
| Bimba y Lola | 1 |
| CETMAR (Centro Tecnológico del Mar) | 1 |
| Codisoil (Marín) | 2 |
| Cuatrotercios | 1 |
| Fundación Escola Rosalía | 1 |
| Galaria (Empresa pública de servicios sanitarios) - SERGAS - Xunta de Galicia | 1 |
| ICSEM (Instituto para el Crecimiento Sostenible de la Empresa) | 2 |
| IECAH (Instituto de Estudios sobre Conflictos y Acción Humanitaria) | 1 |
| OEGA (Observatorio Eólico de Galicia) | 1 |
| CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) | 1 |
| Revertia | 1 |
| SADARN (Sociedad Argentina para el Derecho y la Administración del Ambiente y de los Recursos Naturales) | 1 |
| Sealab Solutions | 1 |
| Slow Food Compostela | 1 |
| The Circular Project | 1 |
| XERA (Agencia Gallega de la Industria Forestal) - Xunta de Galicia | 2 |
| Zubi Labs | 1 |

Ninguna das prácticas foi remunerada e 3 delas (15%) tiveron a posibilidade de manter a súa vinculación coas empresas mediante contratos laborais ou Bolsas FEUGA.

Como se comentou anteriormente, os alumnos do curso 2019-2020 valoraron a utilidade das prácticas dun xeito pouco satisfactorio (2,75 sobre 5), en liña cos resultados obtidos polos outros dous mestrados ofertados no centro de adscrición (2,43 e 3,00 puntos, respectivamente. Os alumnos egresados valoran as prácticas curriculares cunha puntuación de 3,33 sobre un máximo de 5 puntos. Aínda que é o aspecto peor valorado polos egresados, o seu valor é similar á media dos másteres do centro de adscrición. Por este motivo, non se identifica como punto débil neste

informe e non se plantexa de momento unha acción de mellora.

No "Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación" (18/9/2019) indícase que se aprecian limitacións na xestión de prácticas en empresas, resolvéndose as necesidades sobre a marcha sen unha planificación previa e recoméndase anticipar a asignación de ditas prácticas de forma que se reduza a incertidume que teñen os estudantes. Neste senso, dada a natureza das prácticas en empresas que realizan os alumnos, é imposible anticipar máis a asignación das prácticas aos alumnos. Existe un elevado número de convenios para a realización de prácticas na Universidade de Vigo e, máis concretamente, co Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible pero anualmente débese confirmar con cada empresa a súa dispoñibilidade para acoller alumnos en prácticas e nunhas datas próximas á súa realización. A nosa experiencia ao longo de 11 edicións do título confirma que ningunha empresa se compromete a acoller alumnos en prácticas con 6-8 meses de antelación e, se o fai, é moi elevada a probabilidade de que finalmente a cancele ou o contido das prácticas non sexa o desexado. Ademais, esta situación agravouse no contexto de incertidume no que estamos pola pandemia polos cambios na normativa que se producen en función da evolución dos datos sanitarios.

A principios de cada curso a responsable de prácticas entrevístase con cada estudante para analizar o seu perfil e para que manifeste o seu interese polo sector no que desexa realizar as súas prácticas. En base a esta información, contacta coas posibles empresas de prácticas para ver a súa dispoñibilidade para acoller ao estudante e/ou contacta con novas empresas para establecer novos convenios de prácticas. Todos os cursos asínanse novos convenios da Universidade de Vigo con empresas e institucións promovidas polo propio máster.

Aproximadamente 4-6 semanas antes do comezo das prácticas, que é con carácter xeral despois de Semana Santa, a responsable volve contactar coas empresas para confirmar a súa dispoñibilidade en base ao seu plan de traballo e realiza a asignación definitiva.

Os **titores das empresas** onde realizan prácticas os alumnos do MXDS deben cubrir unha **enquisa de valoración** (impreso D5), na que valoran diferentes dimensións. Entre elas, hai dúas dimensións directamente relacionadas co perfil de egreso real dos estudantes da titulación: capacidade técnica e a formación universitaria adecúase ao posto. As puntuacións medias outorgadas polos titores en 2019-2020 son de 4,45 e de 4,40, respectivamente, sobre un máximo de 5 puntos (escala Likert 1-5), o que se considera moi satisfactorio. En 2018-2019 a puntuación fora moi similar: 4,45 e 4,40, respectivamente.

Tras finalizar as súas prácticas en empresas, os **alumnos** do MXDS deben cubrir unha **enquisa de valoración** (impreso D6), na que valoran diferentes dimensións. Entre elas, hai dúas dimensións directamente relacionadas co perfil de egreso real dos estudantes da titulación: a capacidade técnica e a adecuación das tarefas ao teu perfil profesional e formación. No curso 2019-2020, as valoracións medias destas dimensións nunha escala Likert 1-5 foron de 3,50 e 3,85, respectivamente, lixeiramente superiores ás do curso 2018-2019 (4,50 e 4,25). Estas valoracións, aínda que satisfactorias, son considerablemente inferiores ás dos cursos anteriores, por mor das condicións nas que se realizaron as prácticas, na súa inmensa maioría de xeito telemático e en pleno confinamento.

## 1.5. Plan de Acción Titorial

Durante o curso 2019-2020 non se recibiu ningunha queixa no Centro. Ademais do caixa xenérica de QSP do centro, o alumnado do MXDS ten un canal directo de comunicación coa coordinación para manifestar as súas queixas, suxerencias e preguntas. Na xornada de acollida e orientación que se realiza anualmente o primeiro día do curso académico, infórmase ós alumnos da existencia do SGC e dos procedementos de suxerencias e reclamacións. Neste sentido, cada ano fórmase un grupo de Whatsapp cos alumnos para facilitar a comunicación de calquera queixa ou problema que poida xurdir. Ademais, cada semana a coordinadora mantén unha reunión cos alumnos para que poidan comentar calquera cuestión relacionada co desenvolvemento do Máster.

| • **Puntos débiles detectados:** | • **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|

***Evidencias nas que se basea a valoración:***

*E1: Memoria vixente do título*

*E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora*

*E3: Perfil de ingreso do alumnado*

*E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)*

*E5: Actas das reunións da Comisión Académica / Comisión de Titulación / Comisión de Garantía de Calidade*

*QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza*

***Indicadores nos que se basea a valoración:***

*I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por preinscrición*

*I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia*

*I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros*

*I4/I05-DO/I06-DO/I07-DO/I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.*

*I01-AC: Nota media de acceso*

*I01(2)-AC: Nota mínima de acceso*

*I02-AC: Ocupación*

*I03-AC: Preferencia*

*I03(2)-AC: Adecuación*

# Criterio 2. Información e transparencia

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**

A información relevante sobre o Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes: estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados acadados. A información sobre el título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións. Ademais, garántese un acceso fácil á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Para iso, ademais da páxina web do MXDS, o título conta cun Blogue (http://mgdsostenible.blogspot.com/) e ten unha presenza moi activa en redes sociais: Linkedin (MGDS Máster en Gestión del Desarrollo Sostenible), Twitter (@MGDSostenible), Facebook (MGDS Máster en Gestión del Desarrollo Sostenible) e Instagram (@mgdsostenible).

Nas **enquisas de satisfacción dos alumnos** do curso 2019-2020, o bloque relativo á información e transparencia é o segundo peor valorado (3,11), despois do sistema de garantía de calidade (2,60). Isto supón un lixeiro empeoramento respecto ó curso anterior, no que os alumnos valoraban a información e transparencia con 3,22.

Os aspectos que mellor valoran os alumnos son a facilidade para atopar contidos na páxina web (3,60) e a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (3,40). A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais) é o aspecto peor valorado deste bloque (2,25). Nos cursos 2018-2019 e 2017-2018 a puntuación obtida era bastante superior (3,27 e 3,23 puntos, respectivamente). Non se encontra explicación a esta baixada na valoración deste bloque xa que a información dispoñible é incluso maior que nos cursos anteriores. É mais, aínda que non se considerou un punto débil en senso estrito posto que non é un aspecto directamente relacionado co Título, no "Informe de Autoavaliación de Renovación da Acreditación" elaborado en febreiro de 2019 se propuxo unha acción de mellora consistente na creación dun perfil en Instagram. Este perfil foi creado e no momento da elaboración deste informe (febreiro de 2021) conta con 238 seguidores.

No caso das enquisas de satisfacción dos **titulados**, o bloque de información e transparencia (bloque 2) é o mellor valorado (4,20), xunto co de recursos humanos, mellorando significativamente respecto ó curso 2018-2019 na que o valoraron cun 2,78. Esta mellora pode

ser debida á posta en funcionamento dunha nova web do MXDS (https://masterdesarrollosostenible.es/). No "Informe de Revisión pola Dirección" do curso 2018-2019 plantexouse unha acción de mellora para reformar a páxina web do MXDS. O obxectivo era empregar un formato máis atractivo e actualizado, e incluír máis información que poida ser de utilidade a todos os grupos de interese coidando que a información sexa fácil de atopar.

Esta reforma da páxina web do título tamén se aproveitou para cumprir coas recomendacións do "Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación" (18/9/2019). Neste informe indicábase que algunha información debía actualizarse, especialmente os enlaces do apartado de Calidade, pois había algúns que remitían a documentos obsoletos. Ademais, certa información debería ampliarse, en especial a relativa ás liñas, prazos, tribunais e normativa do TFM; tamén a referida ós resultados do título, pois o enlace que figuraba no apartado Calidade remitía á páxina web da Universidade de Vigo, onde é difícil encontralos. En xeral, recomendábase un maior esforzo na actualización da páxina web e/ou do blogue, pois parte do alumnado do máster provén de fóra da Universidade de Vigo e a información pública podía ser cruciál á hora de escoller o máster.

Durante o **proceso de preinscrición e matrícula**, realízase **asesoramento personalizado** aos estudantes. O obxectivo é manter aos alumnos informados en cada unha das fases do proceso e axudarlles se a documentación presentada para a súa admisión ten algunha deficiencia que deba ser emendada. O proceso realízase principalmente vía correo electrónico e telefónica.

Unha vez matriculados e antes do comezo das clases, os alumnos son convocados a unha **sesión de orientación** onde se lles explican os principais aspectos académicos de funcionamento do Máster: calendario de clases e exames, sistemas de avaliación, guías docentes, plataformas de apoio á docencia, responsables de cada materia e datos de contacto, onde dirixirse se teñen algunha dúbida académica ou administrativa, etc. Ademais, existe un espazo na plataforma Faitic-Tema denominado "Espazo Común do Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible" cuxo obxectivo é apoiar e orientar aos alumnos unha vez matriculados e onde está dispoñible gran parte da información que se facilita na sesión inicial de orientación.

Na sesión de orientación que se realiza antes do comezo das clases, os alumnos cobren un "Cuestionario de expectativas sobre o MXDS", no que se lle preguntan os motivos polos que se matricularon no MXDS e as expectativas que teñen fronte ao Máster. A medida que avanza o curso, nas reunións de orientación cos alumnos utilízase esta información para contrastar o grao no que o máster satisfai as súas expectativas.

Durante o curso póñense ao dispor dos alumnos diversos canles para que estes expoñan todas as dúbidas, suxerencias e cuestións que estimen oportunas. Entre eles destaca un grupo de Whatsapp que permite axilizar as comunicacións e facelo nun formato máis próximo que fomenta a comunicación en ambos os sentidos.

**Puntos débiles detectados:**

Accións de mellora a implantar:

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)*

*R1-DO0301P1: Plan operativo de información pública*

*QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.*

# Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.**

É obxectivo do Centro analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

## 3.1. O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

**Aspectos a valorar:**

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilizalos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Sistema de Garantía de Calidade en vigor é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema nunha ferramenta real de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 é continuada ao longo dos seguintes cursos académicos e supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estrutural, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no "Informe de Revisión pola Dirección" que anualmente elabora o centro e as titulacións, "as modificacións levadas a cabo, son valoradas, a nivel xeral, como positivas".

Toda a documentación asociada ao SGC publícase na Web do centro: http://fccee.uvigo.es/ese a xestión de evidencias e rexistros lévase a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/(Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro (graos e mestrados) teñen representación na Comisión de Calidade do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos establecidos.

## 3.2. A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e

**garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza a súa "posición" fronte aos obxectivos de calidade establecidos. A participación nas distintas reunións da Comisión de Calidade tamén permiten intervir nos debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros do SGIC. O grao de satisfacción do alumnado do Máster (enquisa 2019-2020) sobre o SGC é de 2,60 puntos sobre un total de 5, sendo o bloque peor valorado. Ao analizar este mesmo grao de satisfacción das persoas tituladas o valor obtido é máis positivo, situándose no 4 sobre 5.

**3.3. O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no procesode elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no Centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade da Universidade de Vigo a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos "marco".

Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias/rexistros asociados ao SGIC, que son

validadas, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das titulacións son o "Informe de Coordinación" e o "Informe de Revisión pola Dirección", tal e como se comentou anteriormente.

A pesar dos esforzos e melloras realizadas no ámbito do SGC, no "Informe Final para a Renovación da Acreditación do MXDS" (18/9/2019) indícase que "débese sistematizar o funcionamento da Comisión de Calidade de forma que non se limite a dar o visto e prace ás decisións dos coordinadores, senón que actúe como verdadeiro órgano de seguimento e revisión do funcionamento do título. Non hai evidencias de que se analicen sistematicamente os indicadores do título e se establezan accións de mellora específicas da titulación. Aínda que existe un informe de revisión pola dirección e unha listaxe dalgunhas accións de mellora que se recollen no autoinforme de acreditación, non hai evidencias da existencia dun plan de melloras específico do Máster onde se recollan as accións cos seus responsables, prazos, etc. Debe realizarse un seguimento regular do título que leve a identificar debilidades e expor accións de mellora. Ditas accións deben planificarse oportunamente e revisarse a súa implantación como parte do proceso de seguimento.A identificación de puntos débiles e formulación de accións non debe facerse só como resposta aos procesos de avaliación externa, senón que debe facerse de forma periódica por parte da comisión de calidade e independentemente do proceso de seguimento externo".

Tras o período de alegacións presentouse unha acción de mellora no "Informe de Revisión pola Dirección" do curso 2018-2019 consistente en avanzar no desenvolvemento do Sistema de Calidade como ferramenta para a mellora co obxectivo de avanzar cara a certificación da implantación do sistema nos próximos anos. Neste informe volve a plantexarse como **acción de mellora** posto que é necesario seguir avanzando no desenvolvemento do SGC.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| | . |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E5: Actas das reunións celebradas da Comisión Académica e Comisión de Garantía de Calidade*

*E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual de procedementos)*

*E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrada no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)*

*E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

*EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade*
*I5: Resultados dos indicadores asociados a osobxectivos de calidade do centro*

## Criterio4. Recursos humanos

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Os recursos humanos –PAS e PDI- son fundamentais nos procesos soporte do título. Obsérvase unha dispoñibilidade adecuada e unha alta cualificación e adecuación ó programa formativo. A valoración destes aspectos polo alumnado e os egresados é moi satisfactoria.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.

Todos os profesores da Universidade de Vigo que impartiron docencia no curso 2019-2020 menos un son doutores (ver táboa anexa 2). O porcentaxe de docencia impartida por doutores é do 70,60%.

| | 2019-2020 | 2018-2019 | 2017-2018 |
|---|---|---|---|
| Catedrático/a de universidade | 8,08% | 9,33% | 8,47% |
| Profesor/a titular | 12,37% | 11,66% | 10,85% |
| Profesor/contratado doutor/a | 28,28% | 22,80% | 28,04% |
| Asociado T3 | 2,02% | 2,07% | |
| Investigador | 1,52% | 2,07% | 2,12% |
| Ramón y Cajal | | 1,04% | |
| Externo | 47,22% | 50,52% | 50,00% |
| Invitado | 0,51% | 0,52% | 0,53% |

Os catedráticos de universidade teñen 16 sexenios e os profesores titulares 10 sexenios (ver táboa anexa 4). En canto ós quinquenios, os catedráticos de universidade acumulan 21, os profesores titulares 30 e os profesores contratados doutores 12 (ver táboa anexa 3).

Nalgunhas materias existen certas diverxencias entre o profesorado que figura nas guías docentes e o que figura no POD e finalmente imparte as materias. Isto é debido ós prazos de elaboración das guías docentes e ás características do profesorado externo que colabora co MXDS. Algúns dos profesores que figuran nas guías docentes non poden finalmente impartir docencia por problemas de axenda xurdidos como consecuencia do posto directivo de alto nivel que ocupan. Nestes casos, búscase un profesor con características similares para cubrir a súa docencia.

No "Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación" (18/9/2019) indícase que "o profesorado con vinculación estable na Universidade de Vigo caeu significativamente respecto ao contemplado na memoria. A porcentaxe de profesorado doutor do máster no curso 2017-2018 situouse en torno ao 45% (20 doutores e 25 non doutores), constatando a participación

como conferenciantes dun número significativo de profesorado externo. Aínda que o título ten unha clara orientación profesional, a porcentaxe de doutores debe mellorar. Débense tomar medidas para alcanzar a porcentaxe de doutores establecido no artigo 7.3 b) do Real Decreto 420/2015 do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios". Tras o período de alegacións indícase que de fronte ao curso 2020-2021, que será o próximo para o que se elaborará o POD, incrementarase o número horas impartidas por profesores doutores de tal modo que se cumpra a lexislación vixente.

Neste sentido, cabe comentar que aínda que o número de profesores doutores é inferior á metade do total de profesores, o que debe terse en conta é o número de horas impartidas polo profesorado doutor e non doutor. Así, no curso 2018-2019, o número de horas de docencia impartidas por profesorado doutor foi so lixeiramente inferior ó 70% establecido na lexislación. Ademais, un 49,48% da docencia presencial foi impartida por profesorado de Universidade de Vigo, cumpríndose practicamente co establecido na normativa de elaboración de Plan de Organización Docente da Universidade de Vigo. No curso 2019-2020 cumpriuse con ambos os dous criterios xa que o 70,60% da docencia foi impartida por profesorado doutor e o 52,78% da docencia por profesorado da Universidade de Vigo.

A institución ofrece amplas oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente. Neste enlace do Portal de Transparencia da Universidade de Vigo detállanse todas as acciones formativas desenvolvidas tanto para o profesorado como para o PAS: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35

En 2019-2020, a porcentaxes de participación dos profesores do MXDS pertencentes á Universidade de Vigo en programas de formación (Indicador I6) foi do 68,75% e incrementouse significativamente respecto ós datos medios dos cursos anteriores que se situaban en torno ó 35%. Este incremento moi posiblemente foi debido á participación do profesorado nos cursos de formación ofertados pola Universidade de Vigo para adaptarse á docencia virtual e/ou semipresencial.

Por outra parte, cabe destacar que a coordinadora do título e a secretaria da CAM participan nun Grupo de Innovación Docente (GID PRA&EMP, https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-05/gid35.pdf) para analizar a adquisición de competencias nas prácticas en empresas e a súa relación coa inserción laboral.

Para avaliar a actividade docente do profesorado, a Universidade de Vigo realiza as Enquisas de Avaliación Docente (EAD). A validez destas enquisas para a toma de decisións no MXDS é reducida posto que a meirande parte dos profesores do Máster son externos e estas enquisas só se realizan ós profesores da Universidade de Vigo. Por iso, a partir do curso 2014-2015 decidiuse non realizar estas enquisas e levar a cabo unicamente as enquisas propias de valoración do profesorado do MXDS. Os resultados deste cuestionario son analizados anualmente pola Comisión Académica do Máster e tidos en conta para detectar puntos débiles.

A participación media nas enquisas no curso 2018-2019 foi de 15,07 alumnos sobre un total de

20, o que supuxo un 75,34% do total, lixeiramente inferior á participación no curso anterior (80,66%). A cualificación media por profesor (ponderando a nota obtida por cada profesor polo número de horas que imparte de docencia) foi de 3,83 sobre un máximo de 5. Esta cualificación situouse folgadamente por encima do aprobado, que se establece en 3. A cualificación máis alta foi 4,46 e a máis baixa 3,32. O 52,31% dos profesores situáronse por enriba da nota media e ningún suspendeu, e dicir, ningún obtivo unha nota inferior a 3. En xeral, os alumnos valoran moi positivamente á gran maioría dos docentes do MXDS.

Anualmente realízase un ranking de profesorado e analízase con especial coidado a información obtida para os profesores coas cualificacións máis baixas. Ademais, a Comisión Académica contacta con estes profesores para intentar identificar os motivos desas baixas cualificacións. En base a esta información e tendo en conta as súas puntuacións nas edicións anteriores do MXDS, valórase se se trata dun resultado negativo puntual ou continuado. Tras esta análise, a CAM decide sobre a súa continuidade ou non no cadro de profesorado do Máster e, en caso de continuar, acórdase un plan de mellora con docente.

Nas enquisas de satisfacción dos titulados do curso 2019-2020 os recursos humanos son o bloque mellor valorado, xunto co de información e transparencia. Máis concretamente, a cualificación do profesorado é valorada en 4,20, lixeiramente inferior á valoración do curso anterior que foi de 4,5.

En canto ó Persoal de Administración e Servizos, considérase suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes. Conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. O persoal de administración e servizos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais detállase no seguinte enlace: http://fccee.uvigo.es/facultad/pas

A institución ofrece amplas oportunidades ó PAS para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe. Os resultados de participación do PAS en plans de formación da Universidade están dispoñibles no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo no enlace: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35

Do mesmo modo que o profesorado, o persoal de apoio benefíciase das oportunidades de actualización instrumentadas pola Universidade de Vigo en canto a cursos de formación. Aínda que a participación nestes cursos adoita ser moi elevada (no curso 2018-2019 participou case o 71% do PAS) e no curso 2019-2020 só participou un 36,5% do PAS.

A valoración que realizan os alumnos do curso 2019-2020 nas enquisas de satisfacción sobre a atención do persoal de administración e servizos do centro é de 3,25, baixando significativamente respecto á dos cursos anteriores que foi de 3,64 en 2018-2019 e de 4,29 no curso 2017-2018. A valoración que realizan os titulados sobre a cualificación do persoal de administración e servicios é de 4,10, fronte a un valor de 4,50 no curso anterior.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve*

*E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)*

*R2-PE02P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PDI*

*I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas*

*I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.*

*I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución*

*I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos*

*I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)*

*I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)*

*I02-PE: Cualificación do PDI*

*I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)*

*I03(2)-PE: Profesorado por categoría*

# Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.**

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado é positiva. Considéranse que son axeitados ás necesidades do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados... As aulas para desenvolver a docencia son numerosas e todas están equipadas con encerados, ordenador, pantalla e canon e con wifi de acceso libre. Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos, servizo de reprografía, cafetería e comedor, unha ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos. Estes recursos poden consultarse no seguinte enlace: http://fccee.uvigo.es/es/recursos.html

Os recursos utilizados para o desenvolvemento do MXDS foron os previstos na Memoria presentada e verificada. Durante o curso 2019-2020 utilizouse a aula-seminario 6 e a aula de informática A da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias para impartir a docencia presencial. Durante o confinamento as clases impartíronse de xeito virtual desde a plataforma Microsoft Teams. Debe destacarse que a orde de suspensión das clases presenciais non supuxo a interrupción das clases do MXDS pois o paso á docencia virtual foi inmediato.

En canto ás prácticas, estas realizáronse na maioría dos casos de xeito telemático por mor do confinamiento ou, nos casos nos que foi posible, se retrasaron para realizalas de xeito presencial ou semipresencial nas instalacións das empresas ou entidades colaboradoras, cando a situación sanitaria mellorou e a normativa da Universidade de Vigo o permitiu.

Para desenvolver as actividades docentes, a Universidade de Vigo contou no curso 2019-2020 co servizo de teledocencia FAITIC-Tema: https://faitic.uvigo.es/index.php/es/. Todas as materias do Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible dispuxeron dun espazo en FAITIC-Tema no que estiveron dispoñibles todos os materiais didácticos da materia, así coma un cronograma e o curriculum vitae dos profesores. Ademais, existe un "Espazo común do Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible" onde está dispoñible toda a documentación de interese non vinculada especificamente con ningunha materia.

A **valoración dos alumnos** do curso 2019-2020 sobre os recursos materiais e servizos foi moi favorable, acadando unha media de 3,94, aínda que inferior ó 4,42 do curso anterior. Os aspectos

mellor valorados foron os espazos para traballo autónomo, e os laboratorios, obradoiros e espazos experiementais e o seu equipamento (4,50), así como as aulas e o seu equipamento (4,20). O aspecto peor valorado foron as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (3,00).

Segundo as enquisas de **satisfacción dos titulados**, o grado de satisfacción dos estudantes cos recursos materiais e servizos foi de 4,12 sobre un máximo de 5 puntos. O aspecto mellor valorado foi cun 4,29 os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC...), seguido das plataformas de teledocencia e as ferramentas multimedia (4,11) e as aulas e laboratorios (4,00). Cabe destacar que sendo a mesma plataforma de teledocencia (FAITIC-Tema), os que cursaron o MXDS no 208-2019 a valoren moito máis positivamente que os alumnos do curso 2019-2020. Posiblemente foi debido a que as necesidades dos alumnos do curso 2019-2020 foron maiores polo confinamento e que a docencia virtual no MXDS desenvolveuse a través de Microsoft Teams antes da posta en funcionamento do campus remoto da Universidade de Vigo.

No curso 2019-2020 non se levaron a cabo enquisas ó profesorado. No curso 2018-2019, o grado de **satisfacción do profesorado** cos recursos materiais e os servizos fora moi satisfactorio, con puntuacións superiores a 4,50 en todos os aspectos avaliados. O aspecto mellor valorado fora a dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na titulación cunha puntuación de 4,71. Os recursos bibliográficos e documentais son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca: http://www.biblioteca.uvigo.es

En resumo, os recursos materiais (infraestructuras, fondos bibliográficos, etc.) postos á disposición dos estudantes foron adecuados e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Aplícanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medioambiente y coñecemento das mesmas polos axentes implicados.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título*

*E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida - PAT*

*E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares.*

*E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título*

*E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia*

*E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4:Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos*

*I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas*

*I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.*

*I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)*

# Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

**Estándar:Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egresos que corresponden co nivel do MECES da titulación.**

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso que corresponde co nivel do MECES do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados da aprendizaxe obtidos polos alumnos do Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible son os previstos na Memoria da Titulación. O proceso de ensino-aprendizaxe do MXDS responde ás esixencias dun título de carácter profesionalizante de nivel 3 do MECES, nivel no que se sitúan os títulos de máster universitario. Isto pode comprobarse analizando o contido das guías docentes (Evidencia E4) e na listaxe dos Traballos Fin de Máster (Evidencia E24), moitos deles elaborados en colaboración con empresas resolvendo problemas reais e cun contido práctico moi importante. Os resultados de aprendizaxe obtidos polos alumnos do MXDS son os previstos na Memoria vixente. Algúns indicadores deste feito preséntanse a continuación.

As competencias, resultados da aprendizaxe, metodoloxía docente e os métodos de avaliación están reflectidos nas Guías Docentes, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, ben a través da páxina web da Universidade de Vigo: https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=303&ensenyament=V03M169V01&any_academic=2018_19&idioma=cast

Estas guías están consensuadas entre os profesores encargados de impartir cada materia e son revisadas cada curso académico. Nelas atópase información detallada sobre cada materia: métodos docentes, sistemas de avaliación, contidos, referencias bibliográficas, etc. que son de gran utilidade para o alumnado.

## 6.1. Análise das materias da Titulación

A taxa de éxito de todas as materias é do 100% excepto na materia "Traballo Fin de Máster" na que é do 95%. A taxa de avaliación é do 100% en todas as materias da titulación excepto en dúas onde é do 95,45%: Empresa e cambio climático e Traballo Fin de Máster. A taxa de rendemento segue un comportamento similar. No caso do Traballo Fin de Máster é do 90,90% e mellora a tendencia dos cursos anteriores nos que a taxa de rendemento foi do 67,74% no 2018-2019 e do 65% no curso 2017-2018. Na maioría dos casos tratábase de alumnos que comezaron a traballar mentres estaban a cursar o MXDS, deixando pendente o Traballo Fin de Máster por unha cuestión de dispoñibilidade de tempo. Moitos son alumnos que despois de realizar as prácticas en empresas empezaron a traballar nas devanditas empresas o cal, a pesar de afectar negativamente ao seu rendemento académico, é altamente positivo pois supón a súa inserción no mundo laboral.

No "Informe Final da Renovación da Acreditación do MXDS" (18/9/2019) recomendouse facer un seguimento da taxa de rendemento do Traballo Fin de Máster. Por este motivo, estableceuse unha acción de mellora no "Informe de Revisión pola Dirección" do curso 2019-2020 co obxectivo de mellorar a taxa de rendemento desta materia ata o 80% no curso 2019-2020. Dito obxectivo foi claramente alcanzado.

## 6.2. Resultados das enquisas de satisfacción

A **satisfacción dos alumnos** cos resultados de aprendizaxe foi de 3,10 no curso 2019-2020 sufrindo unha importante baixada respecto ó curso anterior, no que foi de 3,96. Valoraron cun 3,20 a formación adquirida e cun 3 o cumprimento das súas expectativas formativas. Este empeoramento dos resultados probablemente é un reflexo da insatisfacción polas prácticas en empresas, que fixo baixar este indicador.

A **satisfacción dos titulados** cos resultados de aprendizaxe é elevada. A formación adquirida e a utilidade da formación recibida para a carreira profesional valoráronse en 4,10 y 4,20 sobre 5, respectivamente, con valores similares ós do ano anterior. De feito, no curso 2019-2020, o MXDS é o sétimo título da Universidade de Vigo mellor valorado neste aspecto polos egresados, cunha puntuación de 4,15 sobre 5.

O **grado de satisfacción do profesorado** coas competencias adquiridas polo alumnado no curso 2018-2019 foi moi elevada (4,88), igual que a adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do estudantado (4,88), mellorando os resultados acadados no curso anterior. No curso 2019-2020 non se realizaron enquisas de satisfacción do profesorado.

## 6.3. Resultados dos informes de prácticas

Os **titores das empresas** onde realizan prácticas os alumnos do MXDS deben cubrir unha **enquisa de valoración** (impreso D5), na que valoran diferentes dimensións. Entre elas, hai dúas dimensións directamente relacionadas co perfil de egreso real dos estudantes da titulación: capacidade técnica e a formación universitaria adecúase ao posto. As puntuacións medias outorgadas polos titores en 2019-2020 son de 4,45 e de 4,40, respectivamente, sobre un máximo de 5 puntos (escala Likert 1-5), o que se considera moi satisfactorio. En 2018-2019 a puntuación fora moi similar: 4,45 e 4,40, respectivamente.

Tras finalizar as súas prácticas en empresas, os **alumnos** do MXDS deben cubrir unha **enquisa de valoración** (impreso D6), na que valoran diferentes dimensións. Entre elas, hai dúas dimensións directamente relacionadas co perfil de egreso real dos estudantes da titulación: a capacidade técnica e a adecuación das tarefas ao teu perfil profesional e formación. No curso 2019-2020, as valoracións medias destas dimensións nunha escala Likert 1-5 foron de 3,50 e 3,85, respectivamente, lixeiramente superiores ás do curso 2018-2019 (4,50 e 4,25). Estas valoracións, aínda que satisfactorias, son considerablemente inferiores ás dos cursos anteriores, por mor das condicións nas que se realizaron as prácticas, na súa inmensa maioría de xeito telemático e en pleno confinamento.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***

*E4: Guías docentes das materias*

*E24: Listaxe de traballos fin de mestrado (título, titor e cualificación)*

*E25/: Informes de cualificación por materia e Informes de rendemento por materia*

***Indicadores nos que se baseou a valoración:***

*I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese -Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción*

*I12: Indicadores de resultados(taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)*

# Criterio 7.Resultados de satisfacción e rendemento

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Unha avaliación histórica dos resultados académicos reflicte unha adecuada adquisición do nivel de competencias e habilidades do alumnado. A nota media da titulación calculada segundo o Real Decreto 1125/2003 foi de 8,29 no curso 2019-2020, lixeiramente superior ó 8,07 do curso 2018-2019.

## 7.1 Evolución da demanda

A demanda mantense en torno a 20 estudantes e nas últimas edicións no se chegan a cubrir as 25 prazas ofertadas. Neste sentido, o "Informe Final para a Renovación da Acreditación" recomenda que se lle preste especial atención, intensificando os esforzos para incrementar a demanda do título ata chegar ás 25 prazas ofertadas.

Na sesión de orientación que se realiza antes do comezo das clases, os alumnos cobren un "Cuestionario de expectativas sobre o MXDS", no que se lle preguntan os motivos polos que se matriculou neste Máster e as expectativas que teñen. Tamén se lles pregunta polas canles a través dos cales coñeceu o MXDS. Isto permite establecer melloras no "Plan de Promoción e Captación de alumnos" dos seguintes cursos. A través deste cuestionario identificouse que moitos alumnos tiveran coñecemento da existencia do MXDS e/ou se decidiron a cursalo por conversacións cos ex-alumnos do MXDS. Dado que non existe unha comunidade de egresados do MXDS, no "Informe de Revisión pola Dirección" propúxose como **acción de mellora** o fomento da súa creación. Sen embargo, por mor da pandemia e o confinamento esta acción de mellora non puido ser levada a cabo, polo que se continuará traballando nela no curso 2020-2021.

## 7.2. Taxas da titulación

Excepto a taxa de rendemento dos cursos 2018-2019 e 2016-2017 e as taxas de graduación dos cursos 2019-2020 e 2018-2019, todos os resultados superan amplamente os valores estimados na Memoria vixente do título en cada curso académico. O valor menos favorable, aínda que aceptable, é a taxa de graduación do curso 2019-2020 que só alcanza un 79,19%. Non obstante, este dato debe ser interpretado con cautela posto que esa taxa se calcula sobre os alumnos da cohorte 2018-2019. Nese curso, 3 dos alumnos matriculados non chegaron a incorporarse

realmente ó MXDS, dado que eran alumnos estranxeiros e non obtiveron as bolsas que tiñan solicitadas. Por tanto, a taxa de graduación real, calculada sobre os alumnos realmente incorporados ó título, estaría por enriba do valor estimado na Memoria vixente do título.

| | Valor estimado na Memoria vixente do Título (a partir do 17-18) | Curso 19-20 | Curso 18-19 | Curso 17-18 | Curso 16-17 |
|---|---|---|---|---|---|
| Taxa de abandono | 15% | 0% (cohorte 17-18) | Sen dato dispoñible (cohorte 16-17) | 0% (cohorte 15-16) | 7,14% (cohorte 14-15) |
| Taxa de éxito | | 100% | 100% | 100% | 100% |
| Taxa de rendemento | 90% | 91,92% | 84,07% | 96,04% | 85,71% |
| Taxa de eficiencia | 95% | 99,07% | 98,59% | 98,59% | 95,23% |
| Taxa de avaliación | | 91,92% | 84,00% | 96,00% | 84,00% |
| Taxa de graduación | 85% | 79,17% (por curso académico) | 80% (por curso académico) | Sen dato dispoñible (cohorte 16-17) | 87,50% (cohorte 15-16) |
| Duración media dos estudos | | 1,04 | 1,15 | 1,09 | 1,50 |

Cabe tamén resaltar que o método de cálculo da taxa de graduación mudou no curso 2018-2019. Ata ese curso, calculábase para cada cohorte de entrada, relacionando cantos alumnos dos que se matriculaban por primeira vez nun determinado curso se graduaban entre ese curso e o curso seguinte. A partir de 2018-2019 calcúlase por curso académico, isto é, qué porcentaxe dos alumnos que se matriculan por primeira vez nun determinado curso se gradúan nese curso académico.

## 7.3. Resultados de satisfacción

Nos apartados anteriores foron comentados distintos aspectos das enquisas de satisfacción. Unha perspectiva global pode darnos unha visión interesante acerca de como valoran aspectos como a Xestión da Calidade, os Recursos humanos, a Organización e desenvolvemento da ensinanza, entre outros, os distintos grupos de interese.

O grao de satisfacción xeral é moito máis elevado nos egresados (alumnos do curso 2018-2019), cunha valoración de 3,95, que o do alumnado do curso 2019-2020, cunha valoración de 3,30, froito moi probablemente dos efectos da pandemia e o confinamento sobre o título. Non se dispón de enquisas do profesorado correspondente ó curso 2019-2020. As últimas dispoñibles son do curso 2018-2019, onde o profesorado valoraba cun 4,75 o MXDS.

O alumnado valora moi positivamente os Recursos materiais e servizos, a organización e desenvolvemento e so recursos humanos. Os egresados valoran tamén moi positivamente os

recursos materiais e servizos e os recursos humanos. Curiosamente, os egresados valoran moito máis positivamente a información e transparencia que o alumnado.

O Sistema de garantía de calidade tamén é valorado de forma moi diferente polos alumnos (2,60) e os egresados (4,00). Posiblemente non se conseguiu trasladar aos membros da nosa comunidade universitaria o concepto de calidade en toda a súa extensión e o traballo que se fai dende o Departamento de calidade da Universidade, o vicedecanato de calidade da Facultade, as Comisións Académicas e a coordinación dos Títulos. Quizais sexa necesario explicar axeitadamente o traballo que se fai en torno á calidade do centro co obxectivo de que os membros da Facultade non identifiquen “Calidade” soamente con “burocracia”.

## 7.4. Inserción laboral

A única enquisa oficial dispoñible sobre inserción laboral para o MXDS é a enquisa de satisfacción das persoas tituladas elaborada no curso 2019-2020, que analiza as persoas tituladas no curso 2017-2018. Segundo esta enquisa, o 14% das persoas enquisadas está a traballar nun ámbito relacionado coa titulación, un 29% non traballa nin traballou nalgún ámbito relacionado coa titulación e o 57% non sabe ou non contesta. Estes datos deben ser tomados con moita cautela posto que a enquisa foi levada a cabo entre febreiro e abril de 2020, en pleno confinamento. Por tanto, a elevadísima porcentaxe de alumnado que no non sabe ou non contesta pode ser debido á situación de incertidume que se estaba a vivir neses momentos iniciais da pandemia.

Desde a coordinación do MXDS lévase a cabo un seguimento dos exalumnos a través de Linkedin e dos grupos de Whatsapp creados en cada edición para manter unha canle de comunicación fluído cos alumnos. A continuación detállase a situación do alumnado das 3 últimas edicións do MXDS en febreiro de 2021. Dos 20 alumnos da XI edición (curso 2019-2020), 10 están a traballar (50%) e 6 realizan un traballo relacionado cos contidos do MXDS (30%) en empresas como Codisoil, Zubi Labs ou Revertia. Dos 20 alumnos da X edición (curso 2018-2019), 13 están a traballar (65%) e 7 realizan un traballo relacionado cos contidos do MXDS (35%) en empresas como Sealab Solutions, Limonium Societat d´Actuació Ambiental, Metalimpex Ibérica, Cooperativa Somos Terra, FCC Medio Ambiente ou Valora Consultores. Dos 20 alumnos da IX edición (curso 2017-2018), están a traballar 18 (90%) e 8 deles (40%) en traballos relacionados co MXDS en empresas como Tragsatec, Serendipia Sustentable, Valora Consultores o ACMA Sostenible. Por tanto, os datos de inserción laboral das 3 últimas edicións do MXDS son moi satisfactorios.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
| --- | --- |

***Evidencias nas que se baseou a valoración:***
*E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC*

***Indicadores:***
*I1:Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico*
*I12: Evolución dos indicadores de resultados*

- *Taxa de graduación*
- *Taxa de abandono*
- *Taxa de eficiencia*
- *Taxa de rendemento*
- *Taxa de éxito*
- *Taxa de avaliación*

*I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso*
*I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego*
*I010-DO:Duración media dos estudos*

# III.-MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIÁIS DO MÁSTER EN XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Incluiranse as modificacións non substanciais que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a Titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no "Procedemento para a solicitude de Modificación nos Títulos verificados de Grao e Máster" da ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teñan que someter a un proceso de Modificación.

Non Procede

# IV.-ACCIÓNS DE MELLORA MÁSTER EN XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

## IV. 1. Estado da situación das melloras propostas nos informes anteriores

As accións que non puideron finalizarse serán avaliadas e recollidas no novo documento de plan de melloras proposto para o curso 2020-2021. Ditas accións e o seu estado de seguimento están incluídas de forma detallada na aplicación de xestión documental do SGC.

| PUNTOS DÉBILES DETECTADOS | ESTADO DA SITUACIÓN | ACCIÓNS DE MELLORA A IMPLANTAR |
|---|---|---|
| **Criterio 1. Organización e desenvolvemento** | | |
| Necesidade de mellorar a coordinación docente entre as materias. | Realizada en parte. | Plan de mellora de coordinación entre materias. |
| Baixa satisfacción coa orientación profesional, laboral e académica para continuar os estudos. | Realizada en parte | Xornadas de orientación profesional e laboral. |
| **Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade** | | |
| Necesidade de sistematizar o funcionamento da Comisión de Calidade e realizar un seguimento do plan de mellora do título. | Realizada en parte | Avanzar no desenvolvemento do Sistema de Calidade como ferramenta para a mellora. |
| **Criterio 6. Resultados de aprendizaxe** | | |
| Necesidade de mellorar a taxa de graduación do MXDS. | Realizada en parte. | Plan de mellora da taxa de graduación, a través da mellora da taxa de rendemento do Traballo Fin de Máster. |

## IV. 2. Novas propostas de accións de mellora

Neste Informe de Revisión non se propoñen **novas accións de mellora** para o curso 2020-2021.

# III. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

Asisten á reunión da Comisión de Calidade na que se aproba o Informe final os seguintes membros da Comisión:

Falagán Mota, Jorge...................................... Decano
Castro Fernández, Ana Esther...................... Vicedecana de Calidade e Coordinación
Pazó Rodríguez, Consuelo ........................... Coordinadora da titulación de Economía
López Míguens, Mª Jesús............................. Coordinadora da Titulación de ADE
Del Río Otero, Coral ................................. Enlace de Igualdade
Castro Rodríguez, Fidel ............................... Representante do Profesorado
Rodríguez De Prado, Francisco .................. Coordinador do Máster en Finanzas
Bergantiños Cid, Gustavo ............................ Representante do Máster Técnicas Estatísticas
Vila Alonso, Mercedes ................................... Representante do Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa (MAiE)

Excusan a súa ausencia:

Fidel Castro Rodríguez e Pilar Piñeiro Gracía.

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do SIGC conclúen o seguinte:

| Conclusións relevantes | |
|---|---|
| 1. | Necesidade de seguir insistindo na participación do alumnado e do profesorado nas diferentes enquisas organizadas pola Área de Calidade. |
| 2. | As circunstancias tan especiais nas que se tivo que desenvolver o curso 2019-2020 fan difícil a análise dos resultados. Calquera mellora ou calquera empeoramento dos mesmos pode ser debidos á influencia da pandemia nos métodos de ensino e de avaliación, a cambios no comportamento do alumnado e do profesorado e a múltiples factores externos. En xeral, os resultados son bos e a maioría das metas definidas acádanse. Dependendo de como evolucione a situación sanitaria e económica nos próximos anos, as valoracións dos resultados dos indicadores, as metas, ou os potenciais plans de mellora, terán que ser revisados ou novamente definidos. Os cambios na sociedade, na economía e na tecnoloxía están sendo de tal magnitude que calquera avaliación actual pode deixar de ser válida nun futuro próximo. |

| Acordos | |
|---|---|
| 1. | Informar ao alumnado e ao profesorado, a través das canles presenciais e virtuais da Facultade, da importancia de participar nas diferentes enquisas organizadas pola Área de Calidade. |
| 2. | Valorar a evolución dos resultados nun futuro próximo tendo en conta os grandes cambios en todos os ámbitos da vida e, en particular, no universitario e, si é preciso, redefinir os obxectivos e os métodos para acadalos, coa perspectiva da mellora continua, pero sin olvidar o proceso de cambio que estamos a vivir. |